

POLEMICA IGREXA-ESTADO

UN DOCUMENTO CON ACERTOS

VICTORINO PÉREZ

A verdade é verdade, díga a quen a diga, aínda que é certo que está situada e depende "do cristal con que se amire", coma di a sabedoría popular. Por iso eu quero romper unha lanza a favor do documento sobre a moralidade pública que ven de publicar hai uns días a Conferencia Episcopal Española. Quizais moitos xerarcas non estén ben situados para falar de moralidade pública, quizais que a Igrexa católica teña tamén moito que rasgar no que a súa moralidade se refire, pecados pasados e presentes; pero iso non lle resta veracidade ás afirmacións públicas que faga, se é que son certas. Tamén compre dicir que a política neste país xa está desprestixiada abondo entre a cidadanía, para que aínda se bote máis lixo sobre dela, e que calquer afirmación que poda insinuar que "no pasado estabamos mellor", cando ese pasado é de opresión de liberdades, de asoballamento dos dereitos individuais e colectivos e igualmente de corrupción non se soupera públicamente dela, compre ser matizada e situada no seu xusto posto.

Indo ao documento, é de xusticia dicir respecto disto último que no número 5 afirma ter en conta "os valores importantes que xurden da conciencia moral contemporánea" como: a sensibilidade pola dignidade dos dereitos das persoas e a afirmación da liberdade individual e colectiva, a aspiración á paz, o pluralismo e a tolerancia, a repulsa das desigualdades e a atención aos dereitos da muller, o ecoloxismo, etc. Pero os bispos ven un deterioro moral na actualidade do país que afecta tanto á base, coma ao goberno, a católicos e a non católicos. E aí foi onde o goberno e boa parte da clase política montou en cólera. "Quen se pica allos come", aínda que non se pode meter a todos no mesmo saco.

Apúntanse en primeiro lugar algúns "síntomas dunha crise e deformación da conducta moral" que levan a unha "amoralidade práctica socialmente recoñecida e aceptada". Aínda que a globalización xeral dalle ás afirmacións un certo tono apocalíptico, a quen escribe non deixan de parecerlle válidos moitos dos síntomas apuntados. Vexamos. Fábase da falla de criterios morais valedeiros en si mesmos pola súa forza humanizadora, arramplados demasiado a miúdo por criterios de eficacia ou polos resultados de inquiritos habilmente orientados, e aínda por un positivismo xurídico, que leva a que para moitos o que non está penado pola lei ou é opinión da maioría é moralmente bó. Fábase tamén dunha "moral de situación" que lexítima sempre os actos segun as circunstancias, ou dunha "doble moral" que xulga estes actos segun



ANO IGLESIA

OS BISPOS VEN UN DETERIORO MORAL NA ACTUALIDADE DO PAÍS QUE AFECTA TANTO Á BASE, COMA AO GOBERNO

as persoas e intereses que están en xogo; ou da invocación máis ou menos solapada de que "a fin xustifica os medios", e sempre que sexa para acumular riqueza ou acadar o éxito individual, o benestar, etc. Evidentemente "calqueira parecido coa realidade é mera coincidencia", especialmente referido a algúns manexos de partidos, ao tráfico de influencias, etc.

Algúns comportamentos concretos apuntados son a manipulación da verdade e a propaganda da "cultura do poder" (aínda que isto non é de agora), a incitación a un consumismo desaforado e a exaltación do diñeiro, demasiadas veces sen atender a outros va-

lores, e concretamente aos aspectos éticos da actividade económica e á distribución social da riqueza, pola mentalidade economicista e insolidaria. Aquí apóntase en concreto a estimulación desmesurada dos xogos de azar, como medio de enriquecemento rápido, recollendo o documento aquela frase de que "España converteuse nun gran casino". Aspecto que non me parece de pouca importancia destacar, e que é unha das miñas teimas desde hai algún tempo, coma expresión da "febre do ouro" que parece medrar nos últimos tempos, só un dato, según o suplemento "Diñeiro", do Diario Vasco (9 Abril 1990), no estado español gastáronse no ano 1989 catro billóns de pesetas, sen contar os xogos clandestinos, o que convirte a este estado no primeiro país do mundo en número de xogadores e o segundo, despois de USA en cantidade de diñeiro xogada por habitante. Despois o goberno falará de que hai fraude fiscal e do outro... Debería tomar nota daquelas sábias palabras do Tao: "Non apreciando o luxo, evitase que o povo roube. Non exhibindo nada que incite á codicia, evitase a confusión no corazón do povo".

Tamén denuncia o documento, coido que con xusticia, a trivialización frívola da sexualidade, e a separación que fai a cultura dominante entre sexo e amor, facendo trasnoitada a fidelidade á propia parella. Certamente, colido que a moral sexual da Igrexa terá que evolucionar en non poucos aspectos, pero non nestes, pois estou totalmente dacordo co que di o documento de que "a trivialización do sexual é a trivialización da persoa mesma". E non deixa de apuntar tamén a xustificación indiscriminada do aborto e as voces que empezan a reclamar a eutanasia activa e directa, o terrorismo e o "ignominioso e incalificable tráfico de drogas", "asi coma o tráfico de armamentos".

A análise que fai das causas desta situación sen dúbida resultará discutibel a máis dun, dependendo de que sitúe nunha postura orente ou crente, cunhas claves de pensamento ou outras. E aínda algúns comportamentos apuntados resultaranlle non moralmente censurábeis a máis dun, a outros, que non nos caracterizamos precisamente por posturas reaccionarias, e que máis ben somos habitualmente tachados do contrario, parécenos que, sen afirmar que estemos na pior das sociedades, tampouco estamos na mellor, e aínda que nos declaramos demócratas, pensamos que a censura da actuación dalgunhas persoas e grupos políticos non é un "ataque á democracia" como demasiado lixeiramente se di desde o poder.

Victorino Pérez é director de "Irimia"

● **Vitorino non irá as municipais co PP.** Centristas de Galicia xa tomaron unha decisión: non irán ás eleccións municipais coaligados co partido popular. O anuncio realizase despois da entrevista que o Presidente do Parlamento mantén con M. Fraga na mañán do xoves día 29.

O PP descartou a fórmula que permitira a coalición en Ourense e que centristas concorreran en solitario nas outras provincias, mentres que Vitorino, despois do pacto con alcaldes da CPG e as conversas con CG, estaba disposto a ampliar o seu campo de acción.

● **Manifestación contra o varadoiro na Póvoa do Caramiñal.** O luns tiñase que celebrar un Pleno Ordinario no Concello de Póvoa do Caramiñal, que contiña no segundo punto da orde do día a Aprobación por parte do Axuntamento das obras do polémico Varadoiro a instalar pola empresa Verbasa, na praia do Castelo. Desde bastante antes do inicio, informa X.V. Santiago foise acumulando xente procedente da Póvoa e vilas colindantes que no momento de comenzoar este aproximabase en número as 400 personas. Alí había mariscadores, mexileiros, representantes de Asociacións Culturais, persoeros de Partidos Políticos con Presencia no Concello da Póvoa, Veciños, e os membros da Plataforma Unitaria Antivaradoiro.

Co Salón de sesións repleto, o Concello cheo, e xente agrupada polaas aceras e na Praza fronte ao Concello, empezou o pleno, nun ambiente de berros e xolgorio. A cada intervención dos concelleiros do grupo de Goberno saían na sá berros de Varadoiro non. Aos 15 minutos escasos o Pleno suspendeuse por meia hora, mentras os concentrados iban quentándose mais e mais. Media hora máis tarde iniciouse un corte de tráfico diante do Concello, e aos 10 minutos o pleno suspendiase definitivamente.

As 400-500 personas asistentes foron en curta e pacífica manifestación ata a Praza de Tian-Amen, así chamada por se nela onde se dou hai tres meses a primeira manifestación contra Durán Casais da historia moderna da Póvoa. Así con Berros de Primeiro Franco, segundo Durán contra do ex-Alcalde, e Varadoiro Non, con intervencións breves dos integrantes da Plataforma Antivaradoiro e de membros de EG, BNG, e PSOE rematou esta.

Ao fin o Alcalde e o seu Xefe formal Segundo Durán Casais teñen unha forza organizada dentro do concello ata o de agora moi ben controlado, e no que polo que parece a xente vaille perdendo medo aos poderes establecidos, posto que cada vez máis xente da Póvoa, en especial mariscadore e mexileiros asisten claramente a estas protestas contra a chamada popularmente dictadura.

A VERDADE FARÁ-VOS LIBRES

FRANCISCO CARBALLO

Tal é o título do documento episcopal último. A alocución de Mon. Suquia, abrindo a sesións da Conferencia episcopal española e o documento pastoral sobre a "moralidade" desta, están a levantar polémica nas institucións públicas e nos medios de comunicación. O estilo persoal de Suquia é un tanto agresivo e o documento do episcopado está na liña dos anteriores. Por exemplo:

30-IV-1926, pastoral dos metropolitanos sobre a inmodestia dos costumes públicos. 31-V-1957, ide. sobre a moralidade pública. 18-VI-1971, declaración colectiva da conferencia episcopal sobre a vida moral do noso povo.

Das tres devanditas, é a de 1957 a que máis se parece á de 1990 na tonalidade textual. O elenco de deficiencias, certas formas literarias apocalípticas e o ton doutrinal son iguais como se pode ollar no cadro.

En 1957 o goberno recibe felicitacións polas boas leis, pero pídese-lle que as faga cumprir. En 1971 advirteuse-lle da súa responsabilidade na represión da inmoralidade pública. En 1990 chega a escribirse que hai comportamentos inmorais promovidos desde o goberno. Neste punto de referencias é onde as diferencias nas relacións Conferencia episcopal e Goberno civil son máis sensíbeis.

ESTAS DIVERXENCIAS ENTRE MINISTROS E BISPOS NON SON RELEVANTES. DETRÁS HAI CONFLICTOS DE PODER

1957	1971	1990
Desvirtuación do matrimonio	Desvirtuación do matrimonio	Ameazas como o aborto
Egoísmo e afán de lucro	Egoísmo e afán de lucro	Egoísmo e afán de lucro
Erotismo, pornografía	Erotismo, pornografía	Erotismo, pornografía
Feminismo absurdo	Inmoralidade profesional	Transfuguismo
Praias, bailes indecentes	Materialismo	Culto ao sexo
Prostitución	Desorientación	Mal exemplo dos gobernantes
		Privatización da moral

CONFLITOS NOS CONCELLOS

O CREGO DE MURAS, ¿XUDAS OU PROFETA?

VITORINO PÉREZ PRIETO

Modesto Vázquez Gundín, o cura de Muras, é un xesuíta doutor en teoloxía, antigo profesor na Universidade de Oviedo, que hai dezasete anos deixou os loureiros académicos para mergullarse entre os pobres desta terra, nunha das zonas máis deprimidas do campo galego. O seu compromiso cos pobres levouno a porse da súa parte, coma "voz dos sen voz", e conseguíntemente ter que enfrontarse cos caciques e poderosos. Cousa que non fixo por política, senón —como el mesmo confesa— como froito do seu compromiso co Evanxélio, aínda que os señoritos non o podan entender. Este compromiso levouno á alcaldía entre os anos 1979-1983, por verdadeira presión popular. Compre aclarar que non foi precisamente nas listas do PSOE, como comentou certa prensa, senón nunha candidatura independente dos viciños apoiada precisamente por Comisións Labregas. Non é de estrañar que Lidia Senra, a voceira deste sindicato, apoiase publicamente a traxectoria deste xesuíta cura rural. Acabado o seu mandato municipal, volveu aos seus labores parroquiais, dedicándose inteiramente á evanxelización de nenos, mozos e vellos. Da súa fe e espiritualidade fonda, o que escribe e moitos mais poden testemuñar con creces. E sobre a súa entrega e compromiso, os viciños non cansan de falar: "Don Modesto non fixo mais que ben a Muras, non pensa nada para el, todo é para o povo", comentábame unha viciña da parroquia.

Issam Alnagm Azzam, o alcalde de Muras, que é tamén o único médico do concello, é un drúsio de orixe siria, que estudou medicina en Santiago, casou cunha lucense e veu a Muras hai tres anos. Simpatizante de Sadam Husein, chegou a militar no seu partido, o Baaz, e apoiou a invasión iraquiana do Kuwait. Eleito como rexedor municipal nas listas do PP, de seguida empezou a manifestar un talante



Modesto Guntin, crego de Muras, dirixíndose aos seus feligreses durante unha assemblea celebrada o 19 de Marzo X. MARRA

A xente sinxela da parroquia, non está disposta a tolerar que ataquen sen fundamento ao cura que os serviu durante máis de tres lustros.

autoritario, e pronto viu a Modesto coma un inimigo perigoso, por ser unha persoa crítica, que non cala ante as cacicadas e inxustizas, xa con antigos rexedores do

PP e do PSOE. Concretamente, Modesto acusou a Issam —un día en que este quixo darlle hipocritamente a man— de discriminar aos pobres en axudas que lles pertencen, de mal trato aos enfermos, infrinxir leis fundamentais de convivencia, etc., polo que unha paz sen xustiza é falsa; xa anteriormente houbera un conflito por unha praza que cortaba un camino de acceso á igrexa, obra feita sen consultar coa parroquia. E así as cousas, un bon día ocoreselle ao alcalde dicir unhas cantas vaguidades nunha entrevista banal en *Interviu*, que este semanario se apresura a recoller en titulares con evidente intención: "El cura no me habla porque no le voy a misa". De seguida a prensa galega faise eco da "noticia" e o rexedor "amplia" a información con insultos e acusacións contra Modesto: un "Xudas", "alcalde frustrado", "disfrazado de cura", que "utiliza o

altar para atacar ás persoas e difundir o odio e o anti-cristianismo".

E aquí entra en acción a xente sinxela da parroquia, que non está disposta a tolerar que ataquen sen fundamento con tan graves acusacións ao cura que os serviu durante mais de tres lustros. Xúntanse espontaneamente o mesmo día en que saen as acusacións na prensa, e deciden apoiar publicamente ao cura e facer unha manifestación o Domingo seguinte a tal evento. A prensa ve ali unha verdadeira noticia con morbo: "mouros e cristiáns enfrontados", "o púlpito e a política",...; e explota o tema magnificándoo e agudizándoo.

E así se anticipa a Semana Santa en Muras e sai á luz un novo profeta, que non teme declarar á prensa que o Evanxélio é conflictivo e que a Xesus crucificárono porque a súa conduta e palabras eran molestas, que "Deus non pode sofer a explotación dos débeis" e que ten "a moita honra" ser declarado "subversivo, roxo e comunista polo meu povo humillado". Polo de agora, apesados dos insultos, Modesto tivo o seu "Domingo de Ramos" no apoio entusiasta dos seus viciños, pero é consciente de que despois del pode vir en calquer momento o "Venres Santo". O Domingo 22 el proclamou na igrexa: "Eu non vos vou traicionar por nada". E poucos días despois caíanselle as bágoas cando escoitaba a un petrúcio da parroquia dicirle emocionado: "Don Modesto, non se nos vaia, aínda que lle custe a vida". E así o comprendeu tamén o seu superior na Compañía de Xesus, polo que lle dixo que agora non se podía ir, aínda que a súa precaria saúde fíxese pensar nos últimos tempos nun traslado. El atópase en paz e mesmo ledó, pois sabe moi ben que despois do Venres Santo está a Páscoa de Resurrección, e que o grao de trigo cando cai na terra e morre dá moito froito. ♦

VITORINO PÉREZ PRIETO é director de *Interviu*

SOBRE O CURA MODESTO E UN PERIÓDICO DESONESTO

Se non for que os títulos longos son anti-periodísticos e resultan sempre pouco atractivos, este artigo podería titularse: "Sobre un cura verdadeiro discípulo de Xesus Cristo chamado *Modesto Vázquez Gundín*, un xornal desonesto e parcial chamado *La Voz de Galicia*, e un xornalista de brillante superficialidade e lingua viperina chamado *Carlos Luis Rodríguez*". Así, directamente, sen sutilezas elípticas, o lector podería saber desde o comezo a que me refería e non tería que romperse a cabeza pescudando que persoa ou colectivo era o obxecto da miña consideración.

Imos comezar polo último elemento do meu longo título. No número 76 da revista *Encrucillada*, correspondente a Xaneiro-Febrero do ano en curso, Xesus Portas Ferro titulaba a súa habitual *Rolda da cultura*: "Os señoritos satisfeitos". Comezaba falando de certo xornalista ao que lle dirixia frases coma unha de Ortega y Gasset. "Aquele persoa que, desde o fácil que lle é a vida, tenta gobernar o mundo e intervir en todo impondo a súa vulgar opinión sen miramentos, contemplacións, trámites, nen reservas". E logo continuaba o meu amigo dicindo con agudeza: "Adoita a ser comentarista do acontecer. De todo sabe, a todo ten algo que dicir, fala de *omni res civili* e faíno coma se do que el fala non houbese no país quen saiba máis ca el... para todo ten a palabra definitiva". Ben, pois, o susodito "señorito" non é outro que o brillante colunista de *La Voz de Galicia* Carlos Luis Rodríguez, e o tema sobre o que pontificaba desta volta era o "galeguismo de bulldozer" ou "de correioira" que relacionaba con Castelao ao que convida "descanonizar" e desmitificar. Por iso, consecuentemente, este "señorito satisfeito" galego escribe en castellano e propugna a "liberdade do idioma", apostando por un "bilingüismo equilibrado". Agudamente concluía o articulista estes "señoritos satisfeitos... falar ben falan, por algo lles pagan, o seu discurso é falaz". As verbas de Portas Ferro afórnanme parte do traballo de presentación deste omnipresente colunista do xornal que vende máis exemplares na Galiza.

Desta volta o tema do que se permitiu disertar con autoridade incuestionábel foi o conflito xurdido en Muras —parroquia e concello da montaña lucense— entre o alcalde e o párroco. En dous artigos do xornal que lle rende incuestionabelmetne as súas páxinas (e de seguro que tamén lle paga ben polos seus escritos), este plumífero fustiga de maneira inmisericorde e descalifica ao cura por ser, tras do altar, "concelleiro supernumerario da oposición", tachando a súa postura de "clericalismo reaccionario de esquerdas", realizado de maneira "subrepticia, velada, agazapada en confesonarios e sacristías". Compre dicir, de paso, que neste clericalismo, o susodito colunista mete aos teólogos da liberación, aos curas guerrilleiros e ao mesmo Padre Llanos, xesuíta do PCE en Vallecás. O lector pode xulgar pola súa conta tales afirmacións... A min intéresame agora sobretudo enxuizar os asertos referidos ao cura, que, por riba do xuízo que lle merezan, parten de dados obxectivamente falsos. Os seus xuízos fulminantes, ademais de cuestionábeis, non se basan na realidade; o cura que caricaturiza como terrorista que tenta "torpedear o goberno lexitimo do concello", nunca utilizou o púlpito, nen o confesonario, para socavar o goberno municipal, ao que nunca fixo alusión directa nos seus sermóns. É simplemente falso. Trátase só dun erro, ou responde a enfoques previos tomados de antemán para desacreditar ás escasas voces proféticas que xurden na Igrexa (días despois volcaba a súa artillaría sobre o que chamaba "arcipreste de ETA", cuxo pecado tiña as raíces en ser un cura progresista e *abertzale*). Aínda que pode que tamén teña a ver coa teima de meterse cos curas, xa sexa por "carcas" ou por "progres", por andaren coas rogativas ou por comprometerse cos pobres.

E é aquí onde entra en cena o xornal que serve de soporte a esta maneira de facer periodismo, tan vella coma a mesma profesión (Confer, o periodismo sensacionalista de Willian R. Hearst a finais do século pasado nos USA,

que deu lugar á excelente película de Orson Welles "Ciudadán Kane". Din os manuais de periodismo que a campaña artellada desde o seu xornal, o "New York Journal", baseada en médias mentiras e médias verdades comementemente resaltadas, foi un dos artifices da guerra dos EE.UU. contra España en Cuba). *La Voz de Galicia*, que é o xornal ao que nos referimos, tomou posición desde o primeiro momento no conflito polo alcalde e contra o cura, dándolle ampla cabida ás afirmacións do alcalde e ás dos que apoiaban o seu labor, e negándolle o pan e a sal ao cura e ás opinións favorábeis a el. O que isto escribe pode confirmar como o devandito xornal se negou a publicar un artigo por el enviado, que manifestaba unha opinión contraria á publicada anteriormente; por outra banda, o cura do conflito, Modesto, confesoume como un escrito aclaratorio que enviou simultaneamente a varios xornais non foi recollido en *La Voz*, xustamente o mesmo día en que este xornal publicaba amplamente outras informacións contrarias a el, e publicando nesas datas case unha páxina diaria sobre o conflito.

A que se debe isto? A falta de información? Evidentemente que non, tal como se dixo máis arriba. A que é un xornal cunha ideoloxía "progresista ou "conservadora"? Anda xa! É "progresista" defender a un home que declara publicamente simpatías fascistas, aínda que sexa pretendidamente unha "víctima da xenofobia"? Ou o que é máis grave, ¿é progresista a mentira? E pola outra banda, ¿desde cando os "conservadores" atacan aos curas e os bispos, sobretudo se non se lles pode tachar de "etarraz"? Un amigo que traballa no xornal faloume dun posíbel "descoído", ou extravío do meu artigo en concreto, ou que non se publicara por causas máis banais. Pero, ¿non será mais ben que certo tipo de opinións, de mentiras ou verdades a médias venden máis que a verdade, mantendo un certo ar no xornal, e que por iso a verdade nua non interesa? Ou ¿a que outros intereses aínda máis rastreiros serve a prensa deste país? ♦

CREACIÓN E ECOLOXÍA

DA "CASA CÓSMICA" DA BIBLIA A UNHA VISIÓN HOLÍSTICA DO MUNDO

VICTORINO PÉREZ PRIETO

"O amor a terra soamente se explica cun vencemento absoluto á terra. Eu sinto a chegada do verán, a chegada do inverno, a primavera, no meu sangue denantes que os primeiros gramos... podo chorar diante da natureza. Isto sábeno moi ben os campesiños. Eu sentínme sempre campesiño. A terra somos nós, vive con nós, esmorece con nós e nós con ela. A miña nenez na aldea foi definitiva para min. É o contacto co cosmos, ca terrible noite, os sopores, a chuva e os cambios de lua" (Ramón Otero Pedrayo).

"Tamén a mesma creación será liberada da escravitude da corrupción e levada a salvación gloriosa dos fillos de Deus. Pois sabemos que toda a creación ven xemendo ata hoxe coma con dores de parto... degorando pola filiación, pola liberación" (Da carta de S. Paulo ós Romanos 8, 22-23).

Estes dous textos, separados por case vinte séculos de historia, manifestan unha sensibilidade que se vai abrindo camiño con forza nos nosos días: a sensibilidade ecolóxica, ou o que é o mesmo, a preocupación por toda a realidade da Natureza, por toda a Creación —dicimos os cristiáns—, non só pola realidade humana, senón tamén a non humana.

Cando falo do valor da nova sensibilidade ecolóxica, son consciente de que hai ecoloxías e ecoloxías, á que eu me refiro non é a unha concepción bucólica (ecoloxista é "o que gusta de paseos polo bosque", o que consume so produtos biolóxicos ou anda en bicicleta), nin sequera unha mera preocupación polas baleas, as plantas en perigo de extinción e o medioambiente, senón unha ecoloxía que ten en conta en primeiro lugar que a cuestión ecolóxica é ante todo a expresión da inxustiza dun Primeiro Mundo depredador da Natureza, a conta dos dereitos dun Terceiro Mundo que se vai quedando sen a capacidade de sobrevivir; a inxustiza dos fortes (home, branco e occidental, yanki ou europeo) cos máis febles, a gran maioría da humanidade. Falo dunha ecoloxía que é verdadeiramente "preocupación pola casa" e as súas xentes. Unha ecoloxía que propón modelos alternativos de desenvolvemento, procedementos técnicos e propostas políticas alternativas; toda unha nova cultura que nace da análise crítica da sociedade industrial e liberal, cunha economía e un consumismo voraz que afonda as

desigualdades sociais, ademais de poñer a natureza en perigo de aniquilamento. Unha ecoloxía que quere traballar para que os máis pobres sexan realmente suxeitos de dereitos e donos do seu destino, e a mesma natureza sexa descousificada para chegar tamén a ser suxeito de dereitos. Falo dunha ecoloxía total, que quere chegar a unha comprensión holística ou global de todo o cosmos, nunha visión interdependente e evolutiva. En fin, unha ecoloxía que ten moí en conta tódalas moursas bestas do moderno apocalipse antiecolóxico: a contaminación das augas e os ríos, do solo e os alimentos, para converter o planeta nun vertedreiro de desperdicios; a contaminación da atmosfera polo CO₂ e a chuva aceda; a superpoboación; a extenuación dos recursos pola sobre-explotación e o acaparamento escandaloso do produto nas mans duns poucos; a carreira armamentista e o pesadelo nuclear...

Verbo desta sensibilidade, o cristián, o crente, tamén ten unha palabra que dicir; el tamén se vai facendo máis consciente

Teilhard de Chardin, un gran científico crente —cura xesuíta— escribía hai xa máis de medio século: "Baixei ata as máis ocultas profundidades do meu ser... E constatei estarrecido e asombrado, que a miña pobre e insignificante existencia estaba inscrita na inmensidade de todo canto existe e de todo canto devén... A miña vida non me pertence só a min... Pois no meu interior xaz oculta a densa multitude de seres cuxa actividade infinitamente paciente e prolon-

gada deu como resultado o phylum do que son" (*Escritos do tempo de guerra*).

E varios séculos atrás, outro cristián excepcional, Francisco de Asís, compoñía o seu belísimo *Cántico das criaturas*, sentíndose irmán de toda a realidade do cosmos.

"Loado sexas, meu Señor, coas túas criaturas, especialmente polo irmán Sol, que é dono da luzada e aluma para nós... Loado sexas, meu Señor, pola nosa irmá Nai Terra que nos sustenta e rexe e dela deitan froitos e flores de color..."

Máis aínda, na Biblia —no simbólico e rico relato bíblico do Xénese— atopamos un Deus Creador que vai vendo como son boas as obras que saen das súas mans, e pon ó home como xardineiro neste seu mundo, como xerente, non como dono para explotalo irracionalmente segundo o seu capricho; tamén os Salmos (Sal 8, 19, 104...) cantan este amor de Deus por toda a creación, non só polo home. Particularmente, nas palabras de Xesús de Nazaret, atopamos un verdadeiro "Evanxeo verde", como dixo un moderno teólogo (Ilan Nazaret, *Dios es verde*). E xa víamos no texto do comezo como tamén Paulo de Tarso manifesta nas súas cartas unha preocupación pola

salvación de toda a natureza, non só dos seres humanos. Pero é tamén ben certo, que a esta corrente bíblica, que tan ben soubo cantar e vivir Francisco de Asís, non foi a que livo máis peso na tradición cristiá; un pensamento demasiado antropocéntrico ocultou o "Evanxeo verde" dun Xesús coñecedor da natureza e en sintonía con esta, e os cristiáns non souberon amala e respectala coma o seu fundador.

Deste xeito, o desafío ecolóxico é para os crentes un reto e unha chamada a cambiar non só a súa relación cos seus semellantes e coa natureza —foi o Occidente "cristián" o causante do desastre ecolóxico—, senón tamén a mesma concepción de Deus. A imaxe triunfalista, patriarcal e monárquico-imperialista dun Deus todopoderoso, que domina arbitrariamente o mundo, xerou unha relixión autoritaria e un home —"imaxe de Deus"— que non sabe relacionarse coa natureza máis que de un xeito dominador. Esta imaxe idolátrica de Deus, non só é inapropiada, senón hoxe máis perigosa que nunca, pois os seres humanos nunca tiveron nas súas mans tal poder para destruír o seu mundo.

Fronte a esta imaxe dun Deus opresor, na corrente histórica da mellor reflexión teolóxica, imos elaborando nos últimos tempos, outras imaxes de Deus máis acordes co Deus de Xesús, Mestre para os cristiáns, Palabra encarnada de Deus para os crentes. Un Deus bondadoso e amante, máis que un Deus poderoso e Señor; o seu poder é so para o ben e nun amor de reciprocidade; un Deus que camiña cos oprimidos, comprometido na súa liberación; e un Deus que é non só pai, senón tamén nai e amigo. É unha teoloxía particularmente debedora de dúas correntes: a Teoloxía da Liberación Latinoamericana, e a moderna Teoloxía Feminista, aínda que afínca a súa reflexión na renovación teolóxica feita en Europa nos anos 50-70. Dous libros destacarían nesta liña, un dun home e o outro dunha muller: J. Moltman *Dios en la creación* (tamén o seu máis recente *La justicia crea futuro. Política de la paz y ética de la creación en un mundo amenazado*) e Sallie McFague *Modelos de Dios. Teología para una era ecológica y nuclear*. Ademais do citado máis arriba de Ilan Bradley. O teólogo galego A. Torres Queiruga ten tamén para sacar do prelo recentemente un libro sobre o lema. Con el, eu aposto por unha teoloxía cristiá que asuma o cambio de paradigma, na concepción do mundo, do ser humano —home e muller— e de Deus. ♦

A NOSA TERCEIRA 714, 22 Feb. 1996

OPINIÓN

FALAR DE "IGREXA" É PARA MOITOS FALAR TAN SÓ DE BISPOS AUTORITARIOS E MORALISTAS, DE OCULTOS PODERES FÁCTICOS QUE LOITAN POR RECUPERAR O PODER E A INFLUENCIA QUE TIVERON NOUTRORA, NUNHA

SOCIEDADE HOXE AFORTUNADAMENTE LAICA E LIBERADA DA SÚA POUTA ATENAZADORA DOS CORPOS E OS ESPÍRITOS...PERO FALAR DE IGREXA TAMÉN PODE SER FALAR DA IGREXA DE BASE QUE NON TEN PODER, NIN O QUERE.

DAS MITRAS ÁS CAMISETAS

VICTORINO PÉREZ PRIETO

● **"NOTICIAS DE IGREXA"?** Falar de Igrexa é falar dun poder que aínda ten un pequeno colectivo mitrado, co que tentan impoñer nunha sociedade democrática morais e cultos que corresponden a un pasado escuro. Falar de "Igrexa" tamén pode ser falar de sectores sociais que aínda seguen presos e dependentes desas estruturas de poder, aínda que xa conspicuos analistas sociais e esgrevios pensadores pronostican a súa morte hai ben tempo; sectores que alimentan as filas do dereitismo sociopolítico máis recalcitrante... Os que tal pensan da Igrexa non lles falta a súa razón por moitas actuacións desta.

"Noticia de Igrexa" sería, nestes intreos estívais, falar dos movementos de bispos. Que, por certo, houbo unha chea deles ao longo dos últimos meses no Estado español, para cubrir vacantes que estaban en expectativa desde había tempo; entre elas a do coñecido bispo integrista de Cuenca, o galego Xosé Guerra Campos. Na Galiza, a noticia episcopal veu da man do bispo de Ourense, Xosé Diéguez Reboredo, que foi trasladado para a diocese de Tui-Vigo, por non ben esclarecidos motivos, agás o da xubilación do anterior titular tudense, o seu vello amigo Xosé Cerviño. Parece que o de Pepe é un nome moi episcopal (outros dous bispos galegos máis tamén teñen por patrón ao santo varón galileo).

Pero, a Igrexa é, afortunadamente, algo máis que iso. Aínda que o que máis se ve nos *media* é a realidade das mitras, o que falan e escriben os bispos, hai outra realidade que forma parte tamén desa Igrexa, que só de cando en vez chega a ser noticia; cando salta ás páxinas dos diarios e aos informativos de radio e TV algún que outro nome polo caso de tal ou cal actuación heroica cabo dos máis pobres, ou cando alguén se desmarca frontal e publicamente das consignas oficiais. Hai toda unha realidade de Igrexa de base, que nin ten poder nin o quere; tan só o mínimo indispensable para poder camiñar en liberdade, porque reivindica o dereito a un espazo dentro desa grande Igrexa que se quere depositaria do tesouro herdado de Xesús de Nazaret, o Cristo.

Na Galiza, esta Igrexa ten unha rica, aínda que minoritaria representación. Parte dela foi recollida no breve e magnífico libro sobre a historia da Igrexa Galega, de Francisco Carballo. É a realidade dun bo feixe de persoas, grupos e movementos. Nas páxinas deste periódico ten saído en máis dunha ocasión a realidade que aglutinan e difunden as revistas *Irimia* e *Encrucillada*, premiadas este ano co discutible Premio da Crítica, que, con todo, significou un recoñecemento ao seu traballo galeguizador; a "Romaxe de Crentes Galegos" é o seu expoñente máis popular, convocando cada ano miles de romeros. Pero hai máis cristiáns galeguistas e progresistas que queren vivir a súa fe nunha dobre fidelidade ao Eviñco e á realidade da súa Terra e do seu tempo.

● **URCA, UNHA EXPERIENCIA GALEGA ORIXINAL.** Algúns destes cristiáns progresistas máis novos, xuntáronse cada vez máis ambicioso e rico proxecto que leva o nome

do nome de "URCA". Non son unhas siglas máis para sumar a esa sopa de letras coas que nos agobian os xornais; é tan só o nome dunha embarcación de orixe celta. Urcas quere ser unha nau que leve aos crentes polo camiño da "expresión, solidariedade e encontro" —verbas coas que se autodefinen—, na Galiza, traspasando as fronteiras dos grupos, movementos e parroquias, para buscar novas formas de sentir, vivir e expresar a fe. Pretenden crear un espazo de encontro, comunicación e festa, no que se recoñeza —coas súas propias verbas— "que a Igrexa se constrúe na medida en que todas e todos imos facendo camiño desde as nosas realidades cotiás, tomando a palabra, compartindo..."

Expresión, para entrar en contacto e potenciar as capacidades de creación artística que xorden da fe, por medio das linguaxes plásticas, musicais e dramáticas. Solidariedade, para recoñecer liñas de compromiso cos desfavorecidos e esquecidos, da man dos que traducen esforzos en proxectos de axuda real. Encontro, porque queren ser máis intercambio e intercomunicación que exposición; un traballo no que todos son protagonistas, todos mestres e alumnos a un tempo.

Non son ideas novas, pero si necesarias, e que precisan ser constantemente reactualizadas; e, sobre todo, facelas operativas tanto por parte dos crentes coma dos non crentes. Somos "homo/mulier faber", pero tamén "homo/mulier ludens" e "homo/mulier celebrans"; sen a festa ata a mesma praxe liberadora resulta alienante e escravizante. "Só quen é capaz de alegrarse pode sentir dor polo seu sufrimento e o dos demais", di o teólogo J. Moltmann. O cristianismo predica que celebra a súa fe cada domingo, e noutras numerosas datas festivas, cunha "festa de acción de grazas" (=eucaristía), mesmo, o ano cristian ven marcado polas distintas festas de Nadal a Pascua. Pero Nietzsche —tan reivindicado polas novas correntes de pensamento— criticaba particularmente ao cristianismo dun xeito especial pola súa falta de espírito festivo; o seu razoamento era inexorable: a vida é festa, o cristianismo é inimigo das festas, logo, o cristianismo é inimigo da vida. "Dámme pena eses sacerdotes... di en *Así falou Zaratustra*: Aparecen como prisioneiros e estigmatizados. Aquel que chaman o seu redentor atópanse con cadáveres... Non saben amar a Deus senón criticando ao home! Deberían cantar mellores cancións se queren que eu aprenda a crer no seu redentor! Non lle faltaba razón. Por algo a moedade actual tamén festina a destrución das igrexas porque se aborrecen moito."

A pesar do que se pode pensar, non é un proxecto de "Igrexa" a URCA, senón un proxecto de "comunidade" que se constrúe a partir da realidade dos crentes e non crentes da Igrexa, ten a súa orixe nos seus senllos españois

das pola xeografía ibérica. Sobre todo o "Multifestival David", que recibe o nome daquel rei xudeu que danzou medio espido ante a sagrada arca da alianza e a quen se lle atribúen moitos dos salmos, que cantaba ao son da súa harpa. O catalán Proxecto David organiza este festival desde hai máis de dez anos; un encontro de catro días que ven sendo unha mestura de congreso de teoloxía, escola de catequistas, convivencia de mocidade, taller de oración e celebración, e festival de rock cristián. Na edición deste verán, xuntáronse nun mosteiro de Lleida máis de 3.000 persoas. Con menos concorrencia celebran experiencias semellantes en Euzkadi (Krisart) e Andalucía (Vivar).

Polos seminarios, mesas redondas, obradoiros, celebracións, concertos e exposicións de Urcas teñen pasado persoeros coñecidos coma os teólogos Andrés Torres Queiruga e Manolo Regal, Pilar Wirtz, o mago e humorista Xosé Manuel Carballo, o mimo e pintor Siro López, e grupos de música cristiá como "Kairoi", "Zerolaiqueria", "Brotes de Olivo"... Este ano riven a ocasión de participar eu, xunto coa teóloga feminista Margarita Pintos e outros. Por outra banda, aínda que a participación da xente de fóra do país é enriquecedora e conflictiva a un tempo, non impide a identidade galega e en galego que os organizadores queren manifestar en todo momento, desde os folletos ás presentacións.

Si, afortunadamente hai máis Igrexa que a das mitras —que, por certo, tampouco non son todas iguais— e a da xente reaccionaria que enche os templos. ♦

VICTORINO PÉREZ PRIETO é crego e escritor

ARXENTINA E GUINÉ BISSAU

MANUEL MERA

A globalización económica está a encontrar oposición non só en Europa, senón tamén nos países do Sul. Así, en Guiné Bissau e a Arxentina realizáronse os días 1 e 2 de Agosto no primeiro caso e o día 8 no segundo, folgas e manifestacións contra o aumento dos prezos, a falta de emprego e as medidas neoliberais no seu conxunto. En ambos países a folga foi un éxito, como o foi en Francia no pasado Outono. Non estamos logo fronte a un mundo en paz, con protestas ailladas, morto ideoloxicamente, como algúns aseguran.

Na Guiné Bissau, un país cunha superficie semellante á de Galiza e algo máis de un millón de habitantes, a protesta centrábase na falta de pago dos salarios dos traballadores da función pública e no aumento abusivo dos produtos de primeira necesidade, especialmente o arroz, base da comida do país. Segundo a UNTG, central sindical da Guiné convocante dos actos, estes foron un éxito máis as presións do Ministerio de Función Pública e Traballo. O goberno intentou nos días anteriores evitar a folga suministrando 3 millóns de dólares a importadores privados para solucionar a escasez do arroz, que asegura é o motivo do aumento no prezo.

No caso arxentino a protesta tiña como alba a política económica do Goberno Menem que pretende aprobar un novo paquete de medidas económicas que castigan aos sectores máis pobres. Estas son exixidas polo Fondo Monetario Internacional para renegociar a débeda. O desemprego é do 20%, os salarios rondan os 500 dólares, as pensións dos xubilados son cativas e non dan para os gastos dunha semana e grande parte do interior do país está considerado "non viable". O ano pasado o PIB caeu un 4,4%, e o sector industrial perdeu un 10%, obrigando á substitución de Cavallo, Ministro de Economía, considerado até daquela un dos artífices da estabilidade monetaria e do crecemento. Un medre económico corto e con pes de barro, como se demostrou axiña. A folga foi convocada neste caso por todas as centrais: CGT, MTA e CTA. Aínda que esta última saíu moi fortalecida ao empuxar á CGT, até agora sumisa a Menem, a manter unha postura máis belixerante ante o deterioro social. ♦

MANUEL MERA é Secretario Confederal da CIG

Xosé Lois



OPINIÓN

A POBREZA É A REALIDADE MÁIS ESCANDALOSA E VERGOÑEIRA NESTA SOCIEDADE OPULENTA NOS FINAIS DE MILÉNIO. NUNCA O SER HUMANO TIVO TANTA CAPACIDADE TECNOLÓXICA PARA SUPERAR OS PROBLEMAS; NUNCA HOUBO

TANTA RIQUEZA, E, ENTROQUES, NUNCA TANTA POBREZA E MISÉRIA, NUNCA O NÚMERO DE XENTE SUMIDA NA POBREZA RELATIVA OU NA MISÉRIA FOI TAN GRANDE; MÁIS AINDA, NUNCA O ABISMO ENTRE RICOS E POBRES FOI TAN GRANDE.

FRONTE A POBREZA, SOLIDARIEDADE

VICTORINO PÉREZ PRIETO

No Terceiro Mundo, nos últimos quince anos empeoraron as condicións de vida para 1.600 millóns de persoas. Os periódicos golpeábanos hai unhas semanas cunha información bestial: 350 persoas riquísimas teñen hoxe tantos ingresos anuais como outros 2.500 millóns sumidas na pobreza! Xa non é só a cuestión do Terceiro Mundo, senón do Cuarto Mundo que malvive nas nosas cidades; no estado español arredor dun millón e medio de persoas están nunha situación severa de pobreza, e outros seis millóns e medio en situación de pobreza máis relativa, pois a pobreza tradicional sumáronse nos últimos anos as novas *pobrezas* que resultan do desemprego, a economía submerxida, o emprego precario e os "contratos lixo". Por iso, moitos analistas falan unicamente da sociedade dos *dous tércios*, o outro tércio xa non conta, nen económica, nen politicamente.

Sabendo isto e sendo consciente desta realidade, como falar de "Boa Nova", como falar do Evanxeo como Boa Nova hoxe? Ou o que é o mesmo: como dicir unha palabra verdadeira e convincente para que a *evangelización* sexa realmente unha *boa noticia* para a xente, no canto de "facer cristiáns a cristazo limpo", xa sexa material ou ideoloxicamente? Sen dúbida, na atención á realidade dos que menos poden e dos que non poden nada, é onde se xoga a verdade ou mentira do cristianismo e da mesma Igrexa, se quere ser fiel á vida e a mensaxe daquel xudeu de orixe humilde que foi Xesús de Nazaret, a quen confesa como salvador. Se cunha paixón que teña privilexiadamente presente a realidade dos pobres, a Igrexa podería ter unha mensaxe salvadora-liberadora, e non instrumento ao servizo do poder. Por iso, os Santos Padres, os primeiros pensadores cristiáns, chamaban aos pobres "vicários de Cristo", ou sexa "representacións persoais" de Cristo, aínda que este título lles fora roubado logo polos papas. Nunca dirixentes da Igrexa falároncoa liberdade daqueles grandes crentes dos catro primeiros séculos da Igrexa.

"Os desafíos da pobreza para a acción evangelizadora da Igrexa" foi o lema dun congreso celebrado en Madrid nos últimos días de Setembro, e organizado por varios colectivos da Igrexa católica, sobre todo *Caritas*, que xa hai ben anos que superou planteamentos puramente asistencialistas, para levar adiante proxectos de promoción humana e denuncia social das situacións de pobreza. "No ano internacional da erradicación da pobreza —dixo un coñecido líder sindical— este congreso é o único importante que se fixo en España. Vai facer ronchas, pois hai moito neoliberalismo no ambiente". Non imos poñermos con flores, porque os verdadeiros protagonistas disto, os máis pobres, nunca reciben a primeira; e, ademais, a Igrexa tamén ten sido e segue a ser cómplice de moita da inxustiza que se comete cos pobres. Con todo, o Congreso supuxo un gran esforzo, con moita participación e bastante representativa das distintas zonas do estado, particularmente de Galiza, e nel saíron cousas interesantes que implican á base e aos dirixentes cristiáns e á mesma sociedade. Ademais dos boas relatos de sociólogos, teólogos e pastoralistas como Luis González-Carvajal, Antonio Bravo, Ildefonso Camacho, Martín Velasco...

Se o vello Catecismo dicía "fronte a preguiza dilixencia", hoxe compre dicir "fronte a pobreza solidariedade". *Solidariedade* convertéuse ultimamente nunha palabra máxica, capaz de xerar as realidades máis

bonitas neste mundo inxusto. Pero a realidade cotián é que, o que priva no noso Primeiro Mundo, o "barrio residencial" da aldea global que vive cun status de opulencia a custa do que lle roubamos cada día ao Terceiro, é maiormente unha insolidariedade enmascarada ideoloxicamente tanto polos poderes de sempre como polos progres postmodernos, coa escusa de que nada se pode cambiar fagas o que fagas, todos os esforzos son inúteis, as utopías sociais resultan moi románticas, pero están condenadas de antemán ao fracaso. Mesmo hai *apóstolos da insolidariedade*, aínda que isto non é cousa de agora. No século XVIII fíxose famoso o dito de que "Os vicios privados fan a prosperidade pública", e os que non os poden levar adiante, que se f...astidien. Pero hoxe non necesitamos acudir aos discursos de Le Pen, ou os de Fernández de la Mora para atopar frases coma esta: "A miña solidariedade remata onde se me nega o que eu quero, o demais é cristianismo primitivo" (Arroyo). O lema posmoderno podería ser, como dixo González-Carvajal: "Ter un bo traballo e facerse o parvo".

Certamente, tamén existe a solidariedade. Desde as relacións primarias de familia e vecindade, ás máis organizadas socialmente. Se hai moitas familias *en-si-mesmas*, e moitos veciños que non se dan nen os días, tamén cumpriría erguer nalgún sitio un "monumento á veciña". No meu bairro das Sindicais de Carabois, no Ferrol, podía contar moitos casos ben fermosos. Hai tamén profesionais que conciben o seu traballo como un servizo á xente, máis que en función do lucro económico ou o medre social. E hai a realidade do voluntariado que traballa aquí en realidades marxinais e das ONGs a prol do Terceiro Mundo. En fin, a mesma Igrexa; se ben moitos dos seus dirixentes dan pouco exemplo de compromiso coa xustiza e cos pobres, conta con moita xente que manifesta por todo o mundo a súa aposta comprometida pola "civilización do amor", que dixeran o papa Paulo VI; é a "Igrexa samaritana", da que organizacións como Caritas, espalladas polas dióceses de todo o estado, é un bo expoñente, ao pé de tantas congregacións e organizacións que traballan nos sectores marxinais e no Terceiro Mundo.

A pobreza é un reto permanente para a Igrexa, desde a mesma entraña do Evanxeo.

Non só como exixencia de denuncia e compromiso contra a inxustiza, na liña dos vellos profetas de Israel. Senón tamén como camiño para coñecer o verdadeiro rostro de Deus, que escoita o clamor dos pobres, que é o aliado dos pobres e que se manifesta na realidade do Cristo pobre e indefenso, o Servo de lavé que fai o camiño dos asoballados e non salva desde a prepotencia dos poderosos, senón desde a impotencia da cruz, onde rematan a súa vida a lexión dos oprimidos da historia; pero cunha Cruz que apunta cara a vitoria do día de Pascua, coa Resurrección e o triunfo do crucificado. Un Deus da xustiza e a solidariedade, que se revela no camiño dos pobres, que se fai presente no lugar dos pobres. Un Deus que elixe o insignificante, o que non conta socialmente, para soste a esperanza de todos.

É por iso, que, fronte ao neoliberalismo e o darwinismo social dunha cultura do mercado e da competitividade, onde non hai lugar máis que para os fortes, os pobres retan ás comunidades cristiás a seguir a Xesús Cristo pobre cos pobres, libre fronte ao poder. E a acción da Igrexa debe manifestar o amor gratuito de Deus, afirmando a súa liberdade, potenciando a súa denuncia da opresión, cultivando a solidariedade e a comunión, traballando por abrir canles de participación dos pobres e confiando na súa capacidade de cámbio e a súa responsabilidade fronte ao futuro.

Entre as conclusións do Congreso, compre salientar o compromiso de ser "voz dos sen voz" fronte aos poderes públicos e as institucións económicas e sociais; colaborar con outras institucións sociais na loita contra a miséria e polo desenvolvemento dos povos; estimular unha actitude esperanzada fronte á pobreza, que estimule todos os recursos persoais e comunitarios de cara a súa superación, para que os pobres sexan os protagonistas do seu desenvolvemento. Non deixou de estar presente nas conclusións a aposta de destinar, polo menos, o 0,7% dos presupostos de todos os grupos eclesiais a fondos para o Terceiro Mundo. Oxalá non se quede só en boas palabras, das que os pobres están cheos cada día, e a Igrexa sexa o que non debeu deixar de ser nunca: a Igrexa dos pobres. ♦

VICTORINO PÉREZ PRIETO é crego e escritor

¿É A RELIXIÓN UNHA “METAFÍSICA RECREATIVA”?

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Seica dixo Fernando Pessoa que “a relixión é unha metafísica recreativa”; a frase oílla a finais de setembro a un homónimo seu, Fernando Savater, nun foro en Madrid. Era un encontro de filósofos e teólogos para falar de “Deus”, ó que Savater fora invitado para falar do tema “Deus nas filosofías”; manifestou que ese asunto non lle preocupaba demasiado, e, ademais, era unha batalla inútil, pois, como xa dixerá Lacan: “A psicanálise é unha loita contra a relixión, na que vai gañar a relixión”. Alí permitiuse despachar o tema da relixión comparándoa co viño: “A uns séntalles ben e a outros mal, pero é algo intranscendente; con todo, non lle recomendaría beber a ningún”. Mesmo chegou a dicir que se o seu colega Gianni Vattimo se manifestaba ultimamente crente, era tan só porque lle gusta a liturxia católica por razóns estéticas, e ten que xustificar dalgunha maneira o de ir a Misa.

Outro colega, que non se significa precisamente polas súas crenzas relixiosas, o profesor Ignacio Sotelo, molesto pola súa banal descualificación da relixión, dixo alporizado: “Despois de oír a Fernando Savater, xa sei o que é un crente. O seu foi o discurso das seguridades inamovibles, a negación da filosofía e o pensamento”.

Non lle faltaba razón, e o seu dicir expresaba o sentir de moitos dos que estábamos na sala. Alí tiña de colegas a teólogos como Torres Queiruga, Rafael Aguirre, González Ruiz, Alvarez Bolado, Martín Velasco... e filósofos crentes como Gómez Caffarena e Antonio Blanch, ou non crentes como Javier Muguerza ou García Santesmases; estaba ausente o que foi moitos anos *alma mater* deste Foro, José Luis López Aranguren, para o que houbo unha agarimosa lembranza.

Pódese ser crente ou non crente, relixioso, agnóstico ou ateo contumaz, cristián, musulmán ou budista. Pero tanto a tradición das grandes relixións, como a reflexión non crente feita modernamente desde a filosofía, a psicoloxía e a ciencia, ten o suficiente peso como para non poder descualificarse cunha frase rechamante. O mesmo Carlos Marx mediríase hoxe moi moito antes de dicir que toda relixión é o “opio do pobo”, cando en moitos casos ten sido forza de liberación para os oprimidos, e moitos crentes moi lúcidos teñen morto por defender a dignidade asoballada dos máis febles. O mesmo Gómez Caffarena, respectado filósofo, falou neste foro dun Deus que é ante todo Amor, pero compre ir máis aló do dato empírico para descubri-lo: “non é coñecendo, senón amando como se ten unha experiencia de Deus”. Desde a fenomenoloxía da relixión, Martín Velasco soubo explicar o fenómeno sagrado e a súa realización nas diversas relixións, desde aquelas que afirman a realidade persoal de Deus, ata as que recoñecen que podemos dicir tan pouco de Deus, que é mellor estar calados.

Certamente, diversos fundamentalismos relixiosos e os mesmos cristiáns caeron nunha certa idolatría ó falar de Deus máis do que realmente podemos saber del. Cumprirá ser máis parcous nas palabras sobre Deus, e vivir máis ácor-des coa lei do amor. ♦

OPINIÓN

MENTRES O PRESIDENTE AZNAR CAMBIA A GARABATA CO COMANDANTE CASTRO, E LLE DI QUE NIN EL NIN O GOBERNO ESPAÑOL QUE PRESIDE "MOVEN FI-CHA", SE O PRESIDENTE CUBANO NON A MOVE ANTES, O PAPA XOAN PAULO, DISTANCIÁNDOSE DA POLÍTICA USA E CONDENANDO O BLOQUEO DA ILLA,

RECIBE POR VEZ PRIMEIRA AO PRESIDENTE FIDEL, CON GRAN CORDIALIDADE MUTUA, ATA CHEGAR A UN ACORDO (...) DE COOPERACIÓN PARA QUE CUBA POIDA SUPERAR ESE BLOQUEO E A IGREXA CATÓLICA POIDA ACTUAR CON TODA LIBERDADE NA ILLA CARIBEÑA, INCLUIDA A VISITA DO PAPA PARA O ANO 1997.

A PROPOSITO DE FIDEL E XOAN PAULO

VICTORINO PÉREZ

¿PERSECUCIÓN DA IGREXA EN CUBA? Algunhas mentes pacatas coidaron entón que chegara, ¡por fin!, o intre da conversión dun "comecuras", fustigador da Igrexa nun réxime ateo; algo así coma o momento da "conversión de Rusia" no Caribe, caído o comunismo.

Entroques, o réxime castrista, "comunista e ateo", sen ter sido favorecedor da relixión, non perseguiu á Igrexa, nin a mínima parte do que o fixeron outros réximes "católicos" de Latinoamérica, coma o de El Salvador, país no que circulaban panfletos entre os grupos "católicos" fascistas paramilitares, nos que se podía ler a frase: "Sea patriota, mate un cura". Naquel pequeno país centroamericano, no que o sangue dos pobres correu a rego co réxime sanguinario do xeneral Humberto Romero e logo co presidente democristiano Napoleón Duarte, non só torturaron e mataron catequistas e curas, nas rúas e nos cárceres do estado, senón que ata chegaron a matar un bispo, o bispo mártir San Oscar Romero (24 Marzo 1980), xa canonizado polo pobo, aínda que o Vaticano recce de facelo.

Pero o caso do Salvador non foi un caso illado, este novo modelo de persecución da xente de Igrexa, por parte de individuos e réximes "máis católicos que o papa", foi desgraciadamente habitual en tódalas ditaduras e pseudodemocracias no andado que padeceu a sufrida Latinoamérica entre os anos 60-80. Honduras, Guatemala, Bolivia, Chile, Brasil, Uruguai... "Nesta situación conflictiva e antagonista, na que uns poucos controlan o poder económico e político, a Igrexa púxose do lado dos pobres e asumiu súa defensa", explicou Monseñor Romero na cidade belga de Lovaina, cando recibiu o Doutorado Honoris Causa, pola súa prestixiosa Universidade Católica. Cando unha parte da Igrexa entendeu que non podía vivir para si, senón que debía facelo para os outros, sobre todo para a causa dos máis pobres e indefensos, os poderosos comprenderon moi ben aquilo que dixeran o Che Guevara: "Cando os cristiáns oúsen dar un testemuño revolucionario integral, a revolución latinoamericana será invencible". Desgraciadamente, non foi invencible nin sequera a "revolución bonita" de Nicaragua, que acadou a victoria contra os caíques e na que uns curas chegaron a ministros.

Nel encontro variano do 19 de Novembro, Fidel recordaba ante a prensa internacional que a revolución cubana "non tivo endexamas un espírito antirreligioso, ningún sacerdote foi ferido na súa integridade física, nin humillado, e ningún templo foi pechado". Se ben é certo que a presenza de curas e monxes mingaou nestes anos na illa e

os que se declaraban cristiáns foron marxina- dos dos cargos públicos.

UNHA IGREXA DE PRESENCIA, MAIS QUE DE MEDIACIÓN. Non, na Cuba de Castro non se matou curas. A pesar de que a revolución topou cun catolicismo moi conservador e unha xerarquía recalcitrante verbo da revolución, que non miraba con bos ollos a admiración que a vía cubana cara unha nova sociedade suscitaba en cristiáns ilustres de Latinoamérica (o bispo Casaldáliga, o cura e poeta nicaraguano Ernesto Cardenal, o brasileiro Frei Betto...) e de Europa (teólogos prestixiosos como Giulio Girardi...). Ata un cura galego, Celso Montero, escribiu un ilusionado libro sobre o cristianismo en Cuba á súa volta da illa canbeña.

A valoración positiva estaba feita desde os parámetros da Teoloxía da Liberación, e a xerarquía eclesiástica cubana, como a vaticana, non estaba polo labor. Cunha mentalidade máis ben conservadora, a Igrexa cubana —a parte de moitos grupos cristiáns de base— foi unha Igrexa máis de presenza que de mediación; unha Igrexa que buscaba máis facerse ver como instrución, que ser mediación do Reino de Deus, que é xustiza e liberación para os oprimidos. Xustamente isto último era o que buscaban moitos cristiáns cubanos, que recibiron palabras de alento de Fidel Castro en máis dunha ocasión.

A OLLADA DUN TEOLOGO SOBRE O CRISTIANISMO CUBANO NA REVOLUCIÓN. O gran teólogo católico norteamericano Harvey Cox, comezaba o Prefacio do libro *Cuba. La religión en la Revolución* (1974), dicindo: "Este é un libro sobre a liberación. Relata como se liberou o pobo cubano do xugo colonial, e conta como se están liberando os cristiáns de Cuba das pautas opresivas da época anterior". Recoñecendo logo que o bloqueio que mantiña o seu país sobre a illa canbeña, "tennos bloqueado tamén a nós, mantendonos na ignorancia".

A comezos dos 70, este prestixioso teólogo recoñecía, como a nova visión relixiosa do cristianismo cubano de base, manifestaba "as devastadoras consecuencias producidas por longos anos de imperialismo político, económico e relixioso norteamericano". Máis aínda, chegaba a dicir en valente autocontención: "Na visión do século vinte da historia do Exodo, os norteamericanos aparecen como os xirapies, que desafiaron a Deus da xustiza, portando en aniquilar os movementos de liberación humana alí onde xorden".

Non é de estrñar que para este teólogo, fillo rebelde do país imperialista por excelencia neste século XX, o proceso máis trascendental no cristianismo contemporáneo non teña lugar nin no Vaticano, nin

sequera nos círculos progresistas da teoloxía ou no debate ecuménico, senón en Latinoamérica; aínda que sexa un proceso que semelle ter pouco que ver coas igrexas acomodadas de Europa e Norteamérica. Naquel memorable Prologo, Harvey Cox escribía cousas tan proféticas e fermosas coma estas: "O novo cristianismo latinoamericano semella combinar unha auténtica fe relixiosa cunha rexa confianza no poder do pobo para transformar o seu mundo; o compromiso político da esquerda cunha alegría irrefreable, a forza do puño pechado contra a inxustiza, cun amor quente e acolledor". No cristianismo cubano via o autor un símbolo desta aposta: "Cuba libre non é só un cóctel, é un signo de que a nosa propia liberación non ten por que escapárenos eternamente".

El mesmo recoñece que quizais estea idealizando, "pero só un pouco". Desgraciadamente, os últimos anos 80, e sobre todo o que levamos dos 90, foron quitándolle forza a este optimista prognóstico. Con todo, o cristianismo latinoamericano segue a ser o máis innovador do século XX, e a súa teoloxía a máis atractiva, mesmo nos círculos europeos, tan distantes na súa realidade social. A pesar dunha xerarquía conservadora que segue a fustigar a Teoloxía da Liberación, fiel ás consignas vaticanas, non hai máis que darse un paseo polas comunidades cristiás latinoamericanas, para ver como, ademais do catolicismo conservador e as sectas que proliferaron nos últimos anos; hai un cristianismo vivo, evangélico, creativo e comprometido coa realidade dos oprimidos, fiel á máis xenuína tradición bíblica. Constatemo persoalmente hai só dous anos no Ecuador.

Certamente, as cousas en Cuba non foron igual nos últimos anos que naqueles ilusionados setenta e comezos dos oitenta, notándose o cansazo e a decadencia dun réxime, atogado polas presións externas dun bloqueio inxusto e asasinio e os erros internos dun réxime demasiado personalizado. ♦

VICTORINO PÉREZ é crego e escritor

CONNIE

XURXO BORRAZAS

Un día calquera, paseando, bálanos unha baldosa baixo os pés. Resulta que agochaba unha poza e de seguido pensamos en obreiros cansos e en orzamentos de miseria, en contratos blindados e corrupción rampante. De alí a nada enxergamos as entranas da explotación, a evolución da especie humana. Por unha baldosa mal posta.

No distrito de Columbia, en Washington, unha viguesa pisou mal e descubriu o mundo. E chamáronlle Connie, sendo antes Concepción. As senles privárona da súa filla e a nova fronteira é agora ela, porque en tempos de represión só as reviradas son ceibas.

Cando sentou diante da Casabrancia os ordenadores eran ciclópeos e oficiais, e agora ela mesma aparece nos romances do *cyberpunk*. A xente viaxa desde o Pacífico, desde Alemaña ou Xapán para chucarlle a man; sen relevos, para tirar unha foto entre os seus carteis de hippie e as mercadorías coa palabra amor.

Pasan os presidentes, os mísiles e furacáns, o apuntalamiento de réximes fedorentos, os novos métodos de axustizamento democrático e os inimigos a combater. E Connie segue alí, dicíndose que o sabor da liberdade está no contacto da liberdade coa propia pel, desafiando a marcha dos reloxos e a dinámica do século; durmindo sentada baixo tres anoraks e a ollada dos turistas cos beizos emboutados en ketchup, probando coa súa inmovilidade que nada cambia entre os fillos do Mayflower e a C.I.A., de Walt Disney, do Pentágono e a rede New York Times, C.B.S., Newsweek, Time ou Reader's Digest.

Connie alimenta a esquivos e papornubios co sorriso da labradora mentres ao fondo os dirixentes de outro mundo arriban en autos mouros, embózanse en mil banderías, asinan tratados de aceiro e amosan o esmalte dos seus dentes postizos. Son cousas dos ciclos e ela sábeo. E do Nadal quedáse coas luces e co lume das fogueras. A súa lucidez é epifánica, vencelora, como a súa determinación. Cando a casabrancia se mova, pensa esta muller brava, tamén me moverei eu. ♦

XURXO BORRAZAS é escritor



É o Nadal un tempo triste?

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Neste bairro residencial da Terra que é noso Primeiro mundo, cada vez hai máis xente para a que o Nadal oficialmente un "tempo de paz e alegría", na que toda a "xente de ben" se supón que debe estar leda e xenerosa—é, pola contra, un tempo triste, que desexa pase axiña, pois non o pode aturar.

Quizais non pode aturar a mentira e a falsidade de falar de amor, xustiza e paz, mentres segue a morrer xente de fame por millóns e os que falan de xustiza despilfarran até o que teñen, mentres á beira do meu piso con "calefacción económica" hai xente vivindo na rua e aturando a friaxe da noite con papeis de periódico; mentres os hipermercados fan o negocio meirande do ano a conta dun tal meniño de Belén, que seica naceu entre as palliñas dun cortello, co agarimo duns pais humildes e o calorciño da mula e o boi... "Pero mira como beben los peces en el río..."

Se é crente, poida que até *celebrar* así o Nadal lle soe á blasfemia de mercadores e cristiáns farisaicos, contra un Deus que aposta polos pobres para abrir camiños de xustiza nun mundo inxustamente organizado.

Quizais que non poida aturar *celebrar* unha festa na que un non ten nada que celebrar. "Este tempo ponme triste, e non sei ben por que?" "Por que ten un que ser feliz á forza neste tempo?", escoitaba estes días a distinta xente.

Un, cavilando un pouco, dase de conta que unha das cousas máis tristes é estar nunha festa sen ter gañas de facela e sen saber por que se fai realmente. Como *celebrar* unha festa sen saber ou sen crer no que se celebra? Un psicólogo diría que só serve para facer medrar a ansiedade e caer na anguria ao ver que os demais "parecen" estar moi felices, mentres eu non o estou, nen conquiro conectar con eses sentimentos tan bonitos.

Un crente cristián se encontra razón para celebrar o nacemento dalguén que el ten como mestre e guía, como luz e alegría. As palabras *Mesías-Cristo, Enmanuel, Encarnación, Belén...* non son para el tópicos ou verbas do pasado, senón afirmacións do presente, símbolos de esperanza e aposta pola vida no medio da morte, pola xustiza e a paz nun modo violento e inxusto.

Seguidor de Xesús Cristo tamén di como salmista: "Decote me din, onde está Deus?" (Salmo 42). E descobre a resposta no Evanxeo: "Vaíamos a Belén, a ver o que sucedu ("esta palabra") e que o señor nos manifestou" (Lc 2,15). Por iso, sabe que o verdadeiro rostro de Deus teno que atopar no pesebre, entre os pobres. ♦

OPINIÓN

A REVISTA ENCRUCILLADA VEN DE PUBLICAR O SEU NÚMERO 100, QUE REPRESENTA VINTE ANOS DE ANDAINA ININTERROMPIDA NOS CAMIÑOS DA COMUNICACIÓN E A REFLE-

XIÓN CRISTÍ EN GALIZA. CON ESTA OCASIÓN DEU Á LUZ UN VOLUME EXTRA DE 340 PÁXINAS, NO QUE FAI UN REPARO Á REALIDADE DA IGREXA GALEGA NO POSTCONCILIO.

VINTE ANOS DA IGREXA GALEGA

VITORINO PÉREZ PRIETO

Encrucillada, "Revista galega de pensamento cristián" reza o seu subtítulo, cumpre vinte anos de andaina na Galiza, "polos adros das súas igrexas, polos foros da súa cultura, polas mestas e duras fragas dos seus problemas", como escribía neste volume o seu director desde o comezo, o teólogo, pensador, profesor, escritor e académico Andrés Torres Queiruga. Vinte anos (entre o Xaneiro de 1977 e o 6 de 1997) son moitos anos. As perto de 10.800 páxinas dan para moito, tal como reflexará un próximo volume cos índices dos centos de números publicados. Nese moito hai, necesariamente, bo e malo, acertos e erros, pero sempre a vida que se vai facendo histórica. A vida dunha Igrexa en Galiza que non puxo moito interese por ser galega, pero tamén a vida dunha Igrexa galega que quixo e quere ir construíndo unha historia propia. Esta última é a xenuína herdeira dos traballos, reflexións e esforzos dos mellores crentes na historia galega, que teimaron en xunguir a súa identidade galega e a súa fe cristiá (cf. os meus libros *A Xeración Nós e Galegos e cristiáns*). O Pedrón de Ouro en 1991 e o Premio da Crítica xunto con *Imma* en 1996, con todo o discutible que poidan resultar, manifestan, entre outros, o recoñecemento da sociedade galega ao traballo desta publicación.

UN CONCILIO QUE QUIXO CAMBIAR A IGREXA CONTEMPORÁNEA. O volume reflexa, coa amplitude limitada que lle permiten as súas 340 páxinas, a vida da Igrexa galega nos últimos vinte anos e nos trinta de postconcilio. O Concilio Vaticano II (1961-1966) foi o feito máis transcendental da Igrexa católica neste século e o primeiro verdadeiramente ecuménico (universal) de toda a Historia da Igrexa. Os seus 3.500 participantes, representantes de todas as rexións e culturas da Terra, contrastan cos 750 do Vaticano I (1869-1870) e os 258 do outro gran concilio, o de Trento (1545-1563), que representaban a penas as potencias occidentais. Ademais, a súa vontade de "poñer a Igrexa ao día" (*aggiornamento*), afrontando os problemas reais non só desta senón tamén do mundo (pobreza, opresión, violencia, dereitos humanos...), fan del un concilio pastoral e práctico, que contrasta coa vontade case exclusivamente dogmática dos anteriores concilios. O comezo dunha das súas constitucións, a *Gaudium et spes*, que foi acolida con apaixonante ilusión en todo o mundo, tanto na metrópole como na periferia, dicía: "Os gozos e as esperanzas, as tristuras e as angurias da xente dos nosos días, sobre todos dos pobres e os aflixidos, son tamén os gozos e as esperanzas, tristuras e angurias dos discípulos de Cristo, e nada hai verdadeiramente humano que non teña resonancia no seu corazón". A Igrexa xa semellaba querer ocupar o seu divórcio co mundo moderno e compartía as preocupacións da humanidade, "abríndolle as súas fiestras" como proclamara profeticamente o papa Xoán XXIII, cando o convocou. Deste xeito, coas limitacións da xente do antigo *regime* que aínda participou nel, o Concilio soubo tomar posturas decididas na defensa da dignidade humana fronte a toda opresión sociopolítica, cultural ou relixiosa, o que foi salientado mesmo polos asistentes de fora da Igrexa católica.

Esta apertura conciliar resultou imparábel e, de contado, colleu unha evolución de vertixe, cambiando moitas cousas en pouco tempo coma da noite ao día. Pero moitos deses cambios foron só aparentes: o núcleo xentilicio que gozaba a Igrexa permaneceu case incommovible e non tardou en facer recuar

aquel *aggiornamento*, promovendo un movemento restauracionista que pretendía poñer de novo "as cousas no seu lugar". A pesar das frustracións da euforia conciliar que viviron nas décadas seguintes, con todo, o empuje das bases da Igrexa e o novo pensamento teolóxico fixeron cambiar moitas cousas, sendo unha verdadeira primavera vizosa para os cristiáns abríron portas que endexamas se poderían volver pechar, a pesar dos esforzos restauradores. Foran tamén momentos de profundos cambios sociais, políticos e culturais en todo o mundo, particularmente na península ibérica e na Galiza. O traballo de teólogos como Chenu, De Lubac, Rhaner, Schillebeeckx... abrían o camiño das correntes da nova teoloxía política europea e a teoloxía da liberación, tan frutuosa como perseguida. Os cristiáns de base alumearon grupos e movementos, dinámicas parroquiais... que fixeron prender a ilusión nunha mensaxe cristiá que tiña moito que dicir aínda, volvendo ás raíces sempre novas do Evanxeo.

O POSTCONCILIO NA GALIZA. En Galiza tivo un eco importante a creativa Asemblea Conxunta de bispos e sacerdotes do Estado (1966-71), e foron os tempos do Concilio galego (1966-79), unha gran ocasión frustrada, a pesar do gran esforzo participativo que supuxo. Foi tamén o tempo dun movemento clerical profundamente anovador, como foi o do grupo dos "Irmandiños" (1966-1974), e outro moito máis significativo coma o dos Colóquios Europeos de Parróquias (1966-1987), que foi valorado positivamente ate pola clandestina UPG; os "europeos" eran o expoñente dun importante movemento progresista e galeguizador no clero. Houbo tamén movementos renovadores nos Seminarios e usas Congregacións Relixiosas/as (a UPG e outras forzas políticas progresistas naceron ou xuntáronse nas sancristías e nos

seus centros de ensino); sobre todo nas relixiosas, os froitos continúan aínda sendo unha realidade cos seus altos e baixos. Foi o tempo da editorial SEPT, que quería producir libros relixiosos en galego e que acadou o seu cume coa publicación da Biblia Galega; este grupo tivo un importante protagonismo no impulso da liturxia en galego, ao pe doutro grupo na Galiza do Norte, os ferroláns que facían *Boa Nova* na mesma casa do bispo Araújo. Outros grupos anovadores foron os que promoveron o movemento Catequético

e o de Caritas Diocesana, que en Lugo deu a luz un proxecto tan importante e laureado como foi *Prescolar na Casa* (que funcionaba desde 1977); e o importantísimo labor dos leigos das comunidades de base, os movementos especializados de Acción Católica (os mozos da XOC, XEC-MECG, XIC e XARC, os adultos da HOAC e o Movemento Rural...) e os movementos pro Latinoamérica ("Oscar Romero"...).

En fin, foron os anos en que apareceu e foi dando os seus froitos o movemento máis galeguizador de toda a historia da Igrexa galega, que produciu as revistas de máis longa permanencia: *Encrucillada* (desde 1977) e *Imma* (case 500 números desde 1981). A Asociación Irmita impulsou, ademais, as "Romaxes de Crentes Galegos", outras reunións que chama "Irmitanzas", retiros de espiritualidade, escolas non formais de formación bíblica e teolóxica, etc. Non se pode esquecer entre os froitos destes anos unha decorosa lista de publicacións: libros e outras publicacións en galego (a revista pastoral *Lumieira* e outros boletíns parroquiais). A última pola da vizosa árbore da Igrexa galega é o movemento das "Mulleres Cristiás Galegas", en proceso de constitución tras varias reunións. ♦

VITORINO PÉREZ PRIETO é crego e escritor

OS IRMÁNS ESQUECIDOS

MANUEL MERA

Non hai dúbida de que as relacións entre Portugal e Galiza medraron nos últimos anos. Houbo dous feitos que pularon por que así fose a caída das ditaduras salazarista e franquista e a supresión das alfândegas a ambas beiras da raia. Abonda ver como ano a ano medran os intercambios comerciais, nos que Galiza ten un claro superavit, pero tamén as visitas turísticas. Portugueses e galegos fan compras a cotío, para decatarse de que está aberta unha fenda definitiva no muro que secularmente, e por razóns externas, afastaba as dúas partes irmás do Miño.

Mesmo desde as administracións, no noso caso autonómicas e municipais, hai unha aposta, aínda máis verbal que práctica, por formar co Norte de Portugal unha grande rexión económica que nos permita manter posturas e proxectos comúns dentro da Unión Europea, mellorando deste xeito as posibilidades de competencia dentro do marco hostil que esta representa. Tampouco a patronal deixou de aproveitar as vantaxes dunha maior relación entre os dous países irmáns, e así temos importantes investimentos, galegos en Portugal, especialmente na área de Porto, portugueses en Galiza (*Cimpor, Pan de Azúcar, Sonae, Caixa Xeral de Depósitos...*).

Peró hai nas relacións con Portugal un déficit importante que aínda que pareza mentira, ven producido tanto pola desidia e desinterese da patronal e a Xunta de Galiza, como pola falta de adicación e proxectos concretos do nacionalismo. A Xunta e a patronal acentuaron os intercambios económicos, pero esqueceron outros aspectos que tamén son importantes para a nosa nación, mesmo para potenciar a súa identidade e servir de contrapeso a todo o español, como é o relacionado coa cultura no senso máis amplo. Non podía ser doutro xeito, xa que a Xunta non está por potenciar os signos de identidade de Galiza, e a patronal galega hai moito que, cando menos maioritariamente, aposta pola estranxerización, son colonizados agradecidos.

Resulta menos comprensíbel que desde o nacionalismo as relacións con Portugal sexan tan pobres, especialmente co Norte, tan identificado social e culturalmente con nós. Só unhas poucas persoas a nivel individual rachan con esta situación. Sei que moitos portugueses miráronos como extranxeiros, que non comprenden a nosa problemática, e isto doe, máxime cando un espera, por lóxica, un aliado e un apoio ao problema nacional de Galiza. Así son as cousas, esa é a realidade, con laíarnos e esperar milagres non se vai acadar ren. Hai que entender que van séculos de isolamento, de desinformación, en ambas as beiras da raia. Temos que rematar con esta situación!

Compre que desde o nacionalismo pulemos por favorecer e organizar en todos os ámbitos de actuación nos que estemos, as relacións con Portugal, para que isto sirva para coñecermos mellor, pero tamén para rachar coa referencia estatal como único punto de comunicación co mundo exterior. No eido da cultura hai que forzar especialmente á TVG e outros medios de comunicación para que contan a cotío na programación con artistas, intelectuais e persoas relevantes de Portugal. Para que sirvan de contrapeso á invasión de cultura e lingua hispánica. O propio hai que facer nas relacións sindicais, políticas, institucionais. ♦



OPINIÓN

"HAI MOITOS ANOS -CONFESA O REDACTOR DESTE ARTIGO- QUE SON AMIGO DO CINEMA DE AUTOR. É A CRIACIÓN DA SÉTIMA ARTE QUE ME CHEGA MÁIS AO FONDO. E PARA A QUE PAGO MÁIS GOSTOSO A ENTRADA Á SALA OU O VÍDEO PARA A CASA. GARDO ALGUNS TÍTULOS CLÁSICOS NA MIÑA

PEQUENA VÍDEOTECA, COMO GARDO OS LIBROS DA MIÑA BIBLIOTECA. PERO RARA VEZ ATOPO PELICULAS NOVAS, TRAS DAS QUE POIDA DIZER DESPOIS DE VELAS: GRÁCIAS, PORQUE O CINEMA EXISTE!" O RECENTE FILME ROMPENDO AS ONDAS É UNHA DESAS OBRAS QUE CONFIRMAN ESTA AFEIZÓN.

ROMPENDO AS ONDAS

VICTORINO PÉREZ PRIETO

O cine existe como creación cando sabe transmitir algo valioso cunha linguaxe nova, ademais de ser un pasatempo máis ou menos sofisticado. Ocorreume despois de ver nos últimos anos filmes como *Azul* ou *Vermello* de Kieslowski, e gardo a súa trilogía como quen garda un clásico; ocorreume tamén con *O rei pescador* de Terri Gillians, *No nome do pai* de Sheridan, *La estrategia del caracol* de Sergio Cabrera, *Before the rain* ou *Lamérica*, e algúns títulos máis. E volveume ocorrer hai unhas semanas con *Rompendo as ondas* ("Breaking the waves"), unha pequena obra dun realizador que me resultaba case descoñecido, Lars von Trier.

Non lera cousas sobre ela, aínda que me falaban moito ben do filme. Pero a medida que avanzaba a proxección, ían vindo ao meu maxin a historia e as imaxes de *Ordet* (1954), do tamén danés Carl Dreyer, de quen teño nun lugar privilexiado da miña estantería esa obra e *La pasión de Jeanne d'Arc* (1927), dúas xoias do cinema. Despois lín como os críticos relacionaron a ambos, e o mesmo Von Trier recoñecía a súa admiración e discipulado verbo de Dreyer. Carl Theodor Dreyer é estudado nos libros de cinema como o home que máis autenticamente soubo achegarse ao misterio relixioso desde a sétima arte; os dous filmes citados están entre os mellores da historia en moitas clasificacións. Tanto *Ordet* ("A palabra") como *Rompendo as ondas* tocan o tema da relixión, e particularmente o do milagre con sumo respecto e delicadeza. Ambos filmes están ambientados no contexto da relixiosidade conservadora do mundo calvinista, buscando outras saídas á relación con Deus.

"UNHA HISTÓRIA DE AMOR E RELIXIOSIDADE. *Rompendo as ondas* é moito máis que unha "película relixiosa", é un filme sorprendente, a medio camiño entre o humano e o sobrenatural, o xuízo e a tolema, o amor inocente e a paixón sexual, a realidade máis dramática e a fe máis inxénua; un filme que non foi feito para deixar tranquilo ao espectador, senón para inquietar e aínda incordiar. A primeira vez que fun velo, chegamos uns minutos tarde e o porteiro díxonos: "Aínda teñen película e película... se a aguantan". E máis dun non a deben aguantar; tampouco non foi unánime a opinión dos amigos e amigas que a vimos nesa e noutra ocasión uns días despois. O seu estilo cinematográfico, o seu plantexamento visual desconcerta desde o comezo (violentos varridos, varción da cámara en man, fotografía pálida e ás veces desenfocada...), pero a pouco que se para o espectador, descobre a vontade do director de crear unha linguaxe propia en función do que quere dicir.

De calquer xeito, *Rompendo as ondas* é unha historia de amor, até límites sublimes. Unha historia dun amor, narrada "en capítulos", que chegou até o ceo... entre o repenque de campás que pecha o filme. O non crente atopará as súas propias claves no amor sincero ou desquiciado da desconcertante protagonista; até houbo quen atopou no filme unha alegoría de "como a prostitución pode chegar a ser unha vía válida para a santificación". O crente pode atopar no filme como o sacrificio da protagonista para aca-

dar a salvación de quen ama intensamente e —salvando as distancias— unha imaxe da paixón de Xesús Cristo, un compromiso de amor que chega na entrega até a propia imolación. Unha paixón na que non falta mesmo nen o sentimento desacougante do silencio de Deus: "Meu Deus, por que me abandonache?", di o nazareno; "Onde estás Pai?", di a protagonista camiño do seu dramático fin. Ambos atopan a resposta dese Deus que está perto, aínda que velado.

Esta historia de amor é a de Bess, unha inxénua e frágil moza á que o médico cualifica de ter como causante do seu dramático desenlace a grandeza do seu amor. Bess (unha debutante Emily Watson de ollos que enchén a pantalla coa súa expresividade), cunha relixiosidade infantil e funda á vez, vive nunha tradicional comunidade de tipo calvinista ao norte de Escocia; unha comunidade cunhas formas tan ríxidas e intolerantes que bota aos mortos ao inferno "por decreto" do consello de anciáns. En troques, Bess está convencida de que por riba das leis hai que amar ás persoas: "Non se pode amar a palabra, só se ama ás persoas", di no cénit da manifestación da súa fe, nunha igrexa marcada pola presenza intransigente dunha Palabra de Deus fosilizada, na que só podían tomar a palabra os homes.

UN DEUS INTRANSIXENTE? Bess fala con Deus na oración, nun amistoso trato cotián, da súa boca saen as palabras que ela dirixe a Deus e as palabras que recibe de el. Con todo o sublime que a algun crítico lle parece esa relación, a súa concepción de Deus adoece de ser unha imaxe dura e intransigente, a imaxe existente que fora recibindo desde a súa infancia ("Es moi mala Bess... Portáche moi mal... Non esquezas que eu dou e quito cando quero..." repítelle Deus na súa oración unha e outra vez). A

moza chega a crer que a súa imolación final é o "prezo" que Deus lle vai cobrar para que cure Jan, o seu home. Jan quedara tetrapléxico nun accidente na plataforma petrolífera na que traballaba. E o caso é que Jan cura, tras da morte de Bess!


Até chegar a ese dramático desenlace, asistimos a un tortuoso camiño no que a moza vai buscando respostas e solucións, culpabilizada porque o accidente de Jan é por causa da súa existéncia a Deus para que o seu home volva onde ela. Nese calvario Bess vai chegar a facer con outros homes cousas que considera humillantes, pecaminosas e aberrantes, guiada pola obsesión de que só o amor pode salvar ao seu home e conseguir un milagre. O prezo do amor que vai levar á liberdade ao seu esposo é a súa propia escravidão, a maxinación da súa comunidade, dos seus amigos e da súa mesma familia, nunhas secuencias que veñen ser das máis dramáticas do filme.

Un filme que non foi feito para deixar tranquilo ao espectador, senón para inquietar e aínda incordiar

Que diferenza entre a oración de Bess e a de Anthony Hopkins en *Terras de penumbra* ante a enfermidade incurábel da súa muller, tras disfrutar tan pouco tempo da vida de casado: "Non rezo para cambiar a Deus, rezo para cambiar eu".

De calquer xeito, unha magnífica película, para ver e gozar, susceptible de diversas lecturas. Como achegamento á experiencia relixiosa da transcendencia, a do crente expresada nese "Cristo pequeno e rubio" que dixó alguén, e a de quen ve desde fora a forza amorosa desa experiencia. Ou a lectura secular como expresión do que o amor é capaz, cando é grande e xenuíno: "Agardábase desde sempre", di Bess; "Se non morrin é porque o amor tivo forza para salvarme", dílle o seu home.

Victorino Pérez Prieto é crego e escritor



A DESINFORMACIÓN COMO MODELO

MANUEL MERA

Desde 1989 Galiza pasou de 1.043.600 de persoas con traballo a 899.400 no cuarto trimestre de 1996. É dicir: 144.200 empregos menos. Dado negativo de calquer xeito que se disface. Demostrativo de que o Goberno Fraga perdeu 20.000 empregos por ano, un récord, seguramente en toda a Europa Occidental. Non hai dúbida que son varios os motivos: aumento do desemprego, emigración, descenso da poboación e tamén crecemento da economía informal. Pero todos eles, absolutamente todos, son consecuencia, en grande medida, da pasividade ou entreguismo na defensa dos intereses de Galiza, no marco do Estado español e da Unión Europea, por parte da Xunta de Galicia, e da utilización inadecuada dos recursos de que dispón. Comparémos senón estes datos cos dunha nación como Catalunya e unha comunidade autónoma como Andalucía, unha rica e outra pobre, no mesmo período: Catalunya gañou 239.000 empregos e Andalucía 172.000.

Se tivesemos que calificar á Xunta en economía levaría un cero, pero en distorsión informativa subiría a un dez. Así, por exemplo, fronte a todo tipo de datos negativos, que se suceden durante todo o ano, sempre atopa unha fórmula que os transforma en positivos. Concretamente a Consellería de Agricultura destaca estes días: que Galiza medra en número de vacas e volume de cuora... A perda de 20.000 explotacións desde 1992 parece ser para eles unha consecuencia lóxica: "dada a falta de profesionalidade e a idade avanzada dos propietarios". Non se analiza por qué se marcharon os mozos e onde foron e non se fala de postos de traballo alternativos. Dá a sensación de que estivesen pensando: por fin varios miles menos. Por que non desaparecerán algúns máis, sen descendencia, así solucionamos o problema dunha vez.

E para que non haxa dúbidas sobre o que decimos e o ben que vai todo, Fraga afirmaba hai uns días: que está satisfeito con Aznar (lóxico, é da súa corda), que Galiza cobrará dividendos do seu tremendo esforzo (esperemos que daquela aínda quede alguén), e que non haberá unha reconversión drástica no sector lácteo (as protestas masivas son de queixas).

Neste marco dá a impresión de que axentes foráneos, lectores de Maquiavelo, teñan na vida política galega. Nun contexto no que cada vez sectores máis amplos da sociedade teñen que renunciar a ter un fillo ou unha casa para poder vivir, por mor do desemprego e a precarización; no que aumentan as diferenzas sociais e xa se pode ver como algúns persoas, por sorte aínda poucas, remexen o lixo pola mañá cedo, avergoñados, para atopar algunha cousa que lles sirva. Mentras suceden estes feitos, algúns só ven pobreza e problemas no Zaire (que tamén hai que ocuparse dela) e coidan que todos andan de viños pola noite e non van de viaxe en Semana Santa porque non queren. A dúbida, non sei se razoábel, e se son cegos por ideoloxía ou por cobiza.

Manuel Mera é Secretario Confederal da CIG

"ATÉ A LIBERDADE DE EUZKADI"?

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Estiven por titular esta pequena columna "Xa non podemos calar", co título daquel vello disco de *Sarabha*, pero pareceume un eufemismo. Como se antes caláramos por convivencia e agora, despois de outra nova avalancha de media dúzia de mortos en poucos días, xa fose hora de falar.

Desde posturas progresistas moitos vimos dicindo desde hai moitos anos que a ETA non ten sentido, nen política nen socialmene, que xa abonda a súa violencia cega, que por ese camiño non se vai a ningures, e menos ir "até a liberdade de Euzkadi" coas mans enchou-padas de sangue.

Que liberdade sementada de cadavres de irmáns? Desde hai moitos anos, xa non son as vítimas coñecidos torturadores, nen ogros que perpetuen réximes ditatoriais, senón xente sinxela, con uniforme e sen el, políticos, perruqueiros e vendedores de bicicletas.

Todos os partidos do arco parlamentar, agás HB, e particularmene o BNG, xa se manifestaron descualificando ese camiño.

Compre dicir: Non á violencia asasina de ETA! desde todos os lugares, tamén desde o nacionalismo que quere ser legitimamente radical.

Compre dicirle aos violentos de ETA, aos violentos dos grupos Y, e aos dirixentes e militantes que perpetúan o silencio culpábel de HB, que a morte non pode ser o prezo da vida nacionalista nunha sociedade democrática que quere facer un camiño en paz, con todo o falsamene democrática que sexa en moitas cousas.

Compre dicir que unha sociedade nova, xusta, fraterna e solidaria, só pode nacer da aposta pacífica pola xustiza e a paz.

Compre dicir ben alto que cada vez máis, aprendendo desta historia que vai tan rápido, só se pode dar a luz a unha sociedade realmente nova crebando a lóxica da violencia e a morte, trocando odio por amor. Amor eficaz, amor social e político, pero amor que se entrega solidariamente.

Que futuro vai ter unha pretendida sociedade nova na que os mozos van medrando inxectando violencia e odio nas súas veas; na que necesitan para vivir a súa dose diaria de destrución da convivencia pacífica, dos meios que ofrecen un servizo público, sexan un autobús ou unha papeleira?

Bastante morte e destrución da vida humana e de toda a vida, para que sigamos aumentando máis a cuota. ♦

UNHA DE BISPOS UN GALEGO QUE SE VAI E UN CÁNTABRO QUE ENTRA

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Non me gusta moito falar de bispos, pero hai veces que compre facelo; vendo o que aconteceu días pasados na Igrexa Galega, resulta demasiado evidente e lacerante para non telos presentes. Facendo da súa capa un saio e despregando novamente as arelas repetidamente manifestados dun pobo, a Se Vaticana nomeu a un galego como bispo para fora de Galiza, poucas semanas despois de ter nomeado un novo bispo non galego para unha diocese galega. Ante un feito así, resulta secundaria a valía ou ineptitude dos elixidos. Remedando un sabio dito da miña aboa: "mal está o que está mal". E está mal pasar tan olímpicamente por riba da vontade dun pobo.

Quince días despois da solemnísimas consagración e "toma de posesión" (!) da súa diocese de Ourense por parte do novo bispo, o cántabro Carlos Osoro Sierra (o pasado 22 de Marzo), os medios de comunicación anunciábanos que Uxío Romero Pose, galego e galeguista, intelectual de recoñecido prestixio, experto en Patroloxía que ten publicado numerosas colaboracións científicas en revistas galegas e en galego, e ademais amigo, era promocionado para bispo auxiliar de Madrid. O caricaturista Siro apresurábase a cambiarlle a garbata polo *alzacuello* e pintábase xa disfrazado de ensotanado bispo ó lado do seu mentor Antonio Rouco Varela, arcebispo de Madrid; o pe do debuxo resultaba doado e tónico: "Lobby (espiritual) galego en Madrid".

¿E os galegos? F...astidiados. Perdiamos a presenza achegada e enriquecedora dun bo amigo e un intelectual, á par que un home sabio e dialogante, realidade das que non andamos aquí nada sobrados. E o máis que podíamos gañar era un bispo... no futuro. Os que o coñeciamos dixemos todos unanimemente ¡E por que non agora!! Facendo esta pregunta a outros colegas e amigos de talante dialogante, e ó mesmo Uxío, non atopei ningunha resposta máis que a de "órdenes son órdenes", outros dábanme respostas menos suaves e complacentes. Sen dúbida, que o aprecio do arcebispo de Madrid por Romero Pose —que xa o puxera de rector no Seminario na súa estada episcopal en Santiago— estivo polo medio; vai serlle un bo apoio para traballar no ensarillado e difícil mundo intelectual e académico da capital.

Para que o agravio comparativo na designación destes bispos fora aínda maior, o perfil de ambos é institucional e persoalmente semellante: idade arredor dos 50 anos, intelectuais, profesores e rectores do seu Seminario Diocesán, moderadamente abertos... Pero un é galego en exercicio e o outro non. Oxalá que o que veu de fora se esforce realmente, como ten dito, en aprender a lingua e asumir a realidade galega para poder ser "galego cos galegos".

Quédame o consolo de ter, polo menos, un bispo máis ó que poder atuar. Con talante amplamente ecuménico, confesábase Uxío, ó falar días atrás con el, que no seu novo posto quería: "Ser un compañeiro... de todos os ben". Oxalá así! ■

OPINIÓN

ESTE ERA O TÍTULO (PERO SEN A INTERROGACIÓN) DUN INTERESANTE ARTIGO APARECIDO HAI UNHAS SEMANAS NO XORNAL FRANCÉS LE MONDE, QUE ME PERMITE FACER TAMÉN ALGUNHAS REFLEXIÓNS. O TRABALLO PARTIA DUN DADO ESPERANZADOR PARA A IGREXA FRANCESA: 3.700 ADULTOS SE BAUTIZARON NA NOITE DE PÁSCUA, UN MOMENTO ESPECIALMENTE SIGNIFICATIVO PARA RECIBIR TAL SACRAMENTO, POIS ERA A OCASIÓN NA QUE O

FACIAN NAS PRIMEIRAS COMUNIDADES CRISTIÁS. APONTABA CON RAZÓN QUE ERA UN VERDADEIRO RECORD NUN PAÍS DESCRISTIANIZADO COMO VEN SENDO FRÁNCA DESDE HAI TEMPO; SOBRE TODO TENDO EN CONTA QUE NA IGREXA CATÓLICA GALA TEÑEN NESTES MOMENTOS 12.000 ADULTOS QUE PARTICIPAN NOS CATECUMENADOS DE PREPARACIÓN PARA O BAUTISMO, E NOS ANOS 70 NON ERAN MÁIS QUE ESCASAMENTE UN MILLEIRO.

CRISE DA SOCIEDADE, CRISE DA FE?

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Con todo, os responsábeis desta Igrexa non botan as campás ao voio, pois son conscientes da dificultade de remontar desde a fe cristiá a realidade dunha cultura de indiferencia relixiosa, que afecta particularmente aos máis novos. Así, o semanario francés *La Vie* constataba recentemente que mentres hai trinta anos (1967) o 81% dos mozos franceses entre 18 a 24 anos dicían crer en Deus; esta proporción caeu ao 62% en 1977, e viuse reducida en 1997 a case a metade, un 46%.

No Estado español, aínda unha maioría alta de mozos se declaran crentes, pero non chegan ao 50% os que se definen como "praticantes"; unha cousa que sempre me custou entender: ¿Como se pode ser "crente" e "non practicante"? Algo así coma o caso dunha persoa que gostase da música, pero non a escoitase nunca. Ademais de que iso de ser "crente" é algo máis que ir á Misa os Domingos e festas de gardar. A realidade é que cada un ocupa o tempo do que pode realmente dispor (o tempo que non está atado a un estrito horario de traballo que non pode marcar el mesmo) como mellor lle parece. Non será máis ben que non se cre ou non se acepta a relixión concreta (católica, por suposto) en bloque, ou, séguese identificando a relixión cunhas cantas normas do papa ou dos curas?

O cardeal Ratzinger laiábase recentemente nunhas conferencias en México e USA, e nun recente libro (*O sal da terra, balance do cristianismo cara ao ano 2000*) de que a ameaza meirande para o cristianismo é actualmente o relativismo, como nos anos 70 e 80 fora a ortopraxe ("actuación correcta") sociopolítica preconizada pola teoloxía da liberación. Aos absolutos de ante sucedería unha era de relativismo no campo relixioso, moral e político. Desde xerto, calquer discurso que se propoña como verdade universal ou como norma xeral, pasara por dogmático, autoritario e contrario á tolerancia e ao pluralismo, valores supremos. Esta tal evolución crebaría o valor da mensaxe cristiá, mensaxe de salvación universal por definición; e descalificaría, por descontado, o discurso de autoridade das Igrexas.

A pesar do ecumenismo preconizado polo Concilio Vaticano II, que proclamaba o respecto das distintas confesións cristiás e aínda as demais concepcións relixiosas, como outras tantas vías alternativas de salvación, ¿como se podería conciliar a afirmación dunha verdade cristiá, defendida por unha institución bimilenaria, e este pluralismo relixioso (particularmente no caso dunha relixión tan diferente da cristiá como é o budismo, que está tendo ultimamente grande acollida nos países europeos)? Se a Igrexa, os dogmas e os sacramentos non teñen máis que un valor relativo, ¿non quedaría reducido o cristianismo a un puro humanismo, e a mesma relixión a unha cultura ou unha ética? ¿Non quedaría reducido Xesus Cristo sim-

entre outros? A afirmación da divindade única deste home non viría ser un signo de fundamentalismo e aínda de fanatismo relixioso?

Difícilmente se lle pode quitar toda a razón a este discurso, polo menos desde un punto de vista cristián. Ademais, o diagnóstico ven apoiado pola proliferación dos sincretismos en América Latina, Asia ou África, e na mesma Europa, sen esquecer a ese povo hiperreligioso que é o norteamericano, un povo que semella creerse-calquer cousa; este sincretismo representa actualmente unha moderna mestura de crenzas que rematan por converterse nunha relixión informe e confusa. Pero tamén habería que matizar varias cousas.

En primeiro lugar, cumpriría falar de que esta desafección militante da fe cristiá non é, en parte, o reflexo dunha crise cultural máis ampla, na que foron contestados todos os modelos de autoridade política (ideoloxías, partidos, sindicatos e asociacións...) e social (escola e escada de valores...). Henri Tinq, fala desde *Le Monde* da "fin dunha civilización parroquial", é dicir, dun certo tipo de estruturación relixiosa do espazo e o tempo", realizada desde a modernidade.

Logo cumpriría dicir que o cristianismo, aínda que ten todo o dereito a defender unha experiencia relixiosa histórica propia, que resultou en numerosas ocasións e segue a resultar verdadeiramente liberadora, non pode pretender ter o monopolio da salvación. Habería que crebar unha lanza a favor da validez de calquer relixión minimamente séria como un camiño de achegamento ao Mistério ("Todas as relixións son verdadeiras", escribe Torres Queiruga, matizando correctamente a expresión); particularmente as grandes tradicións relixiosas (ademais do cristianismo, o xudaísmo, o islamismo, o hinduísmo e o budismo). O amor salvador procura abrirse camiño na historia humana de mil e unha formas verdadeiras, aínda que houbera tamén opcións relixiosas bastardas e opresoras. Por outra banda, ¿cal das relixións tradicionais non tivo que aturar no seu camiño histórico experiencias opresoras e pouco acordadas cos seus xenúenos presupostos? Até o mesmo pacífico e tolerante budismo, que máis dun pretendeu dicir algo como que nunca "rompeu un prato" inxusta ou violentamente, tivo que aturar moitas contradicións negativas no seu camiño.

ter futuro se se manifesta coma un sistema pechado, galvanizado a influencias culturais e relixiosas e oposto a calquer outra verdade concorrente (relixiosa, cultural, científica ou laica); ou como a expresión dunha vontade autoritaria, hexemónica e europeocéntrica. Compre facer un cuestionamento rotundo das formas e o mesmo discurso autoritario e centralista dunha Igrexa que parecen ser alleas a este mundo, e que, en realidade, defenden intereses de poder ben mundanos. Por iso, fronte á vella afirmación dogmática: "Fóra da Igrexa non hai salvación", algun teólogo dixo recentemente, con bastante máis acerto: "Fóra do mundo non hai salvación". Por outra banda, verbo do centralismo uniformador dunha cultura dominante, os galegos, xunto con tantas outras minorías do mundo, tamén temos moito que achacarlle á Igrexa. Esta esqueceu demasiado a miúdo que o seu fundador foi un galileo que falaba arameo.

O camiño de seguimento de Xesus Cristo, feito persoalmente e coa comunidade dos crentes que chamamos a Igrexa, segue a ser hoxe unha proposta válida, engaiolante e actual, nun mundo desestruturado. Pero cumpríralle volver constantemente ás súas raíces, e a un tempo ollar o presente con realismo e o futuro con esperanza. ♦

VICTORINO PÉREZ PRIETO é escritor e creio.

MULLERES CRISTIÁS

VICTORINO PÉREZ PRIETO

As mulleres son maioría na Igrexa, sempre son as máis numerosas en calquera reunión, salvo nos Conclaves que elixen os Papas, nos grandes Concilios ou nos encontros das Conferencias Episcopais. Xa sexa nas celebracións dominicais, na misa de diário, ou en calquera outro encontro parroquial, nos espácos máis tradicionais ou nos espácos máis progresistas. A Igrexa sen mulleres quedaría case baleira, só con algúns dirixentes. En troques, só con elas, estaría chea, aínda que case sen dirixentes (algunha que outra monxa e algunha que outra laica). Son maioría, pero teñen pouca capacidade de decidir. Non embargantes, cada vez máis van tomando conciencia do seu papel e, o que están chamadas a desempeñar por dereito propio, que nace do seu bautismo.

En Galiza isto estase facendo xa, ademais das plataformas eclesiais progresistas nas que participan homes e mulleres, nun movemento específico e plural. Trátase das *Mulleres Cristiás Galegas*, que tiveron o seu I Encontro en Marzo do ano pasado, no mosteiro de Armenteira, onde foron moi ben acollidas polas súas monxas. Xuntáronse 31 mulleres cristiás de distintos lugares de Galiza para "compartir a nosa preocupación polo que estamos vivindo como Igrexa e na responsabilidade que, no seu seo, nos corresponde como mulleres". O seu lema foi "A muller na Igrexa, camiño de liberación".

Aportaron algúns datos : Na medida en que as cousas están progresando na sociedade cara a unha meirande igualdade, a situación desigual das mulleres na Igrexa resulta máis escandalosa. As mulleres están marxinas dos centros de decisión, cando unha correcta lectura bíblica e unha boa comprensión teolóxica invitan a unha conversión real. Pero vai habendo xa unha toma de conciencia. Alí fixeron unha *chamada á responsabilidade e a esperanza*: As mulleres teñen nas súas mans a posibilidade de forzar un cambio de situación, para que a Igrexa camiñe cara unha realidade máis evanxélica; entre outras cousas, porque están na situación do pobre, non teñen nada que perder, son participativas e poden aportar unha nova sensibilidade. Compre buscar un novo xeito de estar na Igrexa, crear espácos de encontro e construír desde o participativo, o comunitario e o igualitario; aproveitar a forza que chega das Igrexas máis novas de África ou América, e facer teoloxía desde a propia perspectiva.

Agora van ter o 8 de Xuño, no mesmo convento, o seu III Encontro. En tan breve tempo, o movemento foise articulando progresivamente, de xeito exemplarmente democrático, por medio de pequenas asembleas zonais e outro encontro a mediados de Novembro. Neste queren facer unha *lectura feminista* desde a visión teolóxica e unha *lectura teolóxica* desde a perspectiva feminista. Están tamén elaborando unha *Carta de identidade*, que sirva como referencia para todas as integrantes, respectando o seu pluralismo, e queren progresar na organización por medio de comisións de traballo. Sen dúbida unha esperanzadora aposta para a patriarcal Igrexa galega, na que o colectivo feminino é o máis amplo, xeneroso ... e negativamente submisivo. ♦

VICTORINO PÉREZ PRIETO é escritor e crego.

OVOS PARA APELES

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Despois dun par de meses sen aparecer por estas páxinas, quero retomar a atención do lector cunha noticia estival; choqueira, como choqueiro é o personaxe que a protagoniza, pero que invita a cavilar. As verbas coas que encabezo o artigo eran un cativo titular que pesquei en días pasados. A noticia referíase ao popular, ou "mediático" que din agora, Padre Apeles. Non retiven moito dela, pero si o substancial; falaba de que o tal crego fora facer un pregón patronal a unha festa dun pobo castelán, previo correspondente e substancioso pago; a pouco de iniciar o seu parlamento, puxérono perdido cos ovos que lle botaron enriba un grupo de irados veciños. "Deben ter moitos ovos", seica dixo o P. Apeles, coa súa habitual jeta impávida.

Por aquilo de que un é cura -mellor que crego, que ven de *clerigus*, a clerecía ou *cregaxe*- tiven que aturar nos últimos meses unha e outra vez a pregunta polo tal P. Apeles, un dos temas recorrentes en conversacións intrascendentes; sobre todo, se é realmente cura ou un farsante que anda a sacar cartos... En realidade, non teño moita información deste fenómeno popular, pero si teño unha opinión claramente formada. Vino tres ou catro veces na TV, primeiro no programa de Sardá "Moros y cristianos", onde saltou á fama, e logo noutro programa novo "El puente", e ultimamente nun debate televisivo a raíz da morte de Diana de Gales, outra persoa mediática, vítima de ses furores populares. Chegoume.

Polo que eu sei, o tal uniformado crego pertence realmente á clerecía. Teño oído que tras ser expulsado de varios seminarios españois, seica recalou no seminario integrista de Écone, so famoso bispo francés de extrema dereita Marcel Lefèvre, aínda que el nega tal cousa. Cando morreu este prelado, Roma ofreceu aos seminaristas a posibilidade de rematar a súa formación na cidade eterna, cun comenente reciclaxe; ao remate, varios foron ordenados seica polo mesmo Papa. O que admite el mesmo é o de ter sido ordenado crego en Roma, aínda que por un famoso cardeal; alí adscribiuse a unha congregación relixiosa un pouco rara; el ten dito que se trata do Instituto de Cristo Rey. Logo, o home veuse á España a facer carreira, caendo por Valencia, onde empezou nos medios, tendo unha boa acoillida; de aquí pasou á conquista de Madrid, da que xa leva sacados varios millóns e segue coa racha, até que se aburran del.

Paréceme un personaxe repulsivo e cínico, e non son excepción nesta opinión. Pero é cousa que a el non semella importarlle o máis mínimo, pois tamén ten os seus admiradores incondicionais e saca bo proveito do seu show de telepredicador; seica é para mercar un piso (debe ser un piso coma o do Boyer...). Con todo, o problema non é el, senón que o seu éxito paréceme que se debe a uns medios e a un público que busca na relixión un espectáculo circense, ou, en todo caso, algo que non cuestione con berro profético as mentiras deste mundo. Con toda seguridade, máis aló do seu ton polémico e reaccionario, o P. Apeles sen o seu cleryman (chaqueta moura ou branca, tanto ten) nin aparecería na pantalla; como lle ocorreu hai anos a un franciscano amigo de famosos ó que lle daban ata un programa na TV, pero tiña que aparecer nel con hábito, disfrazado para o espectáculo.

E aí é onde un, que utiliza honesta e modestamente algúns deses medios, sente que en moitos deles non haxa a busca da verdade, senón do espectáculo burgués e populachero; sente que só sexan un sacrificio a Mamón, deus do diñeiro. ♦

OPINIÓN

O AUTOR LEMBRA A RECENTE CELEBRACIÓN DA VIXÉSIMA EDICIÓN DA ROMAXE DE CRENTES GALEGOS, CONVOCADA DESTA VOLTA NA CORUÑA. O ENCONTRO É A PRINCIPAL CITA DO

MOVIMENTO GALEGO DE RENOVACIÓN CRISTIÁ, E ADEMAIS DO ANIVERSARIO COINCIDIA DESTA VOLTA QUE FOI A PRIMEIRA VEZ QUE A CELEBRACIÓN SE FAI NUNHA GRANDE CIDADE.

A LIBERDADE FARAVOS VERDADEIROS

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Dándolle volta a unhas coñecidas verbas Xesús ("A verdade faravos libres" Xn 8,31), as palabras que encabezaban este artigo convocaron un ano máis a un grupo xa constante de miles de cristiáns galegos que fixeron nesta ocasión a tradicional Romaxe de Crentes Galegos até o parque de Santa Margarida na Coruña.

Na procura dunha auténtica liberdade para camiñar no Espírito da Verdade, máis de cinco mil romeiros participaron o pasado 13 de Setembro na Romaxe deste ano, que alcanzaba xa o simbólico e importante número de vinte. O número de participantes é constante desde hai tempo —outros anos chegou a acadar os sete mil—, pero tamén constantemente renovado, pois xunta cada ano a vellos e adultos, e igualmente a mozos e nenos, que alí descubren un rostro novo da Igrexa. Son xente de toda Galiza; da Galiza Norte e da Galiza Sul, do mar e do interior, da montaña e da chaira, da aldea e da cidade, labregos obreiros e mariñeiros, xentes con estudos e sen eles. Des do Ribadeo a Tui, da Terra Chá luguesa e de Ancares a Vigo, de Ferrol á Costa da Morte...

A PRIMEIRA ROMAXE URBANA. Esta XX Romaxe tivo unha importante particularidade, era a primeira Romaxe urbana. Na teima de xunguir fe cristiá e galeguismo, amor á terra nai e ás súas xentes, natureza e povo, a romaxe ten andado xa durante vinte anos polos ríos, montes e chairas de toda Galiza. Lugares fermosos, simbólicos e ben significativos como o Pedregal de Irimia, na serra de Meira, onde nace o río Miño, aínda que os libros insistan en dicir que é en Fontemíña; Aguiño, onde o mar bate con forza nas pedras; os Peares, onde se xuntan o Miño, o Búbal e o Sil; San Albarte, no camiño de Santiago, ao pé dunha vella ponte; o monte Aloia, perto de Tui, ollando cara Portugal; Cereixo, perto dos casais de Berdois, ao pé da Costa da Morte; o Incio, Mor e Faro, etc. Só faltaba ir á cidade, á que se lle tiña un pouco de medo, como Xonás a Nínive.

Por iso, escolleuse como tema da primeira Romaxe urbana a fermosa e simbólica historia deste personaxe que foi engulido por unha balea ao se negar a ir á grande cidade pecadenta. Como lugar de encontro e celebración, escolleuse A Coruña, "a Grande Vila señorita que o mar apreixa"; pero, para non esquecer que a Romaxe naceu fundamentalmente vinculada á natureza, foi na fermosa carballeira que ofrece o parque de Santa Margarida, ao pé do imperial Pazo de Congresos, en evidente contraste. Deste maneira, como se cantaba ao comezo, os crentes galegos chegan ao corazón da cidade.

A HISTORIA DE XONÁS CARBALLEIRA E AS MARGARIDAS QUE MEDRAN NO ASFALTO. A "Atribulada historia de Xonás de Carballeira", segundo o terceiro libro das Crónicas Artabras Contemporáneas, serviu como fermoso pórtico á celebración da mañá. A historia, que collo do folleto impreso para a ocasión, foi magnificamente representada por un grupo de mimo e contada en off por unha grave voz de avó. O tal Xonás Carballeira era un "galego bon e xeneroso de alma e traballos, a voz do Deus de Abrahám, de Isaac e Xacobe, de Xesús o Galileo e de Breogán destas Terras". Recibe o mandado de ir á Grande Vila Señorita para recriminar

ás súas xentes por ter renegado dos seus devanceiros, e invítalos a esperar do seu sono, para ser libres, enxebres e verdadeiros.

Pero Xonás, "sabedor das angusturas que tal encomenda comportaba", quixo luxir de tal encargo, e fixo alén mar, "onde disque é máis doado ser indixeirista e liberador, e mesmo está mellor mirado falar e defender as linguas autóctonas, indixenas e exóticas". Na travesía desátase un tremendo temporal, e Xonás decátase de que é o culpábel. Borado ao mar e engulido polo grande peixe, Xonás cavilaba:

"¡Que ben me valiches, Señor, cando me afogaba! Cheguei a entender mellor a angustia de afogar o propio ser, de afogar os costumes máis queridos, os mellores sentimentos de ternura cos humildes, a fala na que deita señardade a alma galega. Pero ti sácala nosa vida da foxa... A liberación está no Señor".

E Xonás foi á Grande Vila, e fixo como mellor soubo. "E houbo quen escoltiu. E naceron pequenos oasis de flores no deserto devorador da liberdade mentireira. E naceu comunidade de poucos no medio da soedade de moitos". E o Señor Deus soubo complaceuse con aqueles pequenos éxitos e invitou a Xonás a alegrarse con cada pequena margarida que nace, e ir "á festa da vida, á romaxe da palabra e o dereito recobrados".

Unha magnífica e esperanzadora alegoría da Igrexa Galega, que quere ser fiel ao Evanxélio do Galileo e a propia identidade galega, que loita cada día por camiñar na liberdade e na verdade, contra vento e marea, levando a barca contra os salseiros de dentro e de fora, contra a inercia antigaleguista da Igrexa en Galicia, e contra as

desconfianzas dalgun galeguistas agnósticos con pedigrí, que non cren que se poida manter esa dobre fidelidade.

A QUENLLA, ESPÍÑA E AS MULLERES DA CORUÑA. A música e a canción de "A Quenlla", que acompañan ás Romaxes desde o comezo, foron un complemento indispensable, tanto para a celebración da mañá como para a festa da tarde. Alí cantaron aquel memorábel Credo Galego que entaoran hai vinte anos no Pedregal de Irimia, cando se chamaban con aquel berro de loita "Fuxan os ventos": "Coa forza do noso povo/ hoxe proclamamos o meu credo/quero ser un home/ porque eu renazo galego". Un Credo que proclamaba a fe no Deus dono da vida, que brinca nas nosas leiras, no Cristo que vive na fe quen loita pola terra e no/a Espírito que vive a li-

berdade e libera". E cantaron os versos da súa poeta Marica Campo: "Regresade coa primavera nova nas ás das bolboretas... quebrando o desespero... co soño poderoso dos que fixeron Pátria".

Presidiu a eucaristía o máis famoso dos curas coruñeses, Manuel Espiña, que exerce de cristián galeguista na Grande Vila Señorita desde hai máis dun cuarto de século. E desde o mesmo estrado as mulleres da Coruña falaron galego con voz doce e forte a un tempo. E todo o povo participou activamente na celebración, rezou, comulgou, cantou ledo: "Vivir na Coruña que bonito é/ e vir á Romaxe tamén, abofé", e bailou ao son da Carolina. Non é de estrañar que tamén Galiza dixera eses días: "Romeiros e romeiras, jmjra que traedes historia e vida no voso fardell, jcomo me presta vervos aquí no medio e medio da cidade!"



UN MÉDICO DO BLOQUE E UN CURA DE OURENSE

VICTORINO PÉREZ PRIETO

"Manolo Ruído é unha das persoas que mellor me fixeron na miña vida". Así comentaba nunha reunión de compañeiros un cura de Ourense, Evencio Domínguez. Para quen non saiba quen era Manolo Ruído, esta afirmación non ten nada de particular. Pero se engadimos que o tal Manolo, que morreu recentemente nun accidente, era un médico nacionalista que colaborou activamente co BNG, xa empeza a ser a cousa máis interesante. E se engadimos que esa axuda que o devandito cura afirma ter recibido do médico non era tanto porque o atendera moi ben profesionalmente ou o curara de tal ou cal doenza, senón pola relación de compañeiro e amigo, a cousa aínda se fai aínda máis interesante.

Manolo non era precisamente o que se di un "cristián practicante" na cousa relixiosa, un "home de Misa"; nen sequera se manifestaba claramente como unha persoa crente. Pero Manolo practicaba o aspecto máis importante da mensaxe cristiá, aquilo polo que dixerá Xesús Cristo que habíamos ser xulgados: "Tiven fame e déstesme de comer; tiven sede e déstesme de beber; fun forasteiro e acolléstesme; estiven espiado e vestístesme; enfermo e visitástesme" (Mt 25). Por iso, Manolo era tamén sumamente respeitoso coas crenzas dos demais: os compañeiros de traballo, os amigos ou a xente que atendía na consulta. O outro protagonista, Evencio, é un cura en exercicio, "un bo cura" di a xente, sempre disposto para atendela no corpo e no espírito; é párroco de Quintela de Leirado e outras parroquias rurais desde hai moitos anos; traballa, ademais, de ATS.

Este cura chegaba a afirmar naquela reunión, que a relación con Manolo axudáralo moito, "mesmo na miña aposta sacerdotal polos pobres". Ademais de que se sentira valorado como persoa e como cura por Manolo Ruído, Evencio vira cada día a exquisita atención con que este médico trataba a xente máis sinxela, aos máis pobres: "Non lles reñía nunca, explicándolles as cousas mil veces ás mesmas persoas, con paciencia e agarimo".

Non é de estrañar que a manifestación popular no día do seu enterro fora impresionante. A xente chamáballo agarimosamente "San Xosé"; aínda que non fora moito pola igrexa, tiña os riscos deste santiño: as súas barbas e a súa bondade.

Fronte a algúns que poderían dicir "Este non é dos nosos...", os demais curas daquela reunión valoraban tamén do mesmo xeito positivo o caso deste médico do Bloque que non fa moito pola igrexa, e contaban outros casos semellantes. Eu lembraba a un médico nacionalista de Ferrol con barba non accidental de Bakunin, e a outro médico que traballa na Residencia, un que tampouco se manifesta como crente, pero que os compañeiros e a xente lle chaman agarinosamente "San Francisco"; eu sei da súa exquisita e xenerosa atención, así como da austeridade da súa vida. E eu digo con San Xoán: "Onde hai amor alí está Deus" e "O que non ima, aínda non coñece a Deus, porque Deus é amor" (1 Xn 4,8.20-21).

Quen di que os curas só se levan ben ceciques? Quen di que o Bloque non se pode levar ben coa Igrexa, que é toda dereitas? ♦

VICTORINO PÉREZ PRIETO é escritor e crego

O bispo rebelde visita Galiza

Jacques Gaillot defende o enraizamento da Igrexa na cultura propia de cada país

✦ VITORINO PÉREZ PRIETO

Entre o 7 e o 9 de Novembro estivo en Compostela Jacques Gaillot, o coñecido bispo francés de palabra libre e actualización teimuda no camiño que considera xusto, represaliado pola alta xerarquía eclesiástica por "cantar fora do coro", como lle recriminou o Papa Xoán Paulo II, nun dos seus encontros en Roma. Veu de París para o XII Foro Relixión e Cultura en Galicia, que organiza desde hai unha década de anos a revista cristiá *Encrucillada*.

Foi a recibir ao aeroporto de Lavacolla, catro persoas da revista e un par de xornalistas da TVE. A súa figura miúdo confundíase entre a xente que chegara no avión. Nada no seu aspecto exterior manifestaba que era un bispo, non sequera un clérigo, agas unha cruceciña na solapa da chaqueta. Non teño espírito de casta", afirmou nunha ocasión, cando se lle criticaba que era "pouco bispo". Quizais por iso díxonos no hotel que os bispos franceses son moi fraternais, pero non son solidarios.

Pronto fomos descubrindo que aquel pequeno corpo era inversamente proporcional á súa grandeza de espírito. Nada o delataba nel, a non ser os seus ollos felinos, pescudadores, que denotaban intelixencia, decisión e independencia. Era a primeira vez que viña a Santiago, a "cidade do seu padroeiro"; os seus ollos decorron gozosos as Rúas, as Praterías e a Catedral, para quedar esturulados na contemplación do Pórtico da Gloria. "Tantas veces como o teño visto nos libros, paréceme increíble estar agora nel", dicía con sinxela este home singular que ten percorrido medio mundo. Con todo, el considérase máis un bispo do adro, "porque hai moita xente que non vai á catedral".

Andrés Torres Queiruga sinalou, na súa presentación no Foro, que Jacques Gaillot é unha desas "figuras proféticas que acenden ánimos e manteñen ergueita a esperanza" no medio do desconcerto. No seo dos conflitos coa súa Igrexa, "optou por unha comunión capaz de soportar no amor a tensión da diferéncia, e por unha fidelidade que se realiza no risco do novo e na creación do futuro". E desta maneira converteu o deserto da súa irreal diocese de Partenia no oasis dunha diocese cargada de futuro, na que se foron incardinando cristiáns sen Igrexa ou críticos coa súa en todo o mundo. "A fidelidade pasada pola dor -engadiu aínda Queiruga- é capaz de soportar a negatividade da exclusión, converténdose e creatividade fecunda".

As súas palabras soan sempre libres e por iso conflictivas. Neses días non tivo reparo en apoiar as verbas doutro bispo tamén libre, o bispo basco Setién, defendendo a necesidade da negociación con ETA, mesmo antes de que esta deixase as armas: "O Gober-

Gaillot asistiu ao encontro programado por *Encrucillada*.

VOZ NOTICIAS

no e os terroristas teñen que negociar, porque a violencia é un calexón sen saída. A Igrexa ten que dicir unha palabra que facilite esta negociación".

"Presente e futuro do cristianismo"

"Presente e futuro do cristianismo" foi o tema escollido pola revista *Encrucillada* para o Foro Relixión e Cultura deste ano, que tivo lugar o día 8 no Auditorio da Universidade. O bispo gaillot desenvolveuno en dous relatos e unha mesa redonda na

que participaron Xosé Luís Barreiro, Álvarez Pousa e a socióloga Tareixa Ledo.

O primeiro dos relatos tiña por título "Por unha Igrexa ó servizo do mundo". "Unha Igrexa enraizada no seu pobo ten que reencontrar a cultura do seu pobo", dixo Gaillot. "Na nosa cultura é moi importante o que di a xente, e compre que se teña en conta... Pero en Roma non se fai así". Sabedor do movemento democratizador que caracteriza as culturas actuais, un movemento que loita activamente por unha parti-

cipación máis activa nas decisións que marcan as nosas vidas, Gaillot manifestou tamén a súa confianza na forza da xente para transformar unha Igrexa clericalizada; por iso apoia incondicionalmente o movemento internacional renovador *Somos Igrexa*. "O Evanxeo é unha aventura transformadora que eu vexo con esperanza. É a paixón do posíbel". Particularmente, para Gaillot, está claro que a Igrexa ten que estar ao servizo da sociedade (*Una Iglesia que no sirve no sirve para nada*, titulouse a edición española dun dos seus libros); e isto supón sobre todo para os máis pobres. "A casa de Deus ten que ser a casa de todos, sobre todo dos máis marginados". Gaillot é rotundo: "Se queremos darlle saúde e vigor ao cristianismo ten que ser desde a solidariedade cos pobres... Aínda que a maioría da xente de Igrexa estea ao lado dos ricos e o poder". En fin, a Igrexa ten que ser hoxe máis que nunca ecuménica, aberta ao diálogo con todas as relixións e modos de pensar.

Tras da emotiva eucaristía, que este bispo que só fala francés non tivo problema de facer en galego, veu o relatorio da tarde "Relixión e Igrexa no futuro da humanidade". Xirou arredor de catro puntos repetidamente expostos por el noutros parlamentos: A xustiza ("O dereito dos explotados debe ser a cuestión prioritaria da Igrexa, antes que nengunha outra"). A paz ("A paz é difícil, pero os cristiáns temos a responsabilidade de facela posíbel"). A salvagarda da creación (O século XXI deberá ser o século do ecoloxismo...). A busca dunha auténtica espiritualidade ("O ser humano non lle abandona cos alimentos terrestres, precisa tamén do alimento espiritual"). ♦

Fidel Velázquez, veterano líder da Central de Trabajadores de México (CTM), morreu aos 97 anos. Viña de ser reelixido novamente como secretario xeral do sindicato ligado ao Partido Revolucionario Institucional. Botou sesenta anos no cargo. O seu dominio dos resortes do poder e unha especial dedicación a non ferir sensibilidades axudárono moito a manterse igno. Din os seus compañeiros que o deceso produciuse cando o compañeiro Velázquez apostábase a reiterar publicamente por sexaxésima vez o seu compromiso coa Revolución mexicana de 1910. Por suposto sen pedirle permiso aos insurxentes de Chiapas.

Manuel Fraga apréstase a utilizar iguais doses de incertidume que a manexada polos delegados congruais da CTM sobre a persoa que ia ocupar unha e outra vez o posto de secretario xeral. Así sobre clarividencia e asegúrase un vaticinio infalbel. Conselleiros, delegados provinciais, alabardeiros, libres designados, asesores para herdeiros emigrados no Caribe, amanuenses ao dictado de Pérez Varela e até os mercenários pagados coas subvencións varias, todos van continuar. O mesmo coche oficial,



Vitalicios

idéntico maletín e igual sintonía de albertura.

Fai falla darlle algo de cor e vistosidade ao novo Consello da Xunta. Tan sequer para que as novidades introduzan un factor de alegría e confianza entre o corpo electoral. Alguns nomes que poderían aportar todo o seu bon facer e carisma para animar as sesións golfas do executivo están na mente do cerebro gris popular, pero non é quen de facelas circular.

Charlin Gama pode ser o revulsivo necesario para o departamento de Traballo, un mozo, unha batea e de regalo unha plumeadora. Gil y Gil é o elemento aglutinador para conquistar esa tan procurada normativa de consenso. O tío Paco de Follos é o conselleiro de Economía necesario para negociar na Europa; Non regalaría a boina que me asinou don Manuel nen por un millón de pesetas. E quen mellor que Don Felisindo para ocupar a carteira de visións, milagres e éxtases con especial atención á área de autovías con Meseta. Inxuntamente outros elementos ocuparán as cadeiras no lugar de personaxes tan avantaxadas. Darán o pego pero nen de lonxe alcanzan o nivel dos tapados. ♦

SOBRE O BISPO SETIÉN E O NACIONALISMO ESPAÑOL

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Foi *El País* quen deu, unha vez máis, o pistoletazo de saída dunha nova chuvia escamentada sobre o valente e lúcido bispo basco Setién. Fíxoo cos titulares de portada: -Setién: "Para falar con ETA non é imprescindible que deixe de matar". Logo, o ABC púxolle a puntilla dous días despois, tamén en portada: "Setién suxire que é o goberno quen fomenta o terrorismo pola súa imposición da forza", para descalificarlo burdamente no seu editorial. Na RNE, o "católico" Carlos Herrera falaba despectivamente de "ese cura" que "defende aos terroristas". E o "socialista" -ou o que sexa...- Alfonso Guerra dicía que "as palabras do bispo non son palabras da Igrexa e, aínda menos, de Deus". Xa estrañaba menos que o Delegado do goberno do PP en Euzkadi pedise o seu recambio por un substituto "que produza menos división entre os bascos"; ou que a sorrinte Ministra de Agricultura chegase a aconsellarlle que "revise o seu estado mental". En Galiza, tamén Fraga lle quixo lembrar os mandamentos, por se o bispo esquecera o 5º; e un tal Alvite, un facha que vai de agnóstico, e a quen *La Voz de Galicia* lle regala unha páxina cada Domingo para que escriba as súas parvadas, comentaba se era sincero cando falaba do diálogo con ETA, ou se trataba "doutra das súas pastorais cinxéticas". O rechazo nos medios de comunicación e nos políticos orgánicos foi case un tópico neses días.

Aborrecido, eu quixen escribir un artigo cun título algo así como: "O caso Setién. A imbecilidade institucional dos xornalistas clónicos e os políticos deste país"; pero deixei pasar un tempo e autocensureime este duro titular. Afortunadamente, os demais bispos bascos, e logo a mesma Conferencia Episcopal Española, saíron en apoio do colega, por mérito do seu presidente e o seu secretario. Cunha chamada á sensatez, Yanes dixo que non había dereito a que cubrisen a Setién "de impropérios e descalificacións globais", pois en numerosas ocasións tiña condenado a violencia terrorista "sen ambigüidade nengunha". José Sánchez dixo logo que "non se pode tildar a Setién de condescendente co terrorismo, pois desde hai anos a súa doutrina é nítida e coerente na condena"; destacando o valor das súas declaracións actuais, pois "Setién é quen coñece mellor a situación da súa diocese e correspóndelle a el expor as súas opinións sobre cal é o mellor camiño para unha convivencia pacífica".

Que compre dicir disto? Primeiro, que a polémica polas palabras de Setién semella estar máis no contexto da enquina que o nacionalismo español lle ten a este bispo basco comprometido co seu pobo e convertido nunha verdadeira besta mouroa do españolismo, que nas súas afirmacións en si. As afirmacións do bispo parecen racio-

nalmente bastante óbvias, e, en todo caso, non foi el o primeiro en lanzalas á palestra; políticos nacionalistas radicais e moderados veñen dicindo o mesmo desde hai tempo. Os mesmos gobernos do estado central teñen falado unha e outra vez con ETA, sen que a xente se tirase dos pelos. Non é de estrañar que Carlos Garaicoetxea califique os ataques a Setién coma unha "perversa hipocresía". Porque, vexamos sinceramente as cousas. O problema máis

'As afirmacións do bispo parecen racionalmente bastante óbvias, e, en todo caso, non foi el o primeiro en lanzalas á palestra'.

grave de ETA é a súa violencia asasina, máis que as súas opinións políticas. Se agardamos a negociar con ETA cando esta tire as armas, para que imos necesitar negociar despois, se o problema da violencia xa está solucionado? Non haberá que intentar buscar calquera vía posíbel, precisamente para que ETA abandone a súa liña de loita armada violenta e se poida chegar a unha situación de paz?

Por outra banda, está a figura, o pensamento e a traxectoria histórica de Setién. Un home de ideas bastante claras, e moi teimudo na defensa destas. Expresión da claridade e acerto evanxélico do seu pensamento, é o feito de que a meirande parte das excelentes

pastorais dos bispos bascos, son da súa autoría. Ademais, reafirmando isto, chegoume días pasados unha nova revista basca cun interesantísimo debate sobre ética entre este bispo-teólogo-pensador e o filósofo agnóstico de moda Fernando Savater (*Talaia*, 1, outubro 1997). No debate, este último afirmaba que lle parecía un disparate querer remediar os males da política con ética, pois "os males da política remédianse só con boa política"; claro que habería que dicirlle a Savater que a cuestión é acertar cunha "boa política"... Ante o diletantismo individual que caracteriza a Savater, Setién afirmou claramente nese debate algo fundamental: "Hai ocasións nas que a diversidade de intereses convértese en conflito, o conflito convértese en enfrontamento, o enfrontamento en loita, e a loita convértese en eliminación. Se en todo ese proceso a ética non ten nada que ver, esquezamos a ética e a ver quen gaña". De seguida, o bispo levou o debate ao problema de ETA: "O que non se pode dicir é que o enfrontamento ETA-Estado non sexa un enfrontamento político, non embargantes, condenamos a ETA". Aínda máis, Setién afirmou claramente: "Eu teño unha ética que culga a ETA, e teño unha ética que culga ao GAL, teño unha ética que culga todas as explotacións e todas as corrupcións... e teño unha ética que culga a Norteamérica... Todo iso para min é política, pero non é só política, senón que é unha política que está xulgada polo sentido da existencia...".

Se isto non é lucidez intelectual e claridade evanxélica, que veña Deus e o vexa. ♦

VICTORINO PÉREZ PRIETO é escritor e crego

AS BAGOAS DUN BISPO

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Os bispos tamén choran. Pero rara vez se sente chorar a un venerable bispo, especialmente cando non o fai con "bagoas de cocodrilo", ou froito dunha emotividade senil. As bagoas do bispo de Chiapas, o "tati" Samuel Ruiz, manifestaban na pantalla dos informativos toda a dor dun pobo e dunha Igrexa que está con ese pobo, masacrado polos poderosos de sempre; neste caso, os poderosos están representados por un partido de nome tan anacrónico como o PRI (¿como pode ser "institucional" un partido revolucionario? ¿como pode ser "revolucionario" un partido que está coas institucións do poder opresor de sempre?).

A masacre de Acteal foi todo un símbolo, que un humorista de prensa expresaba así nun mouro e certo retrato, nun diario a véspera da celebración cristiana da matanza dos Inocentes: "O neno Xesús nace en Belén e morre en Chiapas". Non era a única vez que tales cousas ían sacrílegamente xunguidas: a rimbombante, desenfreada, consumista e orxiástica celebración do humilde nacemento do "Príncipe da Paz", co asasinato dos pobres entre os que o Salvador atopou o seu fogar. Un feito así únenos a todos cos "chayitos" e demais indíxenas mexicanos de Chiapas. Por iso, non foi necesaria unha información alternativa, a noticia correu como regueiro de pólvora polos distintos medios de todo o mundo; particularmente entre nós.

Eu recibía temperanamente por Internet o comunicado enviado o día 22 pola diocese de San Cristobal de las Casas sobre a masacre de Acteal. O texto, asinado polo Vicario Xeral da diocese, a Secretaria Canciller e outros dous frades máis, viña encabezada por unhas impresionantes palabras: "Xesús Cristo, o Noso Señor, o Príncipe da Paz ven a nós cunha mensaxe desde o frío e a pobreza do noso pobo. Hoxe sentímolo tan actual que nos fai ver realmente como o Verbo, que veu poñer a súa morada entre nós, foi recibido por algúns e rexeitado polas tebras. O día de onte na comunidade de Acteal...". No comunicado precisaban quen era o grupo masacrado polos sicarios do partido gubernamental: "Las Abejas", un grupo pacifista que apoia unha solución negociada para o conflito; estaban alí construíndo un campamento para os desplazados. Engadían que no intre do asalto armado, o grupo estaba facendo oración nunha ermida do lugar.

Outro bispo capaz de chorar polos pobres e rebelarse contra a inxustiza opresora, contestou xa no día seguinte ao comunidade enviado pola rede: Pedro Casaldáliga, un poeta e un profeta que é bispo de São Felix de Araguaia, no Mato Grosso do Brasil. Tras manifestar a súa rebeldía contra a sistemática violencia que exercen os poderes fácticos contra os pobres, e negar calquera xustificación cínica que puidera fecer o goberno mexicano, Casaldáliga remata manifestando a súa solidariedade, apertándoos "con inmensa dor e infinita tenrura", asegurándolles a fortaleza e paz de Xesús de Nazaret "fillo de Deus e de María, que se fixo pobre cos pobres e que deu a súa vida para todos". Non foi el so, crentes e non crentes choraron, berraron e manifestaron a súa solidariedade con ese pobo e esa Igrexa de Chiapas, branco da violencia asasina dos que saben que alí o cristianismo non é unha ideoloxía alienante, adormecedora, que fai sumiso ó pobo explotado, senón a forza revolucionaria do Deus liberador que clama xustiza para os pobres. ♦

No século pasado perdeu influencia ao opoñerse á independencia da illa

A Igrexa en Cuba, unha historia longa, rica e polémica

✦ VICTORINO PÉREZ PRIETO

O cristianismo cubano é o máis vello de América Latina, a primeira Misa que celebraron Colón e os conquistadores na súa segunda viaxe ao novo mundo, en 1494, foi precisamente na illa caribeña. En 1518 xa se establecera a primeira diocese en Cuba, sendo o seu responsábel un dominico belga; pero a finais do XVII case todo o clero diocesano e a maioría dos relixiosos eran cubanos nativos.

Os séculos XVIII e XIX foron un período de crecemento para a Igrexa en Cuba; parece ser que o apoxeo da vida eclesiástica cubana estivo arredor do 1820, cando había pouco máis de mil eclesiásticos ao servizo dunha poboación de 550.000 persoas.

Corenta anos despois, duplicárase a poboación, pero os eclesiásticos eran menos da metade, fundamentalmente a causa das loitas españolas contra a independencia cubana. O povo foi separándose da xerarquía eclesiástica, pois identificaba os intereses desta cos da España imperial; grande parte dos eclesiásticos identificábanse máis coa aristocracia que co povo. No século XX as cousas comezaron a cambiar no catolicismo cubano; en 1919 o I Congreso Eucarístico Nacional, reunido en La Habana, abordou os problemas socioeconómicos, afirmando "o dereito dos traballadores a non ser explotados polo capital" e a "necesidade de inevitábel de resolver a cuestión social". Anos despois, as mesmas institucións eclesiásticas católicas cubanas manifestaban un tímido apoio ás forzas revolucionarias contra o corrupto réxime de Batista, aínda que logo foran manifestando tamén unha hostilidade nos anos 60 contra o vitorioso réxime castrista, para acabar denunciando en 1969 o embargo norteamericano a Cuba.

Pola súa banda, as confesións protestantes foron sempre moi dependentes dos cartos e a ideoloxía ianqui, aínda que cristiáns protestantes participaron moi activamente na revolución castrista. Con razón o teólogo protestante H. Cox recoñecía, como a nova visión relixiosa do cristianismo cubano de base, manifestaba "as desastrosas consecuencias producidas por longos anos de imperialismo político, económico e relixioso norteamericano" (*Cuba: La religión en la Revolución*).

Sen ter sido favorecedor da relixión, o Estado cubano non perseguíu á Igrexa nen a mínima parte do que o fixeron outros réximes "católicos" de Latinoamérica.



Xoan Paulo II e Rouco Varela durante unha pasada visita a Galiza. O novo Cardeal Rouco, acompaña tamén ao Papa na visita a Cuba.

Teño escrito que, a pesares dos tópicos estendidos polos conservadores, o réxime castrista, sen ter sido favorecedor da relixión, non perseguíu á Igrexa nen a mínima parte do que o fixeron outros réximes "católicos" de Latinoamérica, coma El Salvador, onde non só torturaron e mataron catequistas e curas, senón que chegaron a asasinar ao bispo mártir San Oscar Romero. No encontro vaticano do ano pasado entre Fidel e o Papa, o presidente cubano recordaba ante a prensa internacional que a revolución cubana "non tivo endexamais un espírito antirreligioso; ningún sacerdote foi ferido na súa integridade física, nen humillado, e ningún templo foi pechado". Se ben é certo que a presenza de curas e monxas minguou nestes anos na illa, e os

ban cristiáns foron marxinaados dos cargos públicos; con todo, o cristianismo, tanto o católico coma o protestante, seguiu a ser numeroso en Cuba. Lía nun recente traballo (*Cuba. experiencias para el diálogo. Datos para la solidaridad*, 1997) que as igrexas échense os Domingos e a xente participa moi activamente na Eucaristía; o goberno colabora moi activamente sobre todo con Cáritas, organización da Igrexa para atender aos máis necesitados.

Fidel e os "cristianos máis honestos"

A Cuba de Castro topou cun catolicismo moi conservador e unha xerarquía recalcitrante verbo da revolución, que non miraba con bos ollos a admiración que a vía cubana cara unha nova sociedade suscitaba en cristiáns ilustres de Latinoamérica e de Europa. A valoración positiva dos que Fidel ten chamado "os cristiáns máis honestos", estaba feita desde os parámetros da *Teoloxía da Liberación*, e a meirande parte da xerarquía eclesiástica cubana, non estaba polo labor. Cunha mentalidade máis ben conservadora, a Igrexa cubana foi unha Igrexa máis de *presencia* que de *mediación*; unha Igrexa que buscaba máis facerse ver como institución, que

ser *mediación* do Reino de Deus. Xustamente isto último, unha Igrexa como *mediación* da xustiza e liberación para os oprimidos, era o que buscaban moitos cristiáns cubanos, que recibiron palabras de alento de Fidel Castro en máis dunha ocasión.

Con todos os seus defectos, o cristianismo latinoamericano segue a ser o máis innovador do século XX; a pesar dunha xerarquía conservadora, non hai máis que darse un paseo polas comunidades cristiáns latinoamericanas para ver como, ademais do catolicismo conservador e as sectas que proliferaron nos últimos anos, hai un cristianismo vivo, evanxélico, creativo e comprometido coa realidade dos oprimidos, fiel á máis xenuína tradición bíblica. ♦

XAN CARBALLA

Negócio e dereitos humanos

"Son a persoa mellor preparada na Arxentina para matar xornalistas e políticos". Cunha frase obscena deste calibre, o capitán Alfredo Astiz, coñecido como "Anxo da Morte", reivindicou impunemente o terror ditatorial que desde hai meses tenta investigar Baltasar Garzón, apesar das leis de impunidad, na Audiencia Nacional. Unha investigación na que se pon en tea de xuízo a utilidade dos acordos que despois de 1945, quixeran establecer a imprescriptibilidade e a imposibilidade de perdón para os delitos de xenocidio. Negar esta calificación, e pretender circunscribir á lexislación nacional o sucedido, é a grande batalla do goberno arxentino que pretende poñer na almoneda das relacións comerciais entre estados, o cese nas investigacións. Precisamente é esa a grande pexa dos tribunais internacionais, prostituídos continuamente, cando a calificación depende dos intereses internacionais denantes que da pura humanidade. Cando as persoas e os seus dereitos elementais (o dereito á vida, a non ser torturado, a ter ideas propias e poder expresalas, a procurar un mundo mellor e máis xusto...) poden ser suprimidos e pasan a ser, simplemente, unha parte máis do negocio e das relacións económicas, a democracia non é posíbel e as sociedades caen nun abismo que todos temos a obriga de evitar. ♦

Un conservador con sólida formación intelectual

Rouco Varela, novo cardeal galego

♦ V. PÉREZ PRIETO

O que foi bispo auxiliar de Santiago e logo arcebispo compostelán durante dez anos, o vilalbés Rouco Varela, ven de ser nomeado polo Papa Xoán Paulo II un dos 22 novos cardeais da Igrexa. Como reconhecéron todos os comentaristas, era un caso cantado e lóxico na súa fulgurante carreira eclesiástica da man do tamén cardeal Suquía, ademais da consecuência lóxica do seu actual cargo na diocese da capital española.

Rouco Varela ven resultar o terceiro galego que forma parte do Coléxio Cardenalicio neste século, tras Arriba Castro e Quiroga Palacios, nomeados por Pío XII nos anos 50. Recibirá o capelo (puchito púrpura) de mans do Xoán Paulo II o 21 de Febreiro, no sétimo Consistorio do seu Pontificado; este é o solemne Consello que celebra o papa cos seus cardeais.

Outros cardeais desta nova fornada vaticana son tamén os arcebispos italianos de Xénova e Palermo, os arcebispos de Viena e Lyon, os norteamericanos de Chicago e Denver; o arcebispo de Toronto, e os tamén arcebispos de Cidade de México, Belo Horizonte (Brasil), Kaohsiung (Taiwan) e Dar-es-salaam (Tanzania), ademais doutros cargos da curia vaticana. Desta maneira, Xoán Paulo II ten nomeado xa 107 dos 123 cardeais que deben escoller o seu sucesor. Dous dos novos cardeais, Christoph Schoenborn de Viena, e Dionigi Tettamanzi de Xénova, son considerados posíbeis sucesores cualificados.



Antonio María Rouco Varela.

Un profesor que deveu pastor

Coñecín a Rouco nos meus anos no Seminario de Santiago, polo ano 1976, e chegamos a ter bastante trato, aínda que eu non rematara como cura diocesano de Santiago, senón de Mondoñedo. Cando foi nomeado arcebispo de Madrid, tamén me cadrou de estar alí por esas datas, co que houbo ocasión de vérmolos, falar, e mesmo comer varias veces xuntos nalgúns reunións de curas, até chegou a vacilarme con "que fai un cura galego coma ti na capital española".

Rouco Varela naceu en Vilalba pouco despois da sublevación fascista, o 20 de Agosto de 1936. Fixo os estudos eclesiásticos en Mondoñedo entre 1946 e 1954. Era un home estudioso e foi de contado a ampliar ensinanzas á Universidade Pontificia de Salamanca, licenciándose en Teoloxía en 1958; logo estudiou Dereito na Universidade de Munich, onde chegou a doctorarse en 1964 cunha tese que sería

publicada co título *Iglesia y Estado en la España del siglo XVI*. Ademais deste libro publicou outro co título *Sacramento y Derecho*, e varios traballos en revistas españolas e estranxeiras. O seu recoñecemento internacional como canonista, parece que é bastante fundado.

Exerceu a docencia primeiro no Seminario de Mondoñedo, onde foi colega de Chao Rego, logo na Universidade de Munich, e finalmente en Salamanca, onde chegou a ser vicerrector da Universidade Pontificia en 1972. Alí foi tamén, entre outros cargos, consiliario da Asociación Católica Nacional de Propagandistas, cousa que resulta significativa, aínda que non adoita des tacarse moito.

En 1976 é consagrado bispo de Santiago, onde exerce primeiro como auxiliar do arcebispo Suquía, e logo como titular da diocese en 1984. Seguindo os pasos do seu mentor, sucédeo como arcebispo de Madrid en 1994, para acceder agora, tamén coma el, ao cardenalato. Rouco Varela responde ao corte típico dos dignatarios eclesiásticos: conservador con sólida formación intelectual, impecábel fidelidade á ortodoxia romana, obediencia incuestionábel ás directrices vaticanas, aínda que collan "torticolis de tanto mirar a Roma", como dicía un cardeal tan atípico como Tarancón. Como cancerbeiro da ortodoxia moral católica foi sonada a súa belixerancia contra a despenalización parcial do aborto en 1985, aprobada polo goberno do PSOE. Cando lle preguntaron pola súa posibilidade de chegar a ser o primeiro papa galego, dixo: "Todos os católicos galegos... varóns, poden chegar a selo". ♦



Os Estados Unidos asumen a nova derrota na súa política de illamento

A normalidade preside a visita do Papa a Cuba

→ M. VEIGA

O réxime cubano, impugnado desde o exilio, deslexitimado desde algúns sectores polas expropiacións ao inicio da revolución, bloqueado desde hai 35 anos polos Estados Unidos que carecen de embaixada nun país que dista pouco máis de cen millas das súas costas e cos días contados, segundo todos os *cubanólogos*, desde que en 1989 desaparecera a Unión Soviética, viuse lexitimado por unha visita Papal que encontrou, durante os seus cinco días de estancia na illa, arroupamento social, normalidade absoluta e un bon lugar para o diálogo sobre temas claves na situación actual do planeta, pero que rara vez se tocan nos foros internacionais.

Xoán Paulo II non escolleu na súa visita a Cuba o estilo acedo da que fixera a Nicaragua cando gobernaban os sandinistas, incluída a súa bronca ao ministro-sacerdote Ernesto Cardenal. Tampouco realizou un indirecto chamamento á resistencia como o da súa visita a Polonia. Limitouse a pedir un espazo para a Igrexa e referiuse con énfase especial á xustiza social e aos valores negativos do consumismo e do neoliberalismo, dúas alusións que foron moi celebradas tanto polos representantes gubernamentais asistentes aos actos, como pola maioría do pobo cubano.

A visita fora boicoteada desde un principio polos Estados Unidos. A continuación, a prensa dese país tratou de presentala como unha "claudicación do ateísmo Castro", pero sobre todo o

governo de Washington tratou de sacar partido do encontro en base ás posibles fendas internas que se criarían no réxime. En contra de todo iso, o balance foi positivo para o goberno. As informacións que até agora falaban de intolerancia coa relixión, de imposibilidade de expresar determinadas ideas dentro da illa, porque a súa soa mención pro-

vocaría a apertura de ollos dos cubanos e a caída do réxime, perderon todo o seu peso despois destes catro días nos que tanto o Papa como Fidel Castro se expresaron con enteira liberdade ante a mirada do mundo.

A información que circula internacionalmente sobre Cuba é moita, pero só unha moi peque-

na porción é controlada polo goberno cubano, quen apenas conta con algun foro internacional para dar sen intermediarios a súa opinión. A visita do Papa proporcionoulle trece minutos a Castro para dirixirse sobre todo a Latinoamérica. O discurso de recepción, moi crítico con España, estaba, como é natural nun acto internacional e diplomático

destas características, acordado co Vaticano. Bispos españois desmentiron, ante os micrófonos da cadea *Ser*, que a Santa Sé estivese enfadada polo mesmo. A reacción da vella potencia colonizadora foi de grande alporizamento, pero a nengun diplomático español lle pasou desapercibido que se as relacións do goberno Aznar con Cuba fosen máis fluidas, tendo nomeado por exemplo un embaixador na illa, Fidel quizá non se tivese centrado tanto en España.

Doble vara

Outras fontes non deixaron de mostrar a súa dobre vara de medir ao criticar a liberdade de Castro para expresarse no seu propio país, lexitimando en cambio de antemán calquer opinión Papal en calquer parte do mundo. A agresividade mostrada polos medios españois con Cuba, non resultou sen embargo común a outros países, onde a visita foi recoñecida como un acto de normalidade e de diálogo positivos. Así o resaltaron os xornais italianos, entre eles o católico *L'Observatore Romano*. Algúns medios españois trataron de ver unha crítica ao réxime nos berros de liberdade, esquecendo que estes son comúns desde o trunfo da revolución e teñen un contido nacionalista fronte aos Estados Unidos.

No remate da visita, o presidente cubano aproveitou para reunirse cun nutrido grupo de congresistas norteamericanos, presentes nas cerimoniais. Foi o colofón dunha nova derrota diplomática para os Estados Unidos. ♦

UN ENCONTRO SIMBIÓTICO

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Díxose que nunca tanto despregue de medios ocasionou visita algunha do Papa. Pero non se quedou atrás a mobilización do pobo cubano na súa cordial acollida. O "Benvido a Cuba" que lle dirixiu o Presidente, despregando el tamén toda a súa cortesía ata na vestimenta, foi con tódalas da lei e atopou o eco agardado nos cubanos.

Foi unha magna simbiose, Xoán Paulo II puxo os fotógrafos, os xornalistas e os locutores, e Fidel Castro puxo a mobilización do pobo cubano, cunha posta en escena na que non faltou ata un monumental "Sagrado Corazón" ó pé do Che Guevara, na Praza da Revolución. Como era de agardar, o encontro foi máis entre Xoán Paulo e Fidel que co pobo cubano, que apareceu máis de emotiva comparsa que outra cousa. ¿E cal será o froito dese encontro -unión?- entre dúas grandes figuras históricas do século XX?

"Que Cuba se abra ó mundo con tódalas súas magníficas posibilidades, e que o mundo se abra a Cuba", foron os primeiros titulares que o Papa regalou á prensa, xa no seu primeiro discurso; logo denunciaría en varias ocasións o bloqueio que afoga á illa, e condenaría o neoliberalismo capitalista que "condiciona a persoas e pobos ás forzas cegas do mercado e impón programas insustentables para os países menos desenvolvidos", e denunciaría tamén as maldades do réxime marxista, criticando aspectos da revolución

cubana (falla de liberdades, crise familiar, promiscuidade e aborto...) para reclamar máis espazo á acción de Igrexa.

Pero Fidel soubo encaixar as críticas e aproveitou o mundial escenario para berrar con mais forza aínda contra "o xenocidio con que tentan render pola fame ó pobo cubano", chegando a comparar ós revolucionarios cubanos cos primeiros mártires cristiáns, que morreron en defensa da súa fe. "Antes morrer mil veces que renunciar ás nosas conviccións".

O resultado vai ser seguramente, como era previsto, por unha banda, unha repercusión no cristianismo: meirande liberdade para o desenvolvemento da acción da Igrexa na illa caribeña. Oxalá que esta acción sexa nunha liña liberadora, cunha actuación na que prevaleza o compromiso de Xesús cos pobres, levando a súa liberación ós máis pequenos e a esperanza ós mozos, que outras preocupacións polo crecemento e apoxeo da institución. E pola outra banda, unha repercusión sociopolítica: meirande apertura do réxime ó exterior, que sen esquecer as boas conquistas da revolución, deixe vellos discursos numantinos. Oxalá que este esforzo de apertura de Cuba ó mundo se corresponda co inmediato cese do embargo esmagador e cunha apertura do mundo a Cuba. ♦

VICTORINO PÉREZ PRIETO é crego e escritor

CURAS E LABREGOS

VICTORINO PÉREZ PRIETO

"Queremos manifestar a nosa solidariedade nestes días coa xente do campo galego e os seus intereses económicos, dos que depende a súa supervivencia, en perigo serio de desaparecer como tal mundo... Pedimos á sociedade galega conciencia seria deste problema, a todos os políticos... e á Igrexa... que sexan servidores auténticos dos labregos".

Son as verbas dun grupo de curas ferroláns con ocasión da última tractorada. Como ocorreu en moitos meios con esta manifestación do sector leiteiro galego, o comunicado non tivo o eco desexado. *La Voz de Galicia*, tras rebaixar á metade os tractores que segundo os sindicatos convocantes foran mobilizados, puña a noticia da tractorada nun anódino e secundario lugar da portada, ao fondo da páxina e sen fotografía. Por iso, non resulta estraño que, a pesar de que o comunicado foi enviado no seu debido tempo, non apareceu en nengun lugar do xornal.

Sen embargo, ten a súa importancia que os curas ferroláns, tan combativos a prol da xustiza e os dereitos dos traballadores nos derradeiros anos do franquismo e na transición, volvan manifestar agora publicamente a súa solidariedade e compromiso co machucado mundo labrego, vítima da política española de integración en Europa. Non resulta estraño, por outra banda, dado que aínda grande parte do clero é de extracción labrega, como recoñecen no comunicado. Fronte ao sentimento de "desertores do arado", como os alcumou Castela, estes curas recoñecen a súa orixe campesíña e declaran que "labregos son os nosos irmáns, coma tamén os nosos fregueses". Ademais, no seo dunha Igrexa que a cotío se manifesta publicamente máis preocupada polos seus intereses particulares, resulta sumamente importante que representantes dela expresen o seu compromiso -máis ou menos forte e real- cos problemas do país, isto manifesta que, a pesar da involución eclesial, aínda non esqueceron aquelas palabras do Concilio Vaticano II: "Os gozos e as esperanzas, as tristezas e as angurias dos homes e as mulleres do noso tempo, sobre todo dos pobres e dos que sofren, son os gozos e as esperanzas, as tristezas e as angurias dos discípulos de Cristo, e nada hai verdadeiramente humano que non teña resonancia no seu corazón". ♦

O SUICIDIO OU A ESPERANZA

VICTORINO PÉREZ PRIETO

*"La nuit n'est jamais complète
il y a toujours, puisque je le dis,
puisque je l'affirme,
au bout du chagrin
une fenêtre ouverte
une fenêtre éclairée"*

Cando lin hai uns días estes versos de Paul Eluard, parecéronme unha fermosa fiestra aberta para ofrecer aos centos de persoas que senten a cotío a necesidade irrefreábel de se quitar a vida para escapar dun mundo que non poden aturar máis.

Hai ben pouco tivemos que enterrar no meu bairro unha desas persoas. Un home novo, vinte e seis anos. Non era un caso excepcional entre nós, aínda que non chegamos, polo de agora, aos altísimos índices doutros países. En Francia vai collendo tintas de verdadeira praga nacional: o ano pasado contáronse máis mortes por suicidio que na estrada. En xeral, nos países occidentais o suicidio está acadando un dos primeiros postos no ranking das causas de mortalidade.

O caso de Sampedro, un *suicidio asistido* mal chamado eutanasia, fixo actual o debate; espero que non servira tamén para "poñelo de moda", aínda que estes exemplos poden axudar a decidirse aos indecisos.

Nen xulgo a súa decisión persoal, nen a do mozo do meu barrio, nen os demais casos concretos de suicidios que coñezo e tantos que non coñezo. Mesmo, a miña Igrexa foi progresando un pouco para superar a barbaridade de condenar para toda a eternidade aos suicidas, e ir chegando a unha actitude máis acorde co Evanxeo, poñéndoo nas mans amorosas de Deus, en quen é máis forte a misericórdia que o xuízo ("A misericórdia de Deus trunfa sobre o xuízo", Sant 2,13) e a vida máis forte que a morte. Eu estou convencido de que se o Deus que manifestou Xesus Cristo ama particularmente aos máis pobres, aos máis febles, ten que acoller con particular agarimo a calquer que se sinta nunha situación de indixencia tal que non atope razóns para seguir vivindo. Quen máis pobre, feble, máis fráxil e indefenso ca el? Xa o di o Salmo 103: "Canto un pai ama aos seus fillos, así nos ama o Señor. El sabe de que estamos feitos, recorda que somos lama".

Pero, aínda que eu non xulgo, afirmo a

miña aposta incondicional pola vida e a esperanza no medio dun mundo de morte e sensentido, de desamor e soidade, onde "un cansa da prisión do traballo e o valor, e non esixe máis que o feitizo da tenrura no corazón", onde "o pasado e o futuro achéganse tanto que non queda sitio para o presente", onde "non hai nada máis difícil que vivir, nen nada máis doado que morrer".

Sinto a miña impotencia para poder acompañar a tantos e tantas con esta aposta pola vida nos seus momentos de depresión insufribel e cansazo da vida. Porque, a pesar de toda a dureza da vida, "feitos estamos para un vivir vizoso, no gozo compartido clara vida" (X.A. Miguélez). E sinto esta impotencia como a sinto tamén para axudar a comprender a outros que o máis seguro que temos é o amor de Deus manifestado en Xesus Cristo; para compartir con eles a experiencia de que "Deus é o amigo fiel, o compañeiro no sufrimento, o que te entende" (Whitehead). Con todo, eu sigo apostando pola vida. Isto axúdame a comprender a capacidade de amor dun Deus que tamén "sufre impotente" para facernos comprender a súa tenrura, para axudarnos a sentírmolos confiadamente nas súas mans, e que sigue amando con paixón e gratuitamente.

Por se lle pode tamén ser útil a alguén, velai a tradución galega do poema completo de Eluard, e desculpe o lector a ousadía de poñerse a traducir poesía un que non é poeta:

*A noite nunca é completa
sempre hai, porque eu digo
porque eu afirmo,
ao final da pena
unha fiestra aberta,
unha fiestra iluminada;
sempre hai un soño en vela
un desexo que encher
fame que satisfacer
un corazón xeneroso
unha man collida
unha man aberta
ollos á espreita
unha vida
a VIDA por compartir.*



DELMÍ ÁLVAREZ

CAPIROTES OU CELEBRACIÓNS DO TRUNFO DA VIDA?

VICTORINO PÉREZ PRIETO

É cousa de hai xa anos o confronto entre unha visión da Semana Santa como unha semana de vacacións, semellante aos días do Entroido ou do Nadal, ou unha semana de fondo contido relixioso para o povo cristián. Paréceme un confronto bastante inútil, no que a dimensión relixiosa leva as de perder, nun mundo secular coma o actual, nas portas do século XXI, no que a xente, crente e non crente, ten di-
reito a organizar o seu tempo libre como queira.

Ocorreralle como xa aconteceu co Nadal, unha festa cristiá que naceu para "cristianizar" a festa pagá romana do *Natalis Solis invictus*, e que volveu converterse novamente nunha festa pagá, aínda que persistan simbolismos cristiáns coma o Belén, pero desprovistos do seu sentido xenuíno. Alguén dixo con razón que o Nadal, máis que celebrar o nacemento nun humilde pesebre do Fillo de Deus feito home, é unha "orxia pagá consumista", na que o ton principal ven marcado pola desmesura no derroche.

Vense falando últimamente dunha "recuperación" do sentido relixioso da Semana Santa, porque volven —en realidade non se foron nunca— as procesións, cos seus pasos lacrimóxeos, os seus caperuchóns e militares, os seus ritmos marciais e os penitentes arrastrando cadeas, rezando a un Deus que semella ser un Deus sádico, sedento de sangue e dor. Pero, é realmente esa a dimensión relixiosa-cristiá da Semana Santa?

Sen quitarlle valor á honradez dalguns que poden vivir relixiosamente a Semana Santa con estas manifestacións tradicionais, paréceme que a realidade é que se trata máis ben dun folclore que revive por razóns turísticas —nas que manda a economía— ou por

razóns dun espectáculo urbano. Que repercusión real teñen na vivencia da fe cristiá dos que participan nelas? Creo que na meirande parte dos casos nengunha.

A fe cristiá non é un puro sentimento privado, individualista, burgués e descomprometido, senón que ten unha dimensión esencialmente comunitaria.

**‘Fronte a case exclusiva
preséncia de morte nas
manifestacións das ruas, a fe
cristiá celebra tamén a
Resurrección’**

Non para ter unha preséncia pública desafiante na sociedade, senón porque o cristianismo naceu no seo dunha comunidade de discípulos e o elemento celebrativo-comunitario é fundamental nel, xunto co seu compromiso social co pobre e o feble. Na Semana Santa os cristiáns celebran algo que está nos fundamentos da súa fe: o compromiso até a morte dun galileo chamado Xesus de

Nazaret, o Cristo, e o seu trunfo pascual sobre esa morte. Pero, o ton xenuinamente cristián das celebracións deses días non ven marcado pola morte, senón pola vida. Fronte a case exclusiva preséncia de morte nas manifestacións das ruas, a fe cristiá celebra tamén a Resurrección. O punto de chegada non é a Cruz, senón a Pascua de Resurrección. Por iso, deixando o pórtico da Semana que é o Domingo de Ramos, as celebracións fundamentais fanse en tres días chamados "Triduo Pascual": *Xoves Santo* (a Derradeira Cea), *Venres Santo* (a morte na cruz) e *Pascua* (celebración da resurrección na nocturna Vixilia Pascual).

A fe cristiá non nace da cruz, senón da experiencia pascual dunha pequena comunidade que, tras da morte do Nazareno, empezou a proclamar: Xesus vive! Esta fe no Resucitado celébrana os cristiáns nas súas comunidades e parroquias, non nos pasos dos tétricos caperuchóns, que camiñan ao son dos ritmos marciais. ♦

OPINIÓN

COMERCIO XUSTO, PARA NON PERDER O SUR

VICTORINO PÉREZ PRIETO

tonaldo, o futbolista que lle quería moito Barça, pero se foi para o Milán porque le daban máis millóns, ten un contrato de por vida coa empresa Nike para promocionar esa marca; contrato polo que cobra 6,7 millóns de pesetas ó mes. Unha traballadora indonesia, por coser unhas zapatillas Nike durante máis de 8 horas diarias, cobra 7.800 pts. e non ten ningunha seguridade no seu emprego. Mentres as multinacionais dilapidan miles de millóns en publicidade, non pagan nin o mínimo salario xusto ós seus traballadores.

Na rexión de Asam, na India, segundo as estadísticas gubernamentais as plantacións de té empregan 125.000 nenos/as, estatística non fiable, pois basease nas declaracións das facendas, que ocultan ó 70% da man de obra infantil, que é ocasional. A discriminación por sexo e idade é habitual nestas plantacións, nas que traballan máis nenas. O 77% dos traballadores destas plantacións viven nunha pobreza extrema, traballando a tarefa por prezos de miseria. Os seus míseros ingresos contrastan cos beneficios altísimos das multinacionais do té.

Eu non merquei na vida unhas zapatillas Nike, nin espero facelo. Pero si tomo té e café, que chega maiormente polas canles xustas das multinacionais que explotan no Terceiro Mundo. Poucos nos libramos algún pecado co que sermos cómplices da inxustiza mundial establecida. Pero hai en anos que teño unha teima militante: non beber Coca-Cola, nin produto algún esa multinacional americana, símbolo máximo da ideoloxía imperialista ianqui. Ademais de non beber o "noxento brebaxe", que lle chamou Celso Emilio, son póstolo da causa, aínda que conseguira ta agora poucos conversos.

NON PERDAS O... SUR. Igual que fomos duces desde pequenos co machismo de que "os nenos non choran" ou co antieco-nomista "matar dous paxaros dun tiro", tamén nos ensinaron a "non perder o Norte"; pero vai sendo moito hora de que ambiemos o compás e empeceamos a orientalo cara ó Sur.

Os produtos do terceiro Mundo que consumimos son, en gran parte, froito do abuso que sofren os traballadores do Sur. Soldos de miseria, prezos irrisorios para os produtos agrícolas e un mercado internacional que beneficia só ós que o manexan e non que un pequenísimo grupo de grandes empresas multinacionais controlan o 70% do comercio. Estas empresas non só conseguen beneficios

materiais escandalosos, senón que controlan calquera tipo de decisión política dos organismos nacionais e internacionais, onde conseguen infiltrar os seus executivos e espías.

Isto é o que están a facer desde hai anos as tendas de Comercio Xusto en todo o mundo, aínda que por estes lares sexa aínda cousa moi recente. Facendo algo de historia, vemos que, en realidade, as primeiras tendas de comercio xusto e solidario naceron hai case trinta anos. A primeira abriuse en 1969 en Brenkelen (Holanda), e nos comezos dos 70 había xa unhas 120 nese país, estendéndose de contado por Bélxica, Suíza, Austria, Alemaña, Francia e Gran Bretaña. En 1989, 40 Organizacións de Comercio Alternativos (OCAS) crean a Federación Internacional de Comercio Alternativo (IFAT, *International Fair Trade Association*). A súa oficina central de Amsterdam agrupa a produtores do Sur e a OCAS do Norte, favorecendo e sistematizando o intercambio de información, co-

ordinación de acordos comerciais, campañas conxuntas etc. Pouco a pouco, algunhas destas organizacións fóronse transformando en empresas que operan no mercado, pero subordinando as leis mercantís imperantes a uns valores éticos e uns proxectos colectivos que poñen especial fincapé no trato xusto cos produtores e no rol da responsabilidade ética do consumidor.

‘O obxectivo do comercio xusto non é unha carreira para conquistar cotas de mercado, senón a vontade dun estilo de producir e vender que produza un punto de inflexión na cultura dos consumidores’

Nestas empresas, primanse privilexiadamente os produtos do terceiro Mundo que están en desvantaxe económico-social, fixando uns prezos mínimos que poidan garantir salarios dignos para os produtores e cubrir os custos de produción e inversión. Parte do diñeiro obtido polas cooperativas dos produtores debe invertirse en proxectos para a comunidade, nos ámbitos educativo, sanitario...

A REALIDADE ACTUAL. Aínda que semelle que pouco se conseguiu nestes trinta anos, en realidade, un recente informe elabo-

rado pola ONG Intermón a finais do pasado 1997, e que aparecerá no Anuario 1998 da *Asociación Europea de Comercio Xusto* (EFTA), aporta datos esperanzadores, sobre todo da última década.

No Estado Español o comercio xusto movei en 1990 uns 13 millóns de pesetas, e en 1997 a cifra chegou ós 700 millóns. Indo a cifras internacionais, en 1995 o Comercio Xusto facturou no mundo máis de 38.000 millóns de pesetas, 33.000 deles foron facturados desde Europa; estes beneficios chegar a uns cinco millóns de persoas de países do Terceiro Mundo. Con todo, o obxectivo máis importante do comercio xusto non é unha carreira para conquistar cotas de mercado, senón a vontade dun estilo de producir e vender que produza un punto de inflexión na cultura dos consumidores, facendo os conscientes da inxustiza que manteñen dándolles os seus cartos as empresas multinacionais que explotan de xeito inxusto e asasinando á poboación do Terceiro Mundo. Estas mesmas empresas fanlle o boicot ós produtos de Comercio Xusto.

En Galiza, a realidade das tendas de comercio xusto aínda é moi pequena: "Panxea" en Santiago (Galerías Belén, local 109, R/Rosalía de Castro 29-31), "A Cova da terra" en Lugo (Galerías Novocentro, R/ San Pedro 13) e "Aguasquentes" en Ourense (na Casa da Xuventude, pero menos fixa que as anteriores). Hai unha *Coordenadora Galega de Comercio Xusto* que organiza actividades periodicamente; unha delas foi ultimamente a exposición "Tecido con dignidade", para concienciar da explotación de que é obxecto o Terceiro Mundo por parte das multinacionais de téxtil, que trasladaron a meirande parte da súa produción dos países do Norte ós do Sur buscando meirandes marxes de beneficio a base dunha man de obra barata, en gran parte dos casos escandalosa e insultantemente barata: xornadas de 12 horas e salarios de miseria; en moitos casos que ven ser unha utilización de man de obra pouco menos que en réxime de escravitude, referida particularmente á explotación de nenos e nenas menores de 14 anos, que deben traballar para colaborar na manutención das súas familias.

Alguén pode dicir que é unha utopía inútil querer loitar contra os xigantes que dominan mundo, pero compre lembrarse de David e non deixarse engaiolar polos que din que non se poden cambiar as cousas. "¿Como é posible que sexa imposible cambiarlas?" cantaba unha cantiga hai anos. ♦

VICTORINO PÉREZ PRIETO é escritor e crego





Histórica formación de Saraibas.

Un pobo, unha terra, unha fala, vinte anos de Saraibas

♦ V. PÉREZ PRIETO

"Unha terra, un pobo, unha fala". Este é o título da primeira produción discográfica de Saraibas, que viu a luz en 1980. Pero o grupo xurdira dous anos antes, na primavera de 1978. Víanse xuntando para cantar nas celebracións relixiosas parroquiais e en festas discretas, mais ben privadas; pero foi na festa de Somozas, preto da súa vila natal, San Sadurniño, cando se deron a coñecer nun concurso ó que se presentaron co nome de *Chorima*, que ó pouco mudaría polo de *Saraibas*. Foron anos de creatividade nos que estaban a nacer moitas das formacións musicais ben logo consolidadas, caso tamén de Milladoiro ou do grupo A Roda.

A formación orixinaria de Saraibas, na que co tempo habíase cambiado algúns compoñentes, estaba formada polos irmáns Martín e Miguel Sanxurxo, compositores ou arranxistas da letra e a música da meirande parte das cancións do grupo, Avelino e Rexina Cinza, Enma Calvo e Elisa García. Pretendían facer música folk galega e, evidentemente, en galego, con base tradicional, pero non pechada nas melodías e letras tradicionais, senón aberta a novas tendencias e arranxos.

Na súa primeira xira promocional, xa compartiron cartel con outro grupo musical que acababa de empezar, Milladoiro, e cun grupo de danza que tiña máis soleira, o Ballet Galego Rei de Viana. Por Venezuela seica lles preguntaron estrañados en máis dunha ocasión onde tiñan o "traje regional", e o seu "escandaloso" "Rebola-bola" tivo problemas máis dunha vez. Logo virían xiras galegas, numerosas festas populares en cidades e aldeas do país, pero tamén o festival de Lorient, e actuacións en Lausanne, Zürich, Xenebra, París, Ambers, Bruxelas e o mesmo Londres.

Con *Fixan os Ventos* e *Milladoiro* formaron o triángulo cabeceira da casa discográfica galega *Ruada* ata o seu peche. Precisamente por "facer país", até rexeitaron unha oferta da todopoderosa Philips.

"Un pobo, unha terra, unha fala" tiña unha intención evidente, manifestada no mesmo título do disco: defender a realidade

nacional galega, particularmente manifestada na lingua como símbolo máis esencial. Non en van o título do tema central do disco era "Nación", e o seu retouro cantaba esas tres emblemáticas palabras que manifestaban a identidade de Galiza. Pero Tamén "Galicia nai" de Cabanillas e "Galego na escola".

De 'Rebola-bola' a '¿Careca?'

Ó ano seguinte do seu primeiro disco veu "Xa non podemos calar" (1981), tamén con evidente intencionalidade política, manifestada non só na cantiga que dá título ó disco, e outras como "¡Ai galeguínos!" ou "Os aproveitados da fala", senón tamén noutras nas que musicaron magníficos poemas de Xosé Antón Miguélez, como: "Por se chega a primavera á nosa Terra". Novos compoñentes se foron incorporando pouco a pouco con máis ou menos estabilidade: Manuel Alonso, Óscar Sanxurxo, Rosa Ces, Amparo Calvo, Vicente Bermúdez, Anxela Loureiro e a última incorporación Juanjo Porta, que foi guitarrista de *Gwendal*. O terceiro disco "¿Careca?", saíu cinco anos despois (1986), pois xa andaban cun novo proxecto que lles había roubar moitas enerxías, *Cantareliña*. O cuarto traballo discográfico foi "Camino longo" (1992), que tivo menos difusión; isto, sumado a que se prodigaron menos nas actuacións públicas e non entraron gustosos no xogo dos chous televisivos, levou a que nos últi-

mos anos algúns pensaran que desaparecera Saraibas. Pero aínda sacarian un quinto traballo en 1996: "Cantións", en colaboración coa ferrolá Anxela Loureiro.

Cantareliña, unha aposta polos nenos galegos

Saraibas non se entende sen Cantareliña, como tampouco sen

o empuje espiritual e material do que foi o seu mentor, Ramón Díaz Raña, moitos anos cura de San Sadurniño, preto de Ferrol, e hoxe por outros derroteiros distintos dos da clerecía. Sobre todo da man de Ramón Raña, Martín e Miguel Sanxurxo, *Cantareliña* constituíu un marabilloso proxecto que foi adiante a forza de inxenio e xenerosidade, moitas veces non recoñecidos e, pola contra, máis ben con atrancos, en máis dunha ocasión causados polos "ananos" que mandan no país. Os seus resultados fixeron historia e falan a berros de quen os fixo posibles.

Entre 1983 e 1991, o festival infantil de *Cantareliña* conseguiu reunir un numeroso grupo de nenos e nenas de distintos centros escolares e asociacións de toda Galiza co lema "Mentres canten os meniños, Galiza será inmortal". Mentres canten... na lingua do seu pobo, cousa que non está moito á orde do día. Por iso é motivo de esperanza o feito de que convocara ó longo dos seus anos centos de nenos; pero tamén que producira dúzias de cantigas, pois a produción musical infantil que foron acumulando as súas sete edicións foi enorme e riquísima, aparecendo numerosas cantigas orixinais de gran calidade. Foi pena que non perdurara máis esta fermosa experiencia; con todo, outras posteriores como "Xabarin Club" beberon daquela.

Saraibas segue vivo, e facendo o que sempre fixo, cantar e compor cantigas. Oxalá nos próximos vinte anos nos dea outro tanto. ♦

OPINIÓN

ENCUNTROS NO ADRO

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Non é ningunha novidade dicir que o mundo actual *pasa* máis ben de Deus, aínda que maioritariamente non negue a súa existencia... por se acaso, e non chegue a declararse ateo, como profetizaron que acontecería, sen moito acerto, pensadores do XIX.

AS RELIXIÓNS ESTABLECIDAS
NON GOZAN DE BOA SAUDE

Deus non "morreu" no mundo contemporáneo, como declarou solemnemente Nietzsche, pero as relixións establecidas non gozan de moi boa saúde, a pesar dalgunhas manifestacións multitudinarias que convoca de cando en vez este Papa mediático, ou líderes doutras relixións. Comezaron deixando a Igrexa os intelectuais, para os que a luz que trouxera a Ilustración era incompatible cos vellos mitos relixiosos; logo foron os obreiros, que cansaron da submisión ó patrón que lles predicaban os curas, e aceptaron a consigna de que a relixión era "o opio do pobo"; despois se foron os mozos, cansos de que lles dixeran o que tiñan que facer co seu sexo; e finalmente van deixándoa tamén as mulleres, cansas de estar na Igrexa só para facer número, sempre submisas ós varóns.

No noso Occidente secularizado, o pobo mantén aínda unha relixiosidade sociolóxica, que, maiormente, non chega a ser unha fe madura e personalizada, e que non cadra coa práctica que lle pide a súa Igrexa. A causa da baixa práctica relixiosa cristiá, tal como se ten apuntado, non está tanto -ou polo menos non está toda- na presunta "des-cristianización" do mundo moderno, debida ó seu materialismo egoísta, senón en gran parte na infidelidade da Igrexa ó proxecto do seu fundador. Como recordaba recentemente, de xeito sinxelo pero incisivo, Manuel Guerra -un médico que quixo manifestar publicamente a súa fe- Xesús veu dicirnos fundamentalmente que Deus nos quere incondicionalmente, el só quería que a xente fora realmente feliz, non na outra vida -que tamén-, senón aquí e agora. En troques, a Igrexa encheu a súa mensaxe de mandamentos e prohibicións. Falou dun Deus que está... "nos ceos", que premia ós bos e castiga os malos, ¡co lume perpetuo do inferno!, e que mesmo ós "bos" tenos penando un tempo no purgatorio polos seus inevitables pecados. Unha Igrexa que falou maxicamente da Providencia divina (un "Deus fontanero"), que falou descabelladamente da Redención como expresión dun Deus sedento de sangue (un "Deus sádico"), e que falou dunhas indulxencias e sufraxios (un Deus

mercantilista) que dificilmente cadran co espírito evanxélico, e menos aínda coa mentalidade moderna, en moitos aspectos sanamente secularizada.

Por todo iso, compre repensar moito ideas e dogmas recibidos, para poder ser hoxe un crente honrado pero "non crédulo", como manifesta o doutor Guerra no título do seu libro (*La confesión de un creyente no crédulo*). Compre repensar a formulación e os contidos da fe por fidelidade á cosmovisión que hoxe fornece os nosos xeitos de pensar, e porque non podemos vivir divididos entre o que pensamos nas cousas materiais de cada día e o que pensamos de Deus; pero compre tamén repensar as vellas afirmacións de fe porque tampouco non cadran co Deus do que nos falou Xesús, tal como manifestan os Evanxeos, desconfiando sanamente de que moito do recibido sobre Deus sexa, logo, unha imaxe inventada e deformada por nós, de acordo cos nosos particulares demos.

UN GRUPO QUE QUERE IR FACENDO
UN CAMIÑO

Isto é o que levan facendo desta hai moitos anos algúns teólogos e moitos grupos de cristiáns que queren ser honrados consigo mesmos, co seu mundo e co mesmo Deus. Lévanos facendo en encontros onde se comparte a fe, se ora, se celebra e se buscan vías de camiño de cara a unha vida persoal e un compromiso social. Teñen aparecido xa un bo feixe de libros de teoloxía froito desa reflexión que quere ser honrada, actual e fiel, mesmo non temendo trabucarse nesa pescuda. Entre nós, Torres Queiruga e Chao Rego e eu mesmo temos publicado as nosas reflexións con títulos tan expresivos como estes de Queiruga: *Recupera-la salvación, A revelación de Deus na realización do home, Recupera-la creación. Por unha relixión humanizadora*. Ou o último de Chao Rego (*Na fronteira do misterio. Credo para xente non crédula*) e o úl-

timo meu (*Do teu verdor cinguido. Ecoloxismo e cristianismo*), no que asumo o reto ecoloxista con tanta honradez como para afirmar que ten que levarnos a reformular as nosas mesmas concepcións de Deus, máis aló das vellas concepcións monárquico-imperialistas dominadoras e opresoras, que se foron impondo nos séculos do cristianismo.

O adro é ese lugar aberto da parroquia onde a xente latrica, enfiando os máis diversos temas antes de entrar no templo para a Misa dominical. Esta foi a palabra clave elixida por un grupo de curas e leigos galegos para uns encontros que veñen realizando no mosteiro de Sobrado dos Monxes desde hai pouco máis durano, na perspectiva renovadora apuntada.

Recentemente deron coñecer a súa identidade nun sinxelo manifesto onde comezan auto-comprendéndose como un grupo que busca "ir facendo camiño na Igrexa con fidelidade é

Evanxeo... na perspectiva profética de Xesús de Nazaret, o Cristo de Deus, no compromiso coa sociedade galega, en sintonía coa súa identidade étnica e cultural". Manifestáanse "sensibles á realidade dos máis desfavorecidos", para comprometerse solidariamente con eles, aínda que esto supoña ir contracorrente, sobre todo contra a ideoloxía do "deus mercado" e o "demo do neoliberalismo". Fan unha clara aposta pola corresponsabilidade de tódolos membros da Igrexa, tendo particularmente presente a realidade das mulleres, que, aínda que son maioría na Igrexa, carecen nela de capacidade de decisión, pois esta encóntrase nas mans do clero, só varóns.

Lonxe no tempo quedan outros esforzos semellantes como o dos *Coloquios Galegos de Parroquias*, que, recollendo os ventos renovadores do Concilio Vaticano II, deron importantes froitos polos anos 60 e 70. Oxalá estes novos *Encontros no adro* colaboren na revitalización da Igrexa galega, que está nunha profunda atonía. ♦

‘Compre repensar
moito ideas e dogmas
recibidos, para poder ser
hoxe un crente honrado
pero “non crédulo”

"SOMOS IGREXA, HO, SOMOS IGREXA"

NOVA EDICIÓN DA ROMAXE DE CRENTES GALEGOS

VICTORINO PÉREZ PRIETO

*Galeguíños irimegos
A fe seica nos esixe
a ver se vos decatades,
a revolución interna:
de que Igrexa somos todos
construímos unha Igrexa
no só papa, bispos e frades.
que resulte máis fraterna.*

Estas verbas, tarareadas con música popular a catón do santuario de Cadeiras, preto de Sober, marcaban o ton dunha nova Romaxe de Crentes Galegos, que xa pasou o ecuador dos vinte anos e vinte edicións consecutivas, superando os problemas e censuras de que foi obxecto desde o comezo. O lema deste ano: "Somos Igrexa", quería manifestar que os cristiáns galeguistas que a veñen celebrando desde o comezo non se senten "igrexas contra a Igrexa", senón simplemente Igrexa; é dicir, comunidade de homes e mulleres seguidores de Xesus Cristo que pertencen á Igrexa Católica, aínda que cun sentido renovador, aberto, amplo e ecuménico, e, ao mesmo tempo, comprometida coa realidade concreta de Galiza. "Somos Igrexa, pero ademais somos galegos", berrou ali o povo.

Este colectivo non pretende ser un grupo de "perfectos" na Igrexa e na sociedade, pero reivindica a autenticidade da súa aposta e a chamada a interpelar con voz libre e baril ("profética", na linguaxe cristiá) á Igrexa de Galiza para que sexa máis fiel e mellor servidora da súa terra.

Ao pé do santuario de Cadeiras un numeroso grupo de mulleres, homes, vellas e vellos, adultos de mediana idade, mozas, mozos e nenos, representaba unha imaxe ben viva e ben auténtica da Igrexa galega. O be-

rrro "Somos Igrexa" soaba baril e verdadeiro, máis amplo que a imaxe reducionista que ofrecen moitas veces as parroquias. Aquela non semellaba ser unha Igrexa decrepita e decadente, da que foxe a mocidade, senón unha Igrexa ben chea de vida, con presente e futuro no medio dun mundo secular no que esta vai perdendo adeptos; unha Igrexa comprometida coa sensibilidade, os problemas e as arelas da súa sociedade. A palabra, a música e o baile xungiéronse co rito da eucaristía nun encontro de discutíbel elaboración e seguramente imperfecta realiza-

ción, pero que rebordaba espontaneidade e desexo de autenticidade na celebración da fe. Logo, a comida compartida no campo e a festa da tarde facían medrar o encontro e a amizade dos milleiros de persoas que vivían dos máis dispares recunchos de Galiza.

O lema deste ano sintonizaba co movemento do mesmo nome que recorre o mundo nos últimos anos xuntando numerosos cristiáns das vellas igrexas de Europa cos máis novos das igrexas de América e Asia, e do que xa se ten falado nas páxinas de *A Nosa Terra*. Na celebración escoitábanse os puntos da Declaración "Somos Igrexa": Igual dignidade de todas as persoas crentes, superación do abismo entre cregos e leigos, participación nas decisións da Igrexa. Plena igualdade de dereitos da muller na Igrexa, incluído o do acceso ao sacerdócio ministerial. Libre elección no sacerdócio entre a vida celibatária ou non celibatária. Valoración positiva e tolerante da sexualidade. Máis tolerancia e comprensión coas persoas en situacións difíceis. E que a experiencia cristiá de todos os povos saiba expresarse cos elementos propios de cada cultura. ♦



**“O colectivo
non pretende ser un
grupo de “perfectos”
na Igrexa e
na sociedade,
pero reivindica
a autenticidade
da súa aposta”**

OPINIÓN

O SÍNDROME NNA SIGNIFICA, SEGUNDO O AUTOR DESTE ARTIGO, "NON HAI NENGUNHA ALTERNATIVA". SÍNDROME QUE NACERÍA DA IMPOSICIÓN NOS ÚLTIMOS ANOS DO QUE SE DEU EN CHAMAR "PENSAMENTO ÚNICO"; ESA CONCEPCIÓN DO MUNDO QUE "NOS QUERE CONVENCER DE QUE HOXE NON HAI MÁIS IDEOLOXÍA VIÁBEL QUE A NEOLIBERAL".

O SÍNDROME NNA

VICTORINO PÉREZ PRIETO

O *síndrome NNA* é coma o letreiro que o Dante puxo na porta do inferno, compre "abandonar toda esperanza" en calquer utopía de cambio, pois está de antemán condenada ao fracaso. Así que colle o anaco do pastel máis grande que poidas e... "a jugar". Este pensamento tamén está moi metido na Igrexa, onde un pretendido realismo esterilizante impide a moitos seguir apostando pola utopía do Reino de Deus. Afortunadamente, o que é un rotundo fracaso é precisamente a pretensión de impor un "pensamento único"; e na Igrexa, a pesar dos medos esterilizantes e dos cansazos, xorden constantemente movementos que manifestan a liberdade do Espírito que sopra onde quere e como quere. "Onde está o Espírito de Deus ali hai liberdade", vida e esperanza; esa esperanza é o único antídoto contra o *síndrome NNA*.

O Movemento Internacional Somos Igrexa (IMWAC) está sendo, neste momento, capaz de ir aglutinando numerosas organizacións e redes locais ou internacionais que queren renovar a vida da Igrexa, porque contrariamente aos seus acusadores están convencidos de que a Igrexa aínda ten moita vida! Isto é o que manifesta cada día a información que o IMWAC se encarga de comunicarnos aos que estamos conectados coa plataforma a través de Internet.

Posibelmente, un dos meirandes logros desta plataforma renovadora da Igrexa foi a de crear un espazo de comunicación libre, democrática, descentralizada, descolonizadora e rápida entre os católicos e cristiáns de todo o mundo que apostan confiados por un cambio da Igrexa desde a base. A través de Internet crebáronse os estreitos límites localistas das igrexas e a información relixiosa e social filtrada polos medios que están suxeitos ao poder. Por iso, os co-ordenadores do IMWAC recoñecían recentemente nun documento difundido pola rede: "Gracias a tecnoloxías novas coma o e-mail, dispoñemos de posibilidades inauditas para dialogar sobre a nosa Igrexa e o seu liderazgo, non só como grupos nacionais, senón tamén como comunidade internacional de fe e esperanza. Podemos falar en moitas linguas sobre o futuro da nosa Igrexa e sobre as maneiras en que a nosa comunidade de fe e os seus líderes podan ser máis fieis ao Evanxeo".

Pode que, con todos os seus inevitábeis erros, sexa esta plataforma unha ocasión excepcional para vivir a verdadeira *catolicidade* ("universalidade") e unha aposta ecuménica séria da Igrexa, e, de paso, aprobar a súa signatura pendente coa modernidade, se a xerarquia ollá para ela con amor dialogante e deixa de hostilizar enriba os cancerbeiros da ortodoxia, que, esquecendo aquilo de "o Sábado é para o home e non o home para o Sábado", xa andan a "prever" aos católicos do "perigo

de chegar a contaxiarse a través de Internet e demais medios de comunicación modernos co xérmolo de democratización que xurdiu entre os fieis de Europa central". Pode que, a pesar dos medos duns e a miopia doutros, o berro "Somos Igrexa" se vaia convertendo nunha canle para a forza transformadora do Espírito, e troque o *síndrome NNA* en esperanza dunha vida nova que non sexa só para o outro mundo.

Nas últimas semanas difundíronse, entre outros moitos comunicados, dous documentos máis longos e especialmente interesantes: *Dores de parto dunha Igrexa para o terceiro milenio* e *Un Papa para o tempo que despunta. Bispo de Roma e Pastor Universal*. O primeiro, tras unha introdución da portavoz e principal coordinadora da comunicación na rede, a colombiana-alemana Elfriede Harth, trae unha completa información sobre a presenza da plataforma renovadora nos distintos países. Os nomes do movemento en cada lugar son ben expresivos. Desde a pioneira austríaca *Plataforma Nós*

Somos Igrexa co seu "Chamamento ao Povo de Deus", ou o tirolés *Por unha Igrexa máis humana*, e o belga *Por unha Cara diferente da Igrexa e a Sociedade*, até o sinxelo nome dos norteamericanos, ingleses e irlandeses: *We Are Church* ("Nós somos Igrexa"), que asumiron literalmente traducido os irmáns de Portugal e Brasil: *Nós Somos Igreja*, e o máis sinxelo dos españois e sudamericanos: *Somos Iglesia-SI*, que asumimos no galego *Somos Igrexa*.

O segundo documento, que ve a lus con ocasión do vinte aniversario do actual Papa, céntrase na idea do Papa que queremos para o terceiro milenio. Co que se manifesta que se acepta o que pode representar a súa figura, igual que se manifestou o valor do ministerio sacerdotal -renovado- na Declaración da que se ten falado nestas páxinas ("Somos Igrexa", ANT, 30-X-97). Afirmase aquí que se quere un líder capaz de ler os signos dos tempos co seu povo, que recoñeza particularmente o despertar das mulleres e o seu dereito a ser chamadas ao ministerio, e igualmente o dereito de mulleres e homes a exercer ese ministerio como célibe ou casado. Un papa respeitoso coas conciencias dos católicos/as e que impulse un verdadeiro diálogo teolóxico para promover unha san diversidade de opinión na Igrexa. Un papa que saiba recoñecer a pluralidade cultural dos cristiáns e a necesidade de inculturar a fe nas diversas realidades nas que se vaia inserindo. Un pioneiro que invite a tomar iniciativas que axuden a un desenvolvemento adulto da fe e a responsabilidade de todos os fieis da Igrexa, cunha clara e sincera aposta ecuménica. E, en fin, un líder que saiba ser verdadeiro profeta incansábel na promoción da igualdade, a paz e a xustiza para os pobres. ♦

VICTORINO PÉREZ PRIETO é escritor e crego

‘Quérese un Papa que recoñeza o dereito das mulleres a ser chamadas ao ministerio e o dereito a exercelo como célibe ou casado’

OPINIÓN

A SOLIDARIEDADE ABRE AS NOSAS VEAS

VICTORINO PÉREZ PRIETO

"O tema da *exclusión e solidariedade* ábre nos rotas das veas e todas as feridas: a do amor, a da morte e a da vida". Con estas palabras comezou Xaquín García Roca, sociólogo e profesor, a súa ponencia no "XIII Foro Religión e Cultura" que sobre ese tema ven de organizar como hai outros tantos anos a revista *Encrucillada*.

A ferida do *amor* porque, con Neruda, compre dicir: "De certos lugares nace unha instancia ética capaz de remover as entrañas". A da *morte* porque "perdido está o que anda cos perdidos", cos excluídos, cos esmagados pola vida. E a da *vida*, porque, a pesar de tanta morte e sufrimento, co Xesús de Nazaret que baixou até os infernos da miséria humana, compre dicir que só hai vida para todos se en primeiro lugar hai vida para as vítimas.

Que é o que contamina hoxe as nosas vidas e afoga aos máis febles? O furacán da *globalización*, que pasa polo mundo instalando a morte no seu camiño: en dous días morren máis nenos de fame no noso planeta que iankis morreron en toda a guerra do Vietnam. É un furacán que arrasa todas as resistencias, afogando todas as protestas amparándose na aparente falla de alternativa: Non hai máis opción válida e realista que a imposta polo pensamento neoliberal de mercado, estamos na "fin da historia".

OS PUNTOS CEGOS. Hai uns puntos cegos que contaminan o pensamento e a acción no noso mundo e que nos tocan en diversa maneira, pero con máis forza aos menos críticos. O primeiro é confundir dous soños que teñen distintas lóxicas: a *globalización* económica coa *realización* humana. Pero fronte a realización dos seres humanos como camiño de felicidade, a *globalización* é tan só unha ideoloxía mercantilista, "o soño do tendeiro como última fase do capitalismo" dixo García Roca; neste soño, o que é tan só un médico (os cartos, o comercio) convértese nun fin escravizador e destrutor.

O segundo punto cego é o de converter a *globalización* nunha receita, un proxecto político no que se subordina todo á economía de mercado, que converte o mundo nunha gran tenda, e afirma dogmáticamente que esa receita vai valer para todos: a salvación do mundo, da xente, vai vir pola produción e o mercado. Por iso, para ese proxecto compre destruír todas as estruturas colectivas que poidan ser un obstáculo para a circulación libre das mercancías.

En fin, o terceiro é a dobrez da linguaxe e a moral, sostida en dous mecanismos: Un é o planteamento de que o liberalismo chega só até onde é beneficioso para os países ricos, e detense nos países pobres. E outro, é a mentira que afirma rixidamente que a *globalización* vai producir beneficios para todos, despois dos correspondentes axustes do distintos estados. En troques, a realidade é que o crecemento económico fracasou, e a acumulación da riqueza nas mans duns poucos é cada vez máis escandalosa.

Quen perde nese proxecto globalizador recibe unha sentenza de morte. Tal como vimos no último desastre de Centroamérica,

ca, as catástrofes non son nunca algo natural, senón unha construción social cunha fórmula sinxela: catástrofe = dano + intensidade - resistencias. A *globalización* activou a dinámica de "ir cara a baixo": menos impostos, menos salários..., para que medren as rendas duns poucos, aínda que sexa afundindo a outros moitos.

AS METAS TRANSITÁBEIS. Con todo, van aparecendo "metas transitábeis", pois está nas nosas mans a erradicación da pobreza: co 1% do presuposto dos países ricos abundaría. Ademais, na aldea global pode emerxer a cidadanía mundial non só para os intereses do capital, senón como expresión dos dereitos de todos os seres humanos, para que poidan ser realmente iguais. Por outra banda, vanse multiplicando as comunidades de sentido, que creban os consensos inxustos, pois saben que non interesa tanto canto produce un país, senón como chega nel a xente a ser realmente feliz; o crecemento sen equidade non é nunca verdadeiro desenvolvemento. Son estas comunidades de sentido, as culturas nacionais pacíficas e as redes internacionais de solidariedade as que poden poñer o freo fronte á imposición da *globalización*.

A mensaxe liberal, neste país, como en todo o mundo, di que "todo vai ben", que a economía funciona, que o deus mercado é o salvador do mundo. Pero a realidade é que todos sabemos que os

beneficios do estado de benestar só son válidos para os que están dentro; non chegan aos excluídos, que forman un cortexo de millóns. Para ese cortexo cada vez máis numeroso fracasaron estrepitosamente as bases da sociedade liberal industrial: competitividade, pleno emprego, consumo e seguridade social. E, para os que pensan que non están tan mal as cousas, compre lembrarles que entre os que están de pe e os que están caídos, están os que están caendo, sempre os máis febles.

Cinicamente, a mensaxe liberal afirma que os que están tirados están así por culpa súa, e compre pasar de largo. Non resulta moi diferente da mensaxe institucional-legalista dos tempos de Xesús de Nazaret, que afirmaba que os pobres, os tolleiros e os que padecían algunha enfermidade grave, estaban así porque Deus os castigara xustamente por algunha culpa, e cumpría pasar de largo, por non contaxiarse coa súa impureza. O nazareno opúxose a estes planteamentos no nome dun Deus de amor e misericordia entrañábeis, pero caeu baixo o peso dos poderosos; con todo os seus seguidores afirmaron de seguida e até hoxe que a morte non tivo a derradeira palabra para el, e a súa resurrección significaba unha luz na noite dos pobres e os asoballados.

Para os excluídos do Norte e do Sul non hai solución, non hai posibilidade de vida, se non se move a sociedade, nun concerto mundial que sexa realmente novo. Pode que a vella mensaxe evangélica teña aínda algo novo que dicir, a pesar de ser tan manipulada, prostituída e degradada ao longo dos seus dous mil anos de existencia por uns "cristiáns" que construíron este mundo de inxustiza. ♦

VICTORINO PÉREZ PRIETO é escritor e crego.



Cativa nicaraguense.

MUNDO CAL



¿A SANTA CONSTITUCIÓN?

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Na democracia española, na que afortunadamente se pode falar case de todos e de todo, hai dúas cousas absolutamente intocables, coma dous santos inmaculados: O *San Xoán Carlos I*, "Rei constitucional de España", e a *Santa Constitución*, "primeira constitución democrática aprobada por todos os españois". Ambos "santos" están intimamente vencellados, pois seica o devandito monarca sacounos as castañas do lume cando estabamos a piques de volver á dictadura; por iso é apoiado ata polos republicanos do PC, aínda que cando ousaron dicir que, a pesar de todo, seguían sendo republicanos, tiveron que aturar o anatema dos demais "demócratas", que non dubidaron en berarlles coma nos vellos tempos: "Pauliña ós herexes!".

O proceso de canonización e subida ós altares da Constitución Española de 1978, é un proceso chusco manifestado no mesmo santoral, pois desprazou outros días santos, co conseguinte cabreo de moitos cidadáns. Nese proceso sacralizador da lei magna española, os apoloxetas constitucionais non cesaron de atribuírlle numerosos milagres e méritos sen conto, para subila ós altares da democracia, e poñela nun lugar intocable, asentando dogmáticamente a súa infalibilidade para sempre. A meirande desqualificación que pode recibir ningún cidadán en público é: "Iso vai contra a Constitución!".

'Unha cousa é celebrar, e outra ben diferente mitificar, sacralizar e facelo immutable'

Certamente, un marco constitucional, aprobado democrática e maioritariamente pola cidadanía, ten un valor indubidable para unha convivencia en liberdade, para non depender da arbitrariedade do gobernante de turno.

Peró, a Santa Constitución non está nos altares do meu santoral, aínda que faga ponte coa Inmaculada e algúns pais lle puxeran tal nome ás súas fillas. Penso que non é malo celebrar un evento importante no nacemento da democracia, tras os corenta anos de dictadura; pero unha cousa é *celebrar*, e outra ben diferente *mitificar*, sacralizar e facelo immutable.

¿Como non se vai poder cambiar por parte dos cidadáns dun estado, todas as veces que faga falla, un estatuto que foi feito por eles mesmos? ¿Por que non se van poder sumar novos "pais da Constitución", os vellos? O debate furibundo que houbo nos meses pasados preparando o evento desta semana resulta hipócrita.

Na mesma Igrexa, a institución máis dada a asentar dogmas intocables, acéptase a "evolución do dogma", como un proceso que permite avanzar no camiño da verdade, descubriendo formulacións novas. ¿Van ser "mais papista que o papa" os *demócratas* do PSOE e o PP? ¿Ou é que lles pican as pretensións dos nacionalistas, e seguen a pensar aquilo de: "Prefiero antes una España roja que una España rota"? ♦



representando a Galiza.

XAN CARBALLA

Andrade nos con pouco'

Paz Andrade, non se pode dicir que esta fórmula institucional sexa "absolutamente centralista, nen razoamente autonomista, porque é híbrido no que estruturas do centralismo se conservan intactas dentro da fachada autonomista. E claro, é a contradición interna radical á corta ou coipo ten que erilizar a acción".


'As estruturas do centralismo consérvanse intactas dentro da fachada autonomista'

borbónico, cun Estado rexional. Ese principio adobouse dun xeito adulterador no que as provincias se conservan dentro da organización autonómica; hai unha duplicación de gastos, cuns custos de administración fabulosos".

Paz Andrade apuntaba tamén outro erro que foi o de xeralizar a autonomía "a aquelas rexións que non teñen porque tela. Hai uns ingredientes históricos e de

vontade popular que non se poden inventar creando nacionalidades ditadas desde Madrid". ♦

a o autor de *telao na luz e sombra*, "unha das cousas nunca se discutiu até agora a incompatibilidade das funcións, do réxime provincial



OPINIÓN



Zona fronteiriza entre Tailandia e Camboia.

BJÖRN H. LARSSON

CONFIANZA FRONTE AO MEDO

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Entre o sentimento sincero e o tópico, comezamos cada ano desexando aos nosos amigos e xente que tratamos: "Espeto que che vaia ben". Un bon desexo a cabalo entre a aposta honrada e o cepticismo. Cepticismo porque o medo ten feito o seu niño no noso corazón e no noso povo, onde a esperanza é socavada a diario pola frustración e o absurdo, e noutros povos mesmo pola pola irracionalidade e a barbárie.

Se o medo ronda cada día as vidas dos instalados, dos que teñen un traballo e unha familia máis ou menos estábel, as súas poutas son moito máis ameazantes cando se trata do caso dos parados, dos que teñen un traballo en precario ou os marxados aos que a sociedade xa botou fora do camiño. Medo por non poder —ou non poder abondo—, medo a non valer —non valer abondo—, medo a non ter ou a perder o que se ten, medo a non ser querido, ou valorado, ou a non atinar nas decisións... Nos casos máis extremos, medo a non ter mañán que comer, a fame e a miséria de millóns de persoas, que os *média* nos poñen cada día nos fuciños aos que vivimos no báirto residencial da Terra. O medo atravesará toda a experiencia humana, con máis ou menos intensidade, causándonos feridas que non son doadas de curar, pero necesitan ser sanadas.

Fronte a esta experiencia de desesperanza, fracaso e medo que ameazan as nosas vidas, o insensato mira para o outro lado, mais o sábio ve a dureza da realidade; sabe que non ten solución doada, pero busca atopar unha raiola de esperanza no medio dos conflitos de cada día. Porque fronte ao medo non hai outro antídoto que a esperanza que nace dunha confianza radical. Paulo de Tarso díxoo cunha frase xenial: "Esperar contra toda esperanza" (Rom 4,18).

Os cristiáns fundamentamos a nosa esperanza na actitude de Xesus de Nazaret para afrontar os seus medos, tal como refle-

xan os Evanxélicos. As verbas "non teñas medo" aparecen repetidas veces en boca do Nazareno, argumentadas desde varias experiencias vitais que invitan á confianza: A experiencia da proximidade do Deus de amor e "misericórdia entrañábel"; para quen cre e confía en Xesus Cristo é posíbel esperar contra toda esperanza, aínda que non sexa cousa doada, como reflexan constantemente os textos evanxélicos. A invitación a non temer tradúcese na liberación das cadeas ou os lazos que atan e oprimen, para entrar na dinámica do amor e a comunión. En terceiro lugar, a agonía de Xesus en Xetsemani, na véspera da súa morte, manifesta o temor, pero tamén a radical confianza no Pai Deus; non entende o que lle acontece, pero confía no sentido que pode ter unha morte tan absurda.

En fin, a exortación de Xesus a "non te-

mer" non se traduce en pasividade ou refuxio intimista, senón que é unha invitación a entrar activamente no seu proxecto solidario. É o encontro coa humanidade doente, cunha esperanza mobilizadora e transformadora da realidade inxusta e violenta, a realidade que oprime sobre todo aos máis febles. O discípulo de Xesus Cristo quere crer máis firmemente cada día que nada do bon que vai facendo se perde; son as pequenas ou grandes pedras que van construíndo o mundo novo.

Fronte ao temor que anula e fai sufrir, Xesus Cristo ofrece a paz que constrúe algo realmente novo. Fronte á desestruturación e a inseguridade que paralisán, Xesus ofrece integración e confianza, abertura esperanzadora ao futuro.

Un esperanzado e ilusionado —que non iluso— derradeiro ano do milenio. ♦





Prezo por acudir a unha manifestación estudantil, 50.000 pesetas

A Raul Rei, un estudante de Sanxenxo, pode baleirarlle o peto ter participado nunha manifestación o pasado 25 de Febreiro, con motivo da folga convocada no ensino medio polos CAE. Chegoulle a casa estes días unha notificación da subdelegación do Goberno na que se lle comunica a apertura dun procedemento contra el que pode dar nunha sanción de 50.000 pesetas. Acúsano de "orixinar desordes leves" no cruce da comarcal 550 coa provincial 304 en Vilalonga.

"Pola mañán cortamos o tráfico e a garda civil desviouno por outra estrada. Pero semella que lles molestou máis que fixeramos outro corte de tráfico pola tarde. Non houbo incidentes aínda que a garda civil intimidou a varios rapaces. O que non entendo é porque me ven agora esta notificación", conta Raul. A razón de non entendela é que ao estudante de Sanxenxo ninguén lle pediu o seu documento de identidade durante a xornada de folga. "Polo de agora coído que as notificacións chegaron a sete compañeiros máis, que tampouco foron identificados. Só puideron ter os datos de dous, aos que a mesma garda civil lle simpuxo unha multa de tráfico ese día", comenta. Este estudante só explica que mediante cámaras de video ou cámara fotográfica puideran identificarlos durante o corte de tráfico.

Raul vai presentar un recurso xunto aos outros compañeiros afectados. Tamén queren reunirse co alcalde da vila e co director do centro de ensino para expoñerlles o problema. Confían no seu apoio xa que non consideran ter levado a cabo ningunha acción sancionábel pola subdelegación do Goberno.

A xornada de folga estudantil tivera peores consecuencias no Val Miñor, onde unha concentración de cincuenta gardas civís impediu a manifestación que os alumnos convocaron no concello de Gondomar. Os gardas empurraron e insultaron aos estudantes á vez que os filmaban en cámaras e os fotografiaban. A carga da garda civil rematou con dous estudantes retidos até a noite no cuartel. ♦

O Papa apoiou o lema 'a terra para quen a traballa'

A Igrexa defende aos indíxenas en México

→ VITORINO PÉREZ PRIETO

Outros preferiron falar dos vinte millóns de persoas que congregou Xoán Paulo II na súa última visita a México, a finais de Xaneiro; ou da impresionante Misa no Estadio Azteca con dous millóns de fieis, ou dos centos de bispos e curas que o acompañaron.

A algúns interesáronos máis unhas declaracións súas das que se falou menos, e que houbo que espigar nos medios impresos e, sobre todo, os electrónicos, máis alternativos. Para o que isto escribe, a mellor frase que salu da boca do pontífice católico na cuarta viaxe que fai a este país, cheo de católicos e reixido por un goberno laico, foi esta: "Os indíxenas son os primeiros donos da terra, polo que son os primeiros con dereito a ela". Unha versión no México chiapaneco do vello lema revolucionario: "A terra para quen a traballa", que poderán utilizar con xustiza os zapatistas. De feito, as primeiras declaracións do Papa ao chegar a México parece ser que foron no sentido da necesidade de reiniciar o diálogo entre o goberno e o Exército Zapatista, en vía morta tra-lo incumprimento por parte do goberno de Zedillo dos acordos de San Andrés e o nulo avance nas investigacións da masacre de Acteal.

Xa me gustaría tamén que acontecera algo case imposible para este Papa, que se metiera menos con esa actualización da inesquecible Teoloxía da Liberación, que é a Teoloxía Indixenista. Para o Papa, na súa velle teima anticomunista, esta teoloxía padece, como aquela, a "contaminación marxista", e é vítima da nefasta influencia da ideoloxía materialista.

Con todo, o certo é que as declaracións papais a prol dos dereitos dos indíxenas e os explotados deste país, son unha clara condena da maxinación que padecen, que non pasou inadvertida. Algun bispo apresurouse a declarar que "as palabras do Papa non deben chiapanizarse", aludindo a que non se refiran só ao conflito desta rexión mexicana, senón á problemática de todo o continente, e que non deben tomarse "en sentido excluínte", de apoio a un só sector. Pero os bispos que están máis vinculados aos indíxenas e apostan máis polos pobres (ademais de Samuel Ruiz, Alejo Zavala e Luis Gabriel Cuara) coinciden en afirmar que o Papa refrendou a súa opción polos pobres e a necesidade de denunciar e apoiar a defensa dos dereitos humanos, en especial dos máis maxinados. Nun sentido semellante manifestábase o presidente da "Fronte Mexicana Pro Dereitos Humanos", facendo notar que o Papa "apoiou a autodefinición indixena, os dereitos humanos e a paz".

Tamén é importante que, a pesar das presións que chegaron



Mulleres indíxenas en Chiapas.

ata o Vaticano por parte dos oligarcas do país pedindo a demisión do profético bispo Samuel Ruiz, o Papa non lle dera a xubilación anticipada, aínda que xa conta con 74 anos, cando a xubilación obrigatoria dos bispos é aos 75.

Tendo diante a deplorable imaxe fresca do máis recente escándalo vaticano, o presunto ou real apoio ao "pobriño" do vello e sanguiniento Pinochet, e necesariamente sen deixar de xulgar

o negativo, compre tamén valorar os detalles positivos deste Papa tan polifacético; e sobre todo desta Igrexa chea de pecado e tamén de santidade, capaz de camiñar de ganchete cos ricos e tamén no compromiso cos pobres; onde collen bispos corruptos coma Marzinkus e pederastras como Gleen, con outros libres e liberadores coma Helder Cámara, Casaldáliga, ou o citado Samuel Ruiz; porque nela hai amor e desamor, violencia intolerante e paz co xustiza. ♦

PUCHEIRO

Dous tios agrelados

Non hai máis que velos xuntos para saber que existe química entre eles. Lorenzo Sanz, o presidente do Real Madrid, e John Toshack, o seu novo adestrador, son dúas persoas agreladas coma coles en primavera. Faralláns, estarricados e farchendosos non só gostan de mandar, senón que todos oen que eles mandan. Vai na súa ideoloxía. O galés sempre suspirou pola Thatcher e o madrileño militou activamente na extrema dereita española. En 1989 Lorenzo Sanz, xa quería un "capataz que metese no cinto" a unha equipa que rezumaba calidade nos seus 107 goles marcados nunha liga. Pero el sempre preferiu burros grandes e traballadores. Desde a Real, cando despediu entre outros a López Ufarte, até o Deportivo e na Real pasou o mesmo. En todos os lugares pasando por Aragón e Butragueño no Real Madrid, Toshack foi quen de desfacer o mellor plantel de xogadores, incluído aquel grande Madrid da Quinta da Buitre. Ademais, sempre fracasou no seu intento de facerse co vestiário. Do Madrid marchou sen que os xogadores lle quixesen dar a man. No Deportivo e na Real pasou o mesmo. En todos os clubs chegou ás mans con algúns dos xogadores. Lorenzo Sanz e moitos presidentes fachas coma el cren que a man dura é o único xeito de tratar a uns artistas que gañan millóns. Prefiren a dereita á socialdemocracia de Hiddink. Non saben que a indisciplina e a división do vestiário provócanos precisamente eles co seu autoritarismo, cando lle sacan poder ao treinador e interfíren nas súas decisións. ♦

ROUCO PAPA?

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Cando en Xaneiro do 98 o actual arcebispo de Madrid, que fora dez anos prelado titular de Compostela, o vilalbés Antonio María Rouco Varela, era nomeado cardeal da Igrexa Católica polo papa Xoán Paulo II, a mente quenturenta de moitos xa empezou a falar dunha ilusión infantil: "Imos ter un papa galego". A presunta hipótese, máis ben un desexo fantástico dos seus paisanos e amigos, parecía vir asentada na fulgurante carreira eclesiástica do novo cardeal, unida ao feito de ser un dos cardeais máis novos.

■ **UN FUTURIBLE POUCO VEROSIMIL.** Xa falaba eu daquela (ANT 22-I-98) que na nova fornada de cardeais había dous "papabile", ou sexa, que poderían ser o sucesor do papa actual, segundo os expertos vaticanólogos (Christoph Schoenborn, arcebispo de Viena, e Dionigi Tettamanzi, de Xénova). Non se contaba, logo, entre os posibles candidatos a papa, co cardeal vilalbés. Cando daquela lle preguntaron os xornalistas a Rouco pola súa posibilidade de chegar a ser o primeiro papa galego, contestou con moita retrans e ortodoxa diplomacia vaticana: "Todos os católicos galegos... varóns, poden chegar a selo". O feito recente de ter sido elixido presidente da Conferencia Episcopal Española, non fai subir particularmente os seus méritos para acceder ao máis alto cargo na Igrexa Católica.

Dicia daquela que Rouco tiña o corte típico dos dignatarios eclesiásticos que procurou o papa actual: conservador, con sólida formación intelectual e impecábel fidelidade á ortodoxia romana, nunha obediencia incuestionábel ás directrices vaticanas. Este novo nomeamento parece que corresponde a esa liña xa manifestada nidiamente, e expresa tamén a falla de autonomía da Conferencia Episcopal Española, na que os bispos padecen do que xa chamara o cardeal Tarancón "torfcolis de tanto mirar a Roma". Díxose que Rouco era "o candidato oficial" do Vaticano, e pode que fose certo; mesmo un comentarista vaticano dunha revista eclesiástica española insinuara días antes da elección que Rouco foi a Roma a tal efecto, aínda que o cardeal negou logo tal cousa.

De calquera maneira, o novo cargo do cardeal vilalbés é un posto honorífico e de representación social (vai saír máis nos medios), pero á sombra do Nuncio (o embaixador do Vaticano). Pois o papel da Conferencia Episcopal é moi limitado, dada a estrutura monárquica piramidal da Igrexa Católica, na que o Vaticano (a poderosa Curia e o Papa) segue a ser quen toma as decisións, relegando o poder dos bispos fora da súa diocese, a pesar da colexialidade episcopal proclamada no Concilio Vaticano II.

■ **HAI CANDIDATOS CON MÁIS POSIBILIDADES.** Como afirmaba Chao Rego recentemente, aínda que Rouco podería ser papa, é un "futurible", que "resulta pouco verosímil, dada a política en xogo". E a política en xogo na elección do papa non é tan simple como escriben os xornalistas e pensa vulgarmente a xente, máis ben é sumamente complexa, entrando en xogo numerosos cálculos, tensións, influencias, presións políticas e económicas, etc.

Eu escribía o pasado ano sobre o posíbel sucesor de Xoán Paulo II, facéndome eco dos hipotéticos candidatos que se apuntaban. A maioría eran italianos, como sería o máis normal, e rondando os 70 anos. Os nomes que os expertos apuntan con máis posibilidades son: Marco Cè (patriarca de Venécia, un cargo que xa promoveu varios papas), Silvano Piovanelli (arcebispo de Florencia), Acille Silvestrini (un home da Curia, de consenso) e Carlo-Maria Martini (arcebispo de Milán; un xesuíta con talento, moi coñecido nos medios eclesiais internacionais, que conta con numerosas simpa-

tias e é un home moderadamente aberto; sen dúbida sería o mellor dos candidatos).

Tamén estaban, aínda que con menos posibilidades: Josef Ratzinger (alemán, o coñecido Prefecto da Congregación da Fe, cancelleiro da doutrina católica), Francis Arinze (nixeriano aberto e dialogante, outro home da Curia, Presidente do Consello para o Diálogo Interreligioso; tense falado de que o próximo papa podería ser africano, nese caso, é sen dúbida o que ten máis posibilidades), Angelo Sodano (italiano moi conservador, coñecido Secretario de Estado, brazo dereito do papa actual), Giacomo Biffi (arcebispo de Bolónia), Camillo Ruini (arcebispo Vicário de Roma, e presidente dos bispos italianos), Jan Pieter Schotte (antigo misionero belga, que exerce de Secretario xeral do Sínodo dos bispos). Como afirmaba tamén Chao, con razón, nun recente artigo, a experiencia demostra que non se gaña moito no progreso da Igrexa cun papa non italiano; para mostra abonda co actual papa polaco. Mesmo, un bispo orixinario do Terceiro Mundo dificilmente sería "terceromundista", porque había ser, necesariamente, unha "criatura do Vaticano".

Como se ve, candidatos con méritos hainos, e ben máis que Rouco. Ademais, a pesar de ser "o home de Roma" na Igrexa española, é moi cuestionábel que trunfe o continuismo do conservadorismo manifestado no pontificado actual, co seu reiterado apoio aos movementos máis conservadores da Igrexa, a pesar de que foi conformando un episcopado á súa imaxe e semellanza. Aínda que este continuismo semella darse por seguro nos medios de comunicación, é moi posíbel que se aposte por un cambio moderado; sobre todo ante a ameaza de que importantes sectores católicos progresistas vaian deixando a Igrexa, como aconteceu nos últimos tempos coa Igrexa austríaca e centroeuropea. A Igrexa merece algo mellor, pois nela non só collen os conservado-

res, tamén moita xente que aposta por unha Igrexa máis profética e progresista, que tamén existe.

O futuro do cardeal vilalbés é moito máis

probábel que sexa a presidencia dun importante organismo vaticano; un dicasterio romano, ou sexa, un dos ministerios da Curia, para os que ten sobrada capacidade intelectual e óptima formación xurídica. ♦

‘A pesar de ser “o home de Roma” na Igrexa española, é moi cuestionábel que trunfe o continuismo conservador do pontificado actual’



Rouco, durante a súa etapa de arcebispo, recibindo a Xoán Paulo II.

AS CERAMICAS DO
CASTRO E AS
SARGADELOS DE
ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE
LLES PROPORCIONA O
LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA
E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGADANDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR
AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER
UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEI-
TANDO NA NOSA TERRA OS NÓSOS RECURSOS



¿ACABAR COAS IGREXAS?

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Un leitor de ANT escribía recentemente dicindo que esta publicación, que recoñecía como bandeira do nacionalismo galego, padecía dun "reseso anticlericalismo decimonónico", manifestado en tódalas informacións e opinións de tipo relixioso que publica. Non sei se me incluía a min, que ademais de escribir con asiduidade neste xornal e noutras publicacións laicas, sei un pouco de teoloxía (traballos en revistas de tipo relixioso e varios libros así o refrendan) e son desde hai case vinte anos un cura en exercicio, con "cargos pastorais", actualmente como responsable de dúas parroquias na bisbarra de Ferrol, nomeado a tal efecto polo meu bispo.

Traballei e dirixín durante unha ducia de anos (1981-1993) a revista *Irimia*, feita por cristiáns galeguistas; eses tempos trouxéronme grandes satisfaccións e amargas críticas. Os curas e laicos/as que traballabamos cada semana nela queríamos ser honradamente humildes voceiros da Boa Nova de Xesús Cristo, convencidos de que esta era unha palabra de liberación para o noso pobo. Sentíndonos —con diferencias...— fondamente Igrexa —comunidade de seguidores de Xesús de Nazaret—, fomos tachados máis dunha vez de infiltrados que queríamos "destruír a Igrexa desde dentro", e mais dun pensou que traballabamos "para o inimigo". Na longa nómina de colaboradores da revista —algúns deles nomes moi coñecidos no mundo galeguista— habíais crentes e non crentes, desde varios bispos ata homes e mulleres que non o facían precisamente por ser da mesma Igrexa, senón porque crían que xuntos facíamos pobo e terra en Galiza. Entre eses colaboradores non faltaron os debuxos habituais do amigo Xosé Lois ("O Carrabouxo"), ben coñecido desta casa, e mesmo de Pepe Carreiro, nalgúnha ocasión. Parece, logo, que tal debuxante non nos tiña precisamente como "españolistas fillosdep" cos que hai que acabar". Tamén tiñamos xa daquela unha boa relación con ANT, que louvou en máis dunha ocasión o noso labor, e mesmo pedíronme que colaborara habitualmente con eles, cando mo permitira o meu tempo, cousa que puido ser nos últimos anos.



¿Anticlerical o debuxo de Pepe Carreiro no que un paisano fala de "acabar coas Igrexas" ante un adusto prelado de fociño prominente? É unha posible lectura. Pero tamén se me ocorre outra"

¿Anticlericalismo en ANT? Non digo que non manifestara tal en moitas ocasións e aínda se siga a respirar en máis dunha ocasión, ten unha longa nómina de colaboradores e hai de todo. ¿Anticlerical o debuxo de Pepe Carreiro no que un paisano fala de "acabar coas Igrexas" ante un adusto prelado de fociño prominente? É unha posible lectura. Pero tamén se me ocorre outra; o amigo Pepe está contra todo poder institucional que el coide que oprime ao pobo, e a Igrexa Católica non foi sempre nin é agora de xeito unánime exemplo de servizo desinteresado á causa popular, aínda que algúns sectores si o fagan. ¿Métenos a todos nun saco? Penso que non. Tampouco vexo esa liña no periódico ANT; ou sería unha esquizofrenia respecto deste cura que escribe aquí libremente —nunca fun censurado nela, cousa que si me ocorreu noutra publicación diaria galega—, ou sería cualificarme de "tonto útil" para a súa causa de "acabar coa Igrexa". Aínda

máis, coido que si tal cousas pensaran, sería pouco intelixente pola súa parte, de cara a ir construíndo país; pero estou convencido de que esta non é unha empresa de tontos.

En concreto, penso que non é unha mentira tendenciosa o que dicía ANT do novo presidente da Conferencia Episcopal Española, no editorial do número aludido (872): "Bispo institucional", pouca sensibilidade pola realidade galega, "vai seguir impedindo o rexurdir da igrexa galega de base", etc. Se non fora porque non lle quero botar máis leña ao lume do anticlericalismo real que xa hai no ambiente social actual —en parte xustificado por actuacións dos representantes institucionais da Igrexa—, podería dar unha chea de datos obxectivos sobre a realidade destas afirmacións de ANT. quen lea os meus artigos, verá que un é crítico, pero quere ser constructivo, convencido de que o cristianismo é liberador, aínda que tamén

pode ser opresor: foino —en parte— no pasado, e —tamén en parte— segue a sê-lo hoxe.

Quizais se me tache a min tamén de anticlerical. Mesmo pode que o sexa un pouco, en certo sentido, como o foi Xesús de Nazaret. Xa me dicía o meu rector no Seminario compostelán que eu estaba "muy aseglarado"; ou sexa, que era pouco clerical, por andar demasiado mergullado cos leigos. Quizais por iso gústame máis a palabra *cura* (o que quere axudar a "curar", a sandar) que *crego* ("clérigo", que pertence ao status clerical) e mesmo que *sacerdote* (coma os vellos levitas do Antigo Testamento, persoas sagradas que estaban para facer ritos que aplacaran a Deus ou conseguiran o seu favor).

Máis dun tamén pode pensar que son pouco "católico", non acepto sen máis "todo o que di a Igrexa" —algúns representantes de... e mesmo agora que chega a Semana Santa, teño manifestado o meu pouco afecto ás "devotas" procesións e capirotos, destacando máis ben a memoria do Crucificado —Xesús Cristo, torturado e matado polo poder, pero resucitado pola forza Deus— como a historia subversiva dun home que se enfrontou ao poder político e relixioso do seu tempo, que oprimía á xente humilde e desfiguraba o rostro do Deus da xustiza e o amor misericordioso.

De calquera maneira, coido que a posibilidade de debate honrado, de expor e defender opinións diversas, é unha das riquezas de calquera boa publicación.


Haberá ocasión de falar longo e tendido nestas páxinas das bondades do "Bienio Irmandiño" e de "Galegos ata a morte", agora que xa se vai poñer a andar o seu Boletín e a súa páxina web en Internet, da que son responsable. Cóstaname proxecto do Bienio foi ben acolrido maioritariamente polo nacionalismo laico, como se poderá constatar no que me escribiron algúns dos seus representantes. Se non se deu máis conta deles nestas páxinas foi tan só por limitacións deste que escribe. ♦

VICTORINO PÉREZ PRIETO é escritor e cura

na OTAN, porque en nome manexábel como Kofi Annan e na OTAN se empolunga unha marioneta como Javier Solana. E non me avergoño de usar estas palabras. Trátase de personaxes cómodos que serven aos intereses dun só patrón.

Pero por médio da política non se conseguira acabar con Milosevic.

Por favor, iso é unha estupidez. Vivimos todos no mesmo mundo, sabemos que en Colombia cada ano morren vinte mil persoas e hai un millón de refuxiados. Sen embargo, os americanos seguen enviando armas ao goberno do país.



Por non falar dos kurdos. É evidente que se trata dunha coartada. A verdade é que se quer demostrar que a ONU

non é ninguén para defender nada e que o único baluarte da Xustiza no mundo é a OTAN.

se pode facer?

Un camiño é a destrución, mais a experiencia chechena demostra que é a solución peor. Esta guerra faise para humillar a Europa, para dicirle que pode ser forte economicamente pero politicamente é unha enana. E para humillar a Rusia.

Existe perigo dun prolongamento da guerra?

é unha enana"

armarse. Mesmo reaparece o revanchismo en Rusia, e o próximo presidente pode ter un carácter máis nacionalista que o anterior. ♦

como os demais, porque rematamos coa guerra fría, e agora os demais fan de vencedores e nos arrastran pola lama. É hora de falar con seriedade por difícil que pareza, porque nestas tres semanas o mundo cambiou e todos volven a

A INDECENCIA DA GUERRA

VICTORINO PÉREZ PRIETO

*Os exércitos non deixan tras de si máis que silvas e espiñas.
A miseria segue sempre ás batallas.*

LAO TSE, Tao Te King XXX

O ser humano ten acumulado unha gran sabedoría co paso dos séculos. Pero a cotío, no canto de deixarse guiar por esa sabedoría, segue a actuar coa mesma estupidez e violencia que o seu burdo antepasado das cavernas. A cotío semella que a única diferenza está na capacidade letal das armas que utiliza: da porra e a espada pasou ao moderno mísil, estúpidamente chamado "intelixente". Non damos aprendido a lección da historia: a violencia adoita xerar sempre máis violencia, e deixa sempre tras de si un rastro de destrución, aínda que a causa que a orixinou sexa presuntamente "xusta". Como di a sabedoría do Tao Te King: "A miseria segue sempre ás batallas"; e por iso, mesmo "O vencedor da batalla ha levar loito coma nun funeral" (XXXI).

Estes días escribiuse tanto sobre a derradeira guerra do milenio, que xa non lle queda-

ban a un gañas de engadir máis tinta verquida inutilmente sobre o tema. Pero alguén díxome ¡E ti como pensador cristián, non nos vas dicir nada no xornal sobre esta guerra? E aquí andamos, apuntando cousas ben sabidas, lembrando palabras ditas seis séculos antes de Cristo, o "príncipe da paz", pero de cuxa palabra e feitos os seus seguidores fixeron a leña para prender o lume de guerras, atrocidades e violencias sen fin nestes últimos vinte séculos.

A estas alturas, parece-me que, con tódolos análises políticos e sociais que se fagan da negativa intervención da OTAN nos Balcáns, e con todo o cuestionamento que se poida facer da información que recibimos dos grandes medios que demonizan cada día ao presidente serbio, xa non hai dúbida

de que Milosevic é unha besta violenta e perigosa, coma o psiquiatra tolo Radovan Karadzic ou outros semellantes que pululan nese perpetuo polvorín do noso planeta, o

mesmo que tantos outros dictadores no mundo. Pero, igual que non se pode agachar a realidade dos que foxen da represión, as longas ringleiras de febles que —como sempre— son os que máis padecen esta guerra como todas, compre dicir que o conflito bélico desencadeado pola acción da OTAN, o ataque dun exército contra un

territorio e un país, trouxo —coma sempre— máis morte. O remedio resultou peor que a enfermidade, sen agachar a gravidade desta. Ademais da violencia que aniquila vidas humanas, trouxo a destrución dos medios de desenvolvemento e aínda de subsisten-

cia; trouxo a pobreza, que sempre padecen máis os máis pobres, pois os señores da guerra (vencedores ou vencidos) nunca son os que quedan sen nada. Sen esquecer que cos milleiros de millóns que se gasta nesa confrontación bélica solucionaríanse en gran parte os graves problemas de inxustiza que levaron á violencia.

Por iso, o verdadeiro avance, o verdadeiro progreso na humanización, escríbese sempre coas letras da palabra PAZ. Paz con xustiza, pero unha xustiza buscada e construída activamente con medios pacíficos. A estas alturas, xa non queremos máis guerras nin guerriñas, nin mísiles yankis nin kalasnikov soviéticos, non queremos máis Vietnam. A guerra sempre é indecente e inmoral, as armas sempre son instrumentos nefastos.

O século XXI, ou é pacifista e ecoloxista, ou nace da tolerancia e o respeito de persoas, pobos, etnias e relixións (ou dos que non as teñen), e da harmonía dos seres humanos coa súa nai terra, ou... simplemente non será. ♦

A Nosa Terra, 29 Abril 1999

OPINIÓN

DEUS E OS IRMÁNS DE GALIZA

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Non é nada novo dicir que na sociedade galega a Igrexa está sendo unha das institucións máis remisas a facer do galego o seu vehículo normal de expresión. Isto resulta particularmente vergoñento e ferinte para unha persoa coma esta que subscibe, que recoñece formar parte dese Igrexa, como crente cristián, e aínda como cura católico -o que supón unha especial responsabilidade nela-, ó mesmo tempo que se confesa galeguista.

Superar este atranco que ven de vello, foi o estímulo do *Bienio Irmandiño* que recupera o evanxélico berro dos Irmandiños: "Deus e os irmáns de Galiza". Trátase dun novo esforzo no seo da Igrexa galega -pero aberto a crentes e non crentes- nacido na primavera do ano 1998, convencida de que esta fin do milenio, preñada de simbolismo, é o momento histórico máis propicio para xunguir a Galiza fe e galeguidade. A esperanza é unha virtude particularmente cristiá, e non é mala cousa que os cristiáns a exerzamos en tan significativos momentos; aínda que faga falla moita para reiniciar esforzos por este camiño, despois de tantos anos dicindo as mesmas cousas e con tan escaso eco... Pero "el que la sigue la consigue", di o refrán castelán, e disto sabemos un pouco os que andamos sempre en causas minoritarias. Se o nacionalismo galego, tanto tempo minoritario, chegou a ser hoxe verdadeira alternativa de poder. ¿Por que non se vai acadar a galeguización da Igrexa de Galiza?

Antecedentes e pequenas grandes realidades non faltan na historia galega. Os persoeros máis creativos e relevantes da Igrexa galega fixeron sempre unha aposta galeguista, aínda que non foran seguidos maiormente por esa maioría que é sempre preguiçeira e nugalán. Unha maioría que, coma os peixes mortos, vai coa corrente do poder e da ideoloxía imperante. En troques os peixes vivos sempre nadan contra corrente, buscando as augas máis vivas e cristiáns; eles son os que cambian as cousas.

Sen necesidade de subirse ó carro milenarista, é innegable que Galiza está hoxe nun momento decisivo da súa historia, para irrinicar tomando a iniciativa, con conciencia de si mesma e da propia dignidade. Unha conciencia significada especialmente na súa cultura e o seu idioma. Unha conciencia na que a memoria histórica é fundamental.

"NON DEAS A ESQUECIMENTO". Así cantamos no noso himno. Non esquezas Galiza que fuches grande só cando eras consciente e consecuente coa túa identidade. "O galeguismo existe porque a historia demostra que, cando Galicia camiña desgaleguizándose, retrocede cultural e economicamente. O contraste entre os nosos faturotos recursos e o baixo nivel que Galicia presenta nas estatísticas europeas é o resultado de moitos séculos nos que se experimentou a hipótese dunha Galicia desgaleguizada. Temos dereito, polo tanto, a intentar unha vía inédita na nosa historia: a do progreso dende unha Galicia centrada en si mesma, unha Galicia galeguizada", dicía Ferro Ruibal nun acto do *Bienio Irmandiño* en San Domingos de Bonaval.

O tempo dunha Galiza centrada en si mesma foi o de Prisciliano no século IV, como nos lembraba recentemente Chao Rego; e no XII Xelmírez, que estivo a piques de outorgarlle o poder político e a emancipación de Castela ó Reino de Galiza; a lírica galego portuguesa logo, a máis prestixiada da península. Do século XIV ata o XX foi "a inxuria e o duro encono", co feroso paréntese dos Irmandiños. É a súa memoria a que querén recuperar os cristiáns galegos subidos ó carro do *Bienio Ir-*



Romaxe de crantas en Cadeiras (Sober).

mandiño, de cara a acadar unha mobilización xeral, "sen máis amas ca palabra, para promover a galeguidade cristiá", como confesan nun folleto propagandístico.

"A Unha Igrexa que non nos recoñece o idioma propio e maioritario de Galiza é lóxico que os galegos non domesticados non a recoñecemos como a nosa Igrexa", lafábase recentemente Manuel María nun artigo. Por iso compre unha Igrexa galega, fronte a unha Igrexa "toledana" (Toledo, ou Valladolid, ou Madrid, versus Compostela, foi a eterna realidade desde os Reis Católicos). Certamente, a débeda da Igrexa coa galeguidade resulta, enorme; precisa moitos anos de penitencia para pagala. Algo se saldou neste século con algúns bos católicos nacionalistas galegos; a xente de Nós e Logos, e despois a de Irimia, Encrucillada e outros grupos. Desgraciadamente, neste senso, o alta e baixo clero continúa adormecido, agás casos

limitados; no episcopado a conta remata con Lago González, onte, e o emérito bispo Miguel Anxo Araújo, hoxe; algún que outro (os actuais bispos de Lugo e Tui) din algo de cando en vez.

‘Se o nacionalismo galego, tanto tempo minoritario, chegou a ser hoxe verdadeira alternativa de poder. ¿Por que non se vai acadar a galeguización da Igrexa de Galiza?’

"GALEGOS DE POR VIDA". O *Bienio Irmandiño*, laicos e cregos, crentes e non crentes quere aunar solidariedade, xenerosa e intelixentemente a súa voz a prol do dereito que ten o pobo galego de ter unha Igrexa galega. Quere facelo xuntando organización (un grupo de persoas responsables) e información (boletín informativo, páxina web...), sensibilización do pobo e mobilización. (actuación, traballo colectivo... para ir promovendo o proxecto por cidades e comarcas en actos, festas, conferencias, coloquios, etc.).

Neste último aspecto, compre salientar uns actos que tiveron importante eco nos medios. Foron as sinaturas de centos de mulle-

res e homes ante notario, dun documento no que declaraban querer ser consecuentes co galego ata máis aló da súa morte, pedindo mesmo "ser enterrados en galego... ou en silencio". Estes actos levaban o expresivo e rotundo lema de "Galegos de por vida", galegos ata morte. "Nos vimos aquí -dicía Ferro Ruibal no acto celebrado en Compostela- para explicitarmos que nin supoñemos que a nosa lingua sexa indigna da relación con Deus nin que Deus sexa un ignorante que non entende o galego. Nesa lingua queremos vivir e esa é a lingua que queremos que nos sobreviva".

O primeiro realizouse en Santiago o 30 de Novembro de 1998, no Panteón de Galegos Ilustres. Entre os asinantes estaban desde o bispo Araújo e o teólogo Torres Queiruga, ou os vellos galeguistas Díaz Pardo, Pousa Antelo, e Xaime Isla, médicos como Sixto Seco e García Alén, escritores como Alfredo Conde e Freixanes, ou xornalistas como Francisco Campos e Blanco Campaña; xunto a unha ringleira de académicos da RAG, fiscais e xuristas, arquitectos, economistas, cñexeiros, empresarios, profesores, intelectuais... O segundo acto foi en Vigo o 1 de marzo deste ano 1999, asinando o documento preto cen persoas. Entre outras, os escritores Francisco Carballo, Agustín Fernández Paz e Silvestre Gómez Xurxo. E o terceiro foi en A Coruña o pasado 9 de Marzo, asinando o documento máis de corenta persoas; entre outras, Manuel María, Manolo Rivas e Felipe Senén. Estanse a preparar actos paralelos en Lugo e Ferrol.

"Abrañame as misas nas que os cregos, que son de natural unha auténtica canteira de falantes -escribe Helena Villar Janeiro- mudan de lingua ó cambiaren de roupa para seguir interpoñendo un idioma alleo entre Deus e as almas. E mentres isto non cambia, no meu altar particular boto cada mañá unha humildísima oración para reparar en algo o agravio lingüístico da súa Igrexa: *Chegou o sol da amencia! Na súa lingua canta o galó! Eu ó meu Deus cada mañá! no meu idioma hei de louvalo*".

Boas palabras para poñer remate a este artigo sobre unha aposta esperanzada e necesaria, que o pobo galego exprese na súa lingua propia as súas realidades e sentimentos máis fondos -para moitos os sentimentos relixiosos-, como vai facendo xa desde o século literario ós eidos políticos, xurídicos e técnicos. E así entre todos ir construído unha verdadeira "Galiza liberada". ♦



OPINIÓN

O SENTIMENTO RELIXIOSO CRISTIÁN
EN BLANCO TORRES

Neste ano de Blanco Torres, no que se foi recuperando unha egrexia figura galega practicamente esquecida mesmo no seo do galeguismo máis informado, tense escrito xa abondo sobre o seu "periodismo imandito", a súa creación literaria, as súas ideas e a súa escrita, a súa vida intensa de publicación en publicación, perseguido pola censura, e o seu compromiso político, o seu espírito comprometido coa realidade social e cultural galega, sobre todo cos máis esmagados pola historia, a súa honradez humana e moral... pero case non lemos nada sobre o seu sentimento relixioso, e a súa fe cristiá, fonda e ben formada, un cristianismo militante manifestado en moitos dos seus escritos. Máis aínda, houbo quen chegou a dicir que Roberto Blanco Torres non era crente cristián, como corresponde a calquera persoa moderna e intelixente, e aínda, para máis abondar, de esquerdas. Isto último fíxoo, particularmente, Méndez Ferrín, un home que ten tanto de bo escritor –as súas creacións literarias lémolas con agrado e gardámolas con esmero nos andeis das nosas bibliotecas–, como pouco de persoa ecuánime e de xuízo asinado, particularmente cando se refire ás cuestións relacionadas coa relixión cristiá, ou coa xente crente, coa que semella ter un conflito que roza o patolóxico. Pásalle nisto como a outros, que falan dos cristiáns e da Igrexa sen coñecer moito a súa realidade, de xeito visceral, xeralizado, banal e, polo tanto, inxusto.

Pero non quero falar hoxe de Ferrín, senón doutro escritor tamén creativo, e intelixente a pesar de ser cristián, Roberto Blanco Torres. Con todo, antes quero engadir unha información que me pasou un compañeiro cura que está en Entrinmo. Os xornais, radio e TV recolleron os actos realizados na vila e apadriñados polos escritores e intelectuais (Méndez Ferrín, Díaz Pardo, Alonso Montero...), que se sentiron moi ofendidos co alcalde deste concello, que ao parecer deulles plantón (despois de agardar tres horas por eles...), pero aos que tampouco acudiu a xente do pobo, porque non fora avisada. En troques, ao día seguinte (17 de maio), responsables do concello e da parroquia organizaron un acto de homenaxe a Blanco Torres, "ao que asistiron máis de 400 persoas, pero oficialmente e documentalmente non se celebrou, non foi recollido polos medios de comunicación". Unha cousa é predicar –e non só predicar os curas– e outra dar trigo, estar realmente coa xente, co pobo sinxelo.

■ AS VERBAS DUN CURA. Nese acto na parroquia de Entrinmo, un dos seus curas, Xosé Xulio Rodríguez, faloulle á xente na igrexa dicíndolles cousas como estas:

"Roberto Blanco Torres foi un home que levaba a causa de Galiza no corazón e que morreu nun contexto de guerra, de odio e destrución... En Galiza tamén estamos asistindo a unha lenta agonía noso nosos pobos... Compre valorar a nosa cultura, pero non só a literatura e o folclore: Hai que reivindicar unha cultura máis ampla, que xere unha acción social, unha actuación política e unhas liñas económicas que fagan rexurdir esta terra... A fe en Xesús Cristo danos criterios e forzas para actuar; así, porque a fe vivise no corazón da historia, no corazón do pobo...

A fe en Deus lévanos a loitar, a sacrificarnos, a actuar, a non estar de brazos cruzados. Cantos máis sincera sexa a fe, maior será o compromiso persoal, social e político...

Blanco Torres viviu isto mesmo. Os seus escritos móstrannos un home loitador, inconformista, que fervía por dentro ó ver tantos desastros naquela Galiza e España dos anos vinte. Esta inquedanza e estes ideais estaban moi vencellados á súa busca relixiosa, á vivencia dunha fe transformadora...

A morte de Blanco Torres e dos seus compañeiros, eliminados, amosanos que a humilda-

VICTORINO
PÉREZ PRIETO

‘Pódese ser moderno, comprometido co pobo, de esquerda, nacionalista galego... e a un tempo cristián –mesmo católico– sen ter que renegar da propia fe’



Blanco Torres, á dereita, na redacción do Ideal Galego.

de é a verdade... El pervive na súa obra, no seu compromiso, na súa fe que andou polos mesmos camiños de Xesús Cristo, crucificado e resucitado".

■ UN CRENTE CRISTIÁN COMPROMETIDO COA CAUSA DE XESUS. En realidade, só ou por ignorancia –descoñecendo os seus escritos– ou ben por mala fe –agachando parte deles– se pode dicir que Blanco Torres non era un crente cristián. Tanto nos seus textos dos xornais, como nos seus poemas queda abondosa mostra disto.

Así escribe nun artigo da súa mocidade, en Cuba, argüindo desde Unamuno:

"O problema relixioso, o meirande de tódolos problemas, o máis trascendental, só mirado cun aceno de antipatía ou desprezo é indiferente para as xeracións actuais... sen base e tan só por prurito de cientifismo, sen coñecer a Pedro nin a Flavio Josefo, sen ter pasado a vista pola Biblia nin entender de racionalismo... O espiritualismo é o que non infunde os grandes alentos; sen el seremos meros autómatas...

Esta cultura sectaria que se desenvolve por moitas partes... coa súa negación do sobrenatural e o ultraterreo, é o peor mal que pode caer sobre os homes e sobre os pobos... Asístanme eses radicais –e neles non creo– que renegan de todo o divino por sistema, e asimesmo eses católicos pechados a toda luz e a toda discusión". ("Concrecións", artigo publicado en Cuba, sen data, citado por Pilar Pena Búa no seu estudo publicado en Encrucillada n.112, 1999). [Subliñado meu].

Pero tamén anos despois, en terra galega, no xornal Galicia:

"Creemos fondamente no cristianismo; á súa clara e límpida fonte ningún pode achegarse sen sentir o desexo de saciar nela a eterna sede que devora á pobre humanidade. Incredúlos e escépticos –incredúlos que non cren por preguiza e escépticos que pretenderon en van dialogar coa esfínx– non ousan negar a transcendencia do drama do Calvario, nin a grandeza moral do sacrificio que non é deste mundo" ("Entre paréntesis", Galicia 9-Abril-1925) [Subliñado meu].

Beatus ille!, iso que di o final, sería daquela... De igual xeito, manifesta a súa fonda fe en máis dun dos seus escritos en A Nosa Terra:

"A obra na que o home pofia toda a súa von-

tade, toda a súa intelixencia, toda a súa alma, é unha obra inmorrante. É o único deber do home pra con Deus, o cumprimento do seu fin, sexa calquera, no senso espiritual, a obra que faga" ("Camíño", ANT 25-Xullo-1926).

Pero o sentimento relixioso e cristián de Blanco Torres non o privaba de ser crítico coa Igrexa e os seus representantes, como o fora xa Xesús coas autoridades relixiosas do seu tempo. Así, nun fermoso artigo que recolleu no libro *De esto y de lo otro*:

"Se en Galicia, e en xeneral en toda España, os nosos clérigos fosen máis cultos e deseen ó pensamento, ámeditación intelectual, o que tampouco conceden ó exercicio espiritual, non habería por que escribir este artigo" ("El sentimiento religioso y la forma del estado").

Neste escrito fai unha dura crítica dos clérigos –"non todos", precisa– consubstancializados coa Monarquía fronte á República, en defensa de escuros intereses sociais e económicos. Xa neles advirte –como compre advertir tamén hoxe, non só entre os clérigos– "ou unha grande ignorancia ou unha grande mala fe" cando fan as súas afirmacións.

Pero fai alí tamén afirmacións tan claramente definitórias da súa fe cristiá como estas:

"Non coñezo nada con máis forza e vigor que o espírito relixioso como inspiración e impulso no cumprimento dos fins da vida...

Cristo foi o primeiro democrata... Cristo foi o primeiro liberal. A súa doutrina foi un código da liberación humana... Cristo foi o primeiro rebelde...

Cristo foi o primeiro e máis grande revolucionario de tódolos os tempos...

O cristianismo e a democracia non son termos antitéticos. Polo contrario, están intimamente ligados na súa esencia... Nin o repugnante monismo dos ateólogos, nin o dogmatismo hermético e obcecado do Syllabus [un reaccionario escrito antimoderno do Papa Pío X]. [Subliñado meu].

Como xa manifestei amplamente nun libro meu (*Galegos e cristiáns*, Vigo 1995), pódese ser moderno, comprometido co pobo, de esquerdas, nacionalista galego... e a un tempo cristián –mesmo católico– sen ter que renegar da propia fe, sen ter que saír da propia Igrexa. A realidade probouno no pasado e segue a probalo hoxe con persoas e colectivos concretos. ♦

OPINIÓN

FERRÍN, A U.P.G. E A IGREXA

VICTORINO PÉREZ PRIETO

"O cristianismo e a democracia non son termos antitéticos. Polo contrario, están intimamente ligados na súa esencia... Nin o repugnante monismo dos ateólogos, nin o dogmatismo hermético e obcecado do Syllabus"

(Roberto Blanco Torres, "El sentimiento religioso y la forma del estado", en *De esta y de lo otro*).

Hai unhas semanas Méndez Ferrín contestaba desde estas páxinas de ANT ás alusións, presuntamente falsas, sobre a súa persoa feitas nun artigo meu sobre Roberto Blanco Torres (ANT 24-vi-99). Como remataba dicindo que, pola súa banda, deixábame "a sós" coa miña conciencia, e esta atópase moi tranquila, non quero eu volver sobre o tema do sentimento cristián en Blanco Torres, pois no artigo referido coído que xa dixen abondo; reafirmo no dito. "Quen teña oídos para oír, que escoite", dixo o meu Mestre.

Si que me extraña —gratamente— que Ferrín se sinta ofendido polos meus duros xuízos verbo do seu anticlericalismo. Penso que o seu "conflicto coa xente crente", do que falaba no meu artigo, é abondo coñecido e está bastante manifestado, en privado e publicamente, en máis dunha ocasión, particularmente no que se refire á Igrexa católica. A última foi nunha das súas colaboracións no Faro de Vigo, de expresivo título "A cuestión do laicismo".

Dicía alí, nun evidente intento de levar ao seu terreo laicista ao recén eleito alcalde de Vigo, que "se Lois Castrillo quer ser o alcalde de todos os vigueses e viguesas... será sen dúbida o alcalde de Gómez Román, quen nunca presidiría a procesión do Cristo da Victoria". Máis aínda, "favorecendo publicamente á Igrexa Católica, un alcalde de Vigo está ofendendo ás confesións e igrexas minoritarias e as persoas que optaron polo ateísmo...". ¿Que significa para Méndez Ferrín "favorecer" confesionalmente? ¿Que unha persoa cun alto cargo acompañe un acto público dun colectivo social maioritario que non está, precisamente, fóra da Lei?

Non son eu unha persoa que teña defendido publicamente o valor que poidan ter para a fe cristiá as procesións relixiosas, senón máis ben o contrario, téñoas criticado como unha actuación que en moitas ocasións favoreceu ben pouco o verdadeiro culto cristián. Pero considero que para un cargo público, entre comulgar —tanto no sentido católico de recibir o sacramento da eucaristía, como no figu-

rado de facelo "con rodas de muíño"— nunha Misa cando non cre niso, e participar nun acto público con relevancia social, hai unha diferenza que ven marcada precisamente polo respecto e a tolerancia da sociedade que o elixiu para un cargo. Neste sentido, debo loubar a postura do novo rexidor municipal vigués, quen ten manifestado que vai participar na procesión do Cristo da Victoria, aínda que non o vai facer logo no rito máis especificamente católico da Misa, porque non é crente e métenlle un respecto as manifestacións relixiosas dos que si cren.

José Saramago, egrexio escritor de quen é ben coñecida a súa pública manifestación de ateísmo/agnosticismo, participou nas honras fúnebres católicas do seu colega Gonzalo Torrente Ballester. Mesmo participou, con respecto e atención, na Misa celebrada na concatedral ferrolá de San Xiao. Poido dar fe disto, pois tamén eu estaba alí, e vírono persoalmente estes ollíños. ¿En concepto de que estaba alí, infrinxindo non sei que actuar "consecuente" cunha ideoloxía máis aló do confesionalismo, etc. etc? Quizás estaba alí manifestando, ademais do aprecio polo defunto, un respecto á diferenza e unha amplitude de mente da que outros carecen.

Por outra banda, eu mesmo, cura católico, teño participado en celebracións de cristiáns doutras confesións non católicas, e mesmo teño rezado respectuosamente en máis dunha mezquita musulmana. E non me sentín "inconsecuente" ou irrespectuoso coa miña fe católica.

Con respecto do presunto laicismo maioritario do nacionalismo galego, Ferrín tería que probar a súa afirmación de que "na historia do galeguismo e do nacionalismo sempre houbo dúas liñas. Unha laica e maioritaria; clerical e conservadora outra, se ben esta moi pouco nutrida". Certamente, non é o mesmo ser laico que laicista; como non é o

mesmo a secularización que o secularismo, ou non é —necesariamente— o mesmo ser galego que galeguista, ou español que españolista. Cando se confunden ambas cousas, unha de dúas, ou é por ignorancia, ou é con afán de terxiversar a realidade e de enganar. Ferrín fala no título do seu artigo de laicismo, esta é unha postura decimonónica empeñada en acabar —iva na ilusión!— con todo vestixio relixioso na sociedade. Entroques, laico é simplemente —no contexto relixioso, aínda que as simplificacións anican a riqueza dunha palabra ou concepto— o que forma parte da maioría do pobo crente, que non é clérigo. Finalmente, a secularización é o necesario respecto da autonomía da realidade do mundo, fronte á presunta "intervención divina" en todo; unha conquista moderna na

**"Si que me extraña
—gratamente—
que Ferrín
se sinta ofendido
polos meus duros
xuízos verbo
do seu
anticlericalismo"**

que din os estudiosos do tema que non tivo pouco que ver o cristianismo, co seu concepto da desacralización da natureza. Entroques, o secularismo é o empecinamento duns sectores sociais en arrinconar e reducir ao ostracismo, ou eliminar a presenza pública —e aínda a privada— da relixión. Non podo resistirme volver traer aquí unhas verbas de Blanco Torres, citadas no meu artigo anterior (subliñado meu): "Esta cultura sectaria que se desenvolve por moitas partes... coa súa negación do sobrenatural e o ultraterreo, é o peor mal que pode caer sobre os homes e sobre os pobos... Asístanme eses radicais —e neles non creo— que renegan de todo o divino por sistema".

A maior parte das egrexías figuras da historia galeguista-nacionalista-galega certamente non eran clérigos (aínda que destes tamén houbo uns cantos), senón laicos, ou leigos; pero en absoluto eran laicistas nin ateos, aínda que tamén houbera algúns. Non me refiro só á xente do XIX para atrás, nin sequera no noso século só a Otero Pedrayo (católico liberal) ou Risco e Filgueira Valverde (católicos conservadores), senón á meirande parte dos homes do galeguismo

dos anos vinte; incluído Castelao, crente-cristián, aínda que non fora "de Misa diaria", como teño probado con textos e datos en máis dunha ocasión, sobre todo no meu libro *A xeración Nós. Galeguismo e relixión*. Noutros libros como *Cristiáns e Galeguistas*, e no máis amplo *Galegos e cristiáns* teño falado tamén desa presunta "minoría galeguista" cristiá (que non clerical nin necesariamente conservadora) da que fala Ferrín. Claro, que o señor Ferrín posiblemente non leu os meus libros, contrariamente ao que eu teño feito cos seus, pois el é máis sectorio ca min e menos aberto a un pensamento diferente.

Nisto dos cristiáns nacionalistas galegos non se pode falar só de xente do pasado, senón tamén de milleiros de persoas que hoxe seguen a ser cristiáns, galeguistas e nacionalistas, a pesar do recoce dalgun "galeguistas con pedigrí... agnóstico", como dixo alguén. O BNG de final do milenio sabe que unha parte importante dos seus votantes son cristiáns, e que mesmo estes tamén militan xa nas súas filas, e por iso é cada vez menos bandeira dun nacionalismo laicista.

A postura de Méndez Ferrín, e outros, semella ser ben diferente á postura que está a tomar o BNG e mesmo, no seu seo, a UPG. Nun recente número do seu voceiro *Terra e Tempo*, a UPG non tremeu afrontar honradamente o tema da Igrexa en Galiza, mesmo pedíndolle a súa reflexión a xente desa Igrexa. Alí escribímonos Francisco Carballo, Marcial Gondar, X.A. Miguélez, Engracia Vidal, Chao Rego e este que suscribe, entre outros. Porque para a dirección da revista —como afirma na Presentación— compre facer unha análise honrada do papel da Igrexa en Galiza "que sirva para pór ao descuberto moitos descoñecementos e preconceltos establecidos". Ou como di Anselmo López Carreira no seu artigo, compre "deixar de lado a simplificación maniqueísta" á hora de ver e valorar o papel da Igrexa e a relixión na historia galega.

Se houbo unha utilización opresora do poder eclesiástico para esmagar aos pobres e defender aos poderosos, tamén houbo e hai unha realidade liberadora na dinámica da fe cristiá, que segue a mover a "bos e xenerosos", unha verdadeira espiritualidade cristiá que ten máis forza liberadora que ningún oportunismo político. ♦

OPINIÓ

A VOLTAS CO VELLO TEMA DO LAICISMO

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Volvo dunhas semanas fóra de Galiza e atópome en ANT simultaneamente co último artigo meu (29-VII-99) e con varios escritos sobre o tema do laicismo ("A aldeia global" 12-VIII-99), algún cunha directa e respectuosa alusión persoal. A ocasión é puntual e actual (unha procesión e a anual oferta ao Apóstolo), casos nos que poderíamos compartir o rexeitamento total ou parcial da actuación pública, pero entre liñas ou máis claramente remiten a vellos problemas expostos con vellos razoamentos, aínda que unha miñiga remozados e actualizados. Agora xa se concede ós "pobriños" dos crentes ó "dereito" a unha crenza persoal privada, por aquilo de "cada loco con su tema", ou "cada qual coa súa manfa", que cantaba Serrat na versión brasileira dunha das súas coñecidas cantigas. Xa se sabe que modernamente está "probado" que iso das crenzas relixiosas son puras fantasías individuais ou alucinacións colectivas, unha ilusión, unha "neurose obsesiva infantil" sen porvir, que dixo don Sexismundo Freud. Pretendidamente, fronte ás fantasías relixiosas estaría o valor incontrovertible da razón e a ciencia; o "imperialismo da ciencia", que dicía un colega profesor de filosofía nun Instituto, que sabía moi pouco de por onde fa hoxe o pensamento científico.

Isto dame ocasión para afirmar, de novo, en primeiro lugar a vana ilusión da pretensión xurdida nas mentes decimonónicas laicistas -que non en tódalas mentes laicas lexitimamente secularizadas-, e alentada logo no presente século, de que o advenimento da apoteose científico-técnica fa acabar coa idea de Deus e coa relixión, e instaurar un mundo perfecto baseada na definitiva idade da deusa Razón. Nin a razón e a ciencia semella que acaban coa relixión -sempre rexurdindo das presuntas cinzas-, nin estas conseguiron instaurar un mundo perfecto, que segue a ser, coma nos tempos da denuncia de don Carlos Marx, "un mundo sen corazón", onde a relixión segue a ter que poñer un pouco de alma.

E quero afirmar tamén o dereito dos cristiáns a superar a redución da súa fe ó ámbito privado, no que quereira agachala certa mentalidade moderna liberal ou unha esquerda requena, para manifestar o dereito á pretensión pública desta fe e a súa ex-



O presidente do Celtic Horacio Gómez coloca unha camiseta celeste ante o patrón de Vigo.

presión relixiosa. Compre precisar que esta pretensión pública non se refire precisamente ao vello maridaxe Igrexa-Estado,

que moitos denostamos hoxe coma onte, convencidos que o feito de que a Igrexa caera "nos brazos de Constantino", con pa-

labras de Curros, fíxolle máis mal que ben á fe cristiá, aínda que iso supuxera bautizar e inscribir oficialmente na Igrexa a toda a sociedade. A pretensión pública da fe cristiá que defendemos non ten que ver con estados ou partidos confesionais, nin con converterse de novo, coma outrora, nunha poderosa presenza social con poder coercitivo sobre a xente, senón en ser unha mediación liberadora, "non solum, sed etiam" (non a única, pero tamén). Somos conscientes de que para iso terá que superar moitas vellas pexas; pero sen caer en proselitismos alienantes, terá dereito a estar presente non só nos seus ámbitos propios (comunidades, parroquias...), senón tamén na sociedade e na escola (cousa aparte será a de ver como é esa presenza nas aulas...).

Tamén nos soa a manido o argumento de que existen cristiáns progresistas e seguidores da Teoloxía da Liberación. Non sei se quen o di sabe moi ben onde, pero -ao parecer- aquí, en Galiza ou no Estado Español, non. Semella que se reproduce a vella afirmación de que "ninguén é profeta na súa terra"; aínda que sexa certo que hoxe andamos escasos de profetas, sobre todo no noso Primeiro Mundo, do contrarío berrariamos máis forte contra a melrande das inxustizas, que é a que exerce o Norte sobre o Sur. E, por certo, a reflexión da Teoloxía da Liberación, está nas antípodas da redución desta ó ámbito privado, e busca precisamente unha incidencia pública e un compromiso sociopolítico transformador da realidade.

Deixémonos dos tópicos mil veces repetidos e busquemos un diálogo sincero, sobre todo arredor do que podemos construír xuntos, pero tamén buscando ámbitos de encontro que nos abran á novidade. Non tódolos crentes de hoxe temos a cabeza ancorada no pasado, podemos ser tan lúcidos coma o máis avisado e moderno agnóstico, sen necesidade de renunciar á nosa crenza. Máis aínda, sen necesidade de ser rixidamente dogmáticos, a riqueza do pensamento teolóxico nas últimas décadas danos pe para pensar que a nosa crenza mesmo pode engadirmos máis lucidez e amplitude ó razoamento e ó coñecemento científico-técnico que xa compartimos cos agnósticos/ateos. ♦



OPINIÓN

A RELIXIÓN MÁIS ALÓ DO CIRCO DOS MASS MEDIA

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Máis aló do Xacobeo, da maridaxe Igrexa-Estado conservador-confesional e pouco democrático, ou da rixida Igrexa que reprime a identidade nacional, a liberdade cultural e sexual, etc. o cristianismo tamén existe; a *Igrexa como comunidade de cristiáns* tamén existe, non se reduce a esas formas caducas e deplorables. E existe para facer algo bo, para axudar a construír unha sociedade máis xusta e fraterna, máis pacífica e verdadeiramente humana; para axudar a construír uns seres humanos mellores, máis auténticos; mulleres e homes cos pes na terra, na lama de cada día, pero tamén capaces de voar moi alto e de ir moi ao fondo de si mesmos e moi ao fondo da realidade, sen quedar na tona, na superficialidade alienante e estupidizante.

Estamos de acordo en criticar procesións que reforzan plantexamentos reaccionarios, Xacobeos que desvirtúan o verdadeiro sentido do ano xubilar, presidentes de clubes de fútbol que pensan que van gañar a liga, a copa, a recopa ou o campionato do mundo se contan co particular, inxusto e indecente apoio dun deus, que non pode ser máis que un ídolo, e non o Deus que ama apaixonadamente a todos os seus fillos e a toda a realidade, que respeta as leis dun mundo que non pode estar constantemente "axustando" como un reloxeiro malo...

“Onde aparece neses médios a realidade duns cristiáns que seguen a estar, hoxe coma onte, entre as instancias máis irreductibelmente críticas dunha sociedade que marxina aos máis febles?”

Se o que isto fala desde estas páxinas non abonda máis nas críticas a actuacións de nostábeis da alta xerarquía da Igrexa, ou de curas e laicos, é porque xa se di abondo nos *media*. Estas críticas, máis aló da información honrada, son a “comidilla folclórico-relixiosa” da meirande parte dos medios de comunicación; o único que semella existir para eles da realidade dos crenches é o ridículo. Onde aparece neses médios a realidade duns cristiáns que seguen a estar, hoxe coma onte, entre as instancias máis irreductibelmente críticas dunha sociedade que marxina aos máis febles? É inútil, ás veces, que se lles mande escritos falando de *Somos Igrexa* ou da *Romaxe de Crentes Galegos*, do movemento de *Irimia*, etc. Iso non se publica, ou faise en ridículas noticiñas, porque interesa pouco, non ten morbo, non alimenta o circo deses *mass media*, porque non poden ridiculizar doadamente esa realidade; como ocorre cos lios de tal cura con tal pa-

tróquia, da febre de canonizacións, de declaracións dun bispo pintoresco, ou se condón si ou non.

Por favor, un respeito. A relixión non é necesariamente ese cachondeo en que se viu convertida desde fóra e desde dentro; demasiadas veces polas mesmas igrexas e os seus dirixentes, por inxenuidade, ignorancia, ou escuros intereses de poder. To-

dos os crenches non somos ou fanáticos irracionais —que habelos hainos...— ou pobriños inxenuos, enganados, utilizados por escuras forzas opresoras que moven os fiíos —que habelos hainos...—

Como teño escrito noutro lugar, relixión e nacionalismo teñen sido —xuntas e por separado— as dúas forzas máis perigosas na historia da humanidade, as máis violentas e destrutoras; por causa delas houbo guerras, asasinatos, tortura, violencia, discriminación, inxustiza, opresión... morte. Pero relixión e nacionalismo téñense manifestado tamén como as forzas máis xenerosas, máis mobilizadores e creativos, individual e colectivamente... como foron e son a paixón do amor, da xustiza e da liberdade... Velas esta a realidade de Dom Helder Cámara, “o bispo dos pobres” que acaba de morrer, e que forma parte dunha honrosa lista, na que compre sumar prela-

dos como Oscar Romero, Leónidas Proaño, Samuel Ruiz, Pedro Casaldáliga, bastantes curas e un sinnúmero de militantes cristiáns de base.

Mais aló das opcións crenches ou non crenches que cada un pode ter, resulta evidente —só un cego pode negalo— que a relixión ten sido, e vai seguir sendo, creadora de cultura, de beleza, de harmonía, de moral sana, de comunión... comunión cos que temos cada día á nosa beira, e comunión co alén, co Mistério con maiúscula —Deus é unha palabra para expresar o Misterio— ou misterio con minúscula —toda a realidade que nos sobrepasa e que non podemos abranguer. As formas da relixión, e a mesma reflexión sobre a fe relixiosa foron cambiando e evolucionando na historia; deberán cambiar e cambiarán aínda moito máis no futuro, pero dudo que poidan desaparecer endexamais. ♦

Xosé Lois



OPINIÓN

NACIONALISMO E GALEGUISMO EN FERROL

Unha das sorpresas máis chamativas saídas das últimas eleccións municipais, foi o feito de que a españoisíma cidade de Ferrol, onde din que falan o castelán "mejor que en Valladolid", chegara a ter un alcalde nacionalista-galeguista. Non sobra a precisión do término que seguiu ao guiño, pois até hai uns anos esta cidade chamábase El Ferrol del Caudillo; e é ben coñecido que Francisco Franco, o individuo que se facia alcumar de tal xeito e que ten nunha praza desta urbe a estatua ecuestre máis grande da península, e por tanto a máis grande do mundo... foi precisamente o caudillo dos nacionalistas españois. Para algúns, o bon do Xaime Bello e o BNG ferrolán virían ser algo así coma un meteorito ou corpo extraño caído nunha cidade patrimonial da Marina española, dunha burguesía españolista e, se acaso tamén, dos bazaneiros obreiros da UGT e o PSOE, CC OO e o PCE... que -faltaría máis- falan o español con igual corrección que a burguesía, e descoñecerían -no centro como nos bairros- o galego, por ser algo innecesario, que di o alcalde da Coruña. Pero, son as cousas realmente así? Somos tan bichos raros os que falamos galego nesta cidade? É realmente o galego unha moda de agora, ausente outrora da vida da capital de ultramar?

É algo ben coñecido que a historia de Ferrolterra é rica en persoeiros ilustres; algúns deles coñecidos non só na cidade e na bisbarra, senón en toda Galiza, e alén das nosas fronteiras. Desde Concepción Arenal a Gonzalo Torrente Ballester, pasando por outros persoeiros tan coñecidos como Pablo Iglesias e José Canalejas, e o señor que ten unha estatua subido a un cabalo (Cf. *Ferroláns* de Guillermo Llorca). Pero é posíbel que non sexa tan coñecido o feito de que na longa lista de ferroláns ilustres haxa unha chea de nomes que, nos máis diversos campos, manifestaron un compromiso coa Galiza, a súa lingua e a súa cultura, de carácter máis ou menos claramente galeguista.

No eido sociopolítico están: Xosé Fontenla Leal (1864-1919), que foi un dos impulsores da creación da Real Academia Galega e do Hino Galego, alén do mar; Rodrigo Sanz (1872-1939), xefe da Liga Galega, un dos fundadores de *Solidaridade Galega* e promotor das *Irmandades da Fala*; Manuel Sánchez Hermida e Euxenio Charlón, tamén das *Irmandades da Fala*, promotores do *Coro Toxos e Froles*, e autores de populares obras teatrais en galego, nas que -como comenta Carvalho Calero na súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea*- "non perden ocasión de frostregar a desgaleguización dos galegos"; Manuel Comellas (1853-1925), pedagogo renovador, xornalista e autor dramático en galego; Xaime Quintanilla (1839-1936), o alcalde mártir que escribiu obras en galego; Eliseo Ruiz de Cortázar, "Cuco" (1931-1978), un cura comprometido cos obreiros e o movemento viciñal, como outros curas da bisbarra comprometidos co galeguismo e cos traballadores (Cf. o meu libro *Galegos e cristiáns*), sen esquecer ao que foi bispo da diocese entre 1970-1985, Miguel Anxo Araújo, que publicou nos anos 70 unha memorábel pastoral para a galeguización da liturxia e a catequese (*A fe cristiá ante a cuestión da lingua galega*).

Entre os artistas, ademais dos esgrávos pintores galegos Álvarez de Sotomayor e Pérez Villamil, compre salientar a: Imeldo Corral (1899-1976), pintor que Manuel Antón chamou "poeta da nosa terra"; Emiliano Balás (1859-1934), pintor e poeta, membro das *Irmandades da Fala* e correspondente da Real Academia Galega; e o inesquecible Camilo Díaz Balloño (1889-1936), pintor, cartelista e cenógrafo, deseñador da bandeira das *Irmandades da Fala*, mártir galeguista e pai de Isaac Díaz Pardo.

En fin, tamén entre os escritores en galego houbo ferroláns egrexios. Algúns menos coñecidos, coma o poeta Alberto Camino Sigüet (1820-1861), que Carvalho Calero calificou de "claro precursor de Rosalía" que "ocupa un lugar moi destacado entre os precursores do renacemento literario galego"; Xosé López de la Vega (1825-1888) médico e poeta bohemio, outro dos pre-

VICTORINO
PÉREZ PRIETO

Desgrazadamente tan só nun par de parroquias da cidade se celebra a misa en galego habitualmente. A pesar de ter sido Ferrolterra o berce dun forte movemento de curas pola galeguización da Igrexa nos anos 70 e 80"



Ricardo Carvalho Calero cando mozo e Ernesto Guerra da Cal con Blanco Amor.

cursores da literatura galega; Benito Vicetto (1824-1878), historiador de ampla produción e outro dos precursores de Rexurdimento; Aurélio Ribalta (1864-1940), coñecido militante galeguista e escritor en prosa e en verso; Francisco Cabo Pastor (1872-1973), outro médico e poeta, que foi unha figura importante de Solidaridade Galega e tesoureiro das *Irmandades da Fala* de Ferrol; Xoaquín Arévalo (1882-1939), poeta e dramaturgo en galego, xornalista e fundador de varias publicacións da cidade; Dictionio del Castillo (1906-1987), poeta louvado por Otero Pedrayo; e o laureado poeta popular Xosé M^a Pérez Parallé (1909-1987) autor de libros de poemas en galego e de numerosas letras de cantigas, ademais do máis coñecido *Esconxuro da Queimada*.

En fin, outros abondo coñecidos, como Ernesto Guerra da Cal (1911-1977) escritor e traballador incansábel na difusión da literatura galego-portuguesa; e Ricardo Carvalho Calero (1910-1990), o máis egrexio escritor comprometido co galego que deu esta cidade, membro do Seminario de Estudos Galegos, do Partido Galeguista, da Real Academia Galega... e prolífico ensaista, ade-



mais dun grande poeta, novelista e dramaturgo...

É por iso que tampouco non é un "meteorito extraño" caído en Ferrol, o feito de celebrar neste mes de Outubro na cidade un dos actos de "Galegos de por vida". Organizado polo Biénio Irmandiño, nel crentes e non crentes, profesionais, escritores e clérigos, rubrican ante notario que, xa que viven en galego, escriben en galego, rezan en galego, etc. queren tamén "morir en galego", ser enterrados "en galego ou en silencio". Desgrazadamente tan só nun par de parroquias da cidade se celebra a misa en galego habitualmente. A pesar de ter sido Ferrolterra o berce dun forte movemento de curas que traballaron ardeamente pola galeguización da Igrexa nos anos 70 e 80: o equipo *Boa Nova*. Tamén a esta cidade pertence un dos núcleos que fundaron as únicas revistas integramente en galego da Igrexa de Galiza: *Encrucillada* e *Irimia*, que perviven despois de máis de vinte anos a primeira, e case outros tantos a segunda.

Quen di que en Ferrol non falan máis que o español? ♦

Dille Berce ao Inimigo

Novoneira

Non só do Courel a Compostela, desde todos os puntos do país a capital que nos representa confluirán persoas e corazóns para homenaxear ao veterano poeta. A saga de Uxío Novoneira deixa un ronsel claro e desde hai uns anos hai o firme desexo de reconecer nesa pegada lírica unha parte do noso ser colectivo. Ten Uxío gardado na súa casa santiaguesa un cilindro de pedra, tirado dunha prospección feita na súa montaña montana. "Corazón de Galiza", di con orgullo cando o amosa ás visitas. Ese corazón é o que todo o mundo reconece na súa voz, unha das máis fermosas que nos toca ouvir desbullando, lentos, lentos, os seus versos:

Hai uns anos debateuse sobre pais e fillos na lírica do país. Houbo quen desenfocou a

cuestión pretendendo enfrontar sectores que estaban na mesma trincheira. A obra de Novoneira, a súa propia traxectoria vital, é coherente coa mellor intención anovadora e de vangarda que se tensa na leitura da súa obra en expansión e segue sendo un modelo de referencia, se é que os hai en literatura.

A cita de Compostela convértese daquela en algo máis que recoñecemento individual. Biografías que padeceron o espantoso silencio da longa noite de pedra, a imposibilidade de etguer unha obra que conversa-se cos seus compatriotas en liberdade, o secuestro real da poesía por un réxime de fascismo, reabíllanse tamén para a xente nova. O sábado, e sempre, Novoneira en Compostela. ♦

UN NOVO CONCÍLIO ECUMÉNICO?

VICTORINO PÉREZ PRIETO

O pasado 23 de Outubro remataba a II Asemblea do Sínodo dos Bispos para Europa, que se desenvolveu en Roma entre o 1 e o 23 de Outubro pasado co tema "Xesus Cristo vivo na súa Igrexa, fonte de esperanza para Europa". Pese ao rotundo da afirmación, non semella que fose un encontro moi xerador dunha esperanza nova, a dicir dos analistas que o seguiron de preto.

Non é nada novo dicir que a Igrexa non ten hoxe, na secularizada Europa de fin de milénio, a presenza que tivo noutrora. E, con toda seguridade, a culpa desta atonía non a ten a aínda engaiolante figura e mensaxe de Xesus Cristo, ben viva e presente no mundo actual, senón unha institución que debe renovarse en algo máis que nas formas exteriores.

Os vaticanólogos sinalaron que esta nova edición do Sínodo (encontro dos bispos e algúns invitados co Papa) nen sequer suscitou grandes expectativas non só nos medios de comunicación, senón na mesma Igrexa, que foi o evento con bastante ceticismo. Unha actitude apoiada na experiencia dos sínodos anteriores, nos que se silenciou o máis rico do que se expuxo na aula sinodal (Cf. Antonio Pelayo na revista católica española *Vida Nueva*). O Papa pediu a Europa que non cedese ao desalento e que fundamentara a súa aposta de futuro ante o novo milénio na "sólida certeza da Palabra de Deus".

■ **A ARELA DUN NOVO CONCÍLIO ECUMÉNICO.** O máis chamativo do Sínodo foron as verbas que pronunciou na aula sinodal o Cardeal Martini, arcebispo de Milán e repetidamente *papabile* (candidato a Papa) nos últimos anos, aínda que é moi improbable que saia polo seu progresismo e a súa idade avanzada.

O reputado prelado progresista dixo na aula sinodal que, como lle acontecera a Martin Luther King, el tamén "tivo un soño" a prol dunha Igrexa verdadeiramente renovada e renovadora, ilusionada... e veu pedir un novo Concilio Ecuménico, corenta anos despois do anterior, un Concilio que causou un verdadeiro impacto mundial e deixou unha forte pegada na Igrexa: "Que fermoso e útil sería, nunha Igrexa cada vez máis diversificada nas súas linguaxes, repetir aquela experiencia de comunión... do Vaticano II". Ao pesar de que en Italia e a tiveron un grande impacto as súas palabras, entre nós só se fixeron eco delas as revistas especializadas.

Esta arela valentemente feita pública polo vello cardeal é un clamor manifestado desde hai anos, e que se deixa escoitar cada vez con máis forza nos círculos católicos progresistas. Con todo, tería que ser un Concilio no que os leigos tivesen moita máis participación, voz e voto, do que se lles permitiu até agora.

■ **O FORO ALTERNATIVO DE "SOMOS IGREXA".** Se as palabras do vello cardeal non tiveron moito eco acá, tampouco tiveron nen o máis mínimo nos medios de comunicación deste país as palabras contestatarias que un grupo de leigos fixeron ouvir fora da aula do Vaticano. Vese que nesta España que "ou andan cunha vela detrás dos curas, ou andan a paus con eles", como xa dicía Unamuno, os temas de Igrexa interesánelles pouco aos medios. En troques, en Italia, na mesa redonda que tiveron en Roma, perto do Vaticano, participaron 35 periodistas de destacados medios; varias cadenas de TV e rádio (como a BBC), axencias de prensa (Reuters,



O Movemento Somos Igrexa activo presente en Roma.

Associated Press, KNA) e prestixiosas publicacións como *Newsweek*, *The Tablet*, *National Catholic Reporter*, *Los Angeles Times*, *New York Times*, periodistas alemáns, holandeses, latinoamericanos, etc.

Tratábase do Movemento Internacional *Somos Igrexa* -do que se ten falado xa nestas páxinas: Querían reivindicar, máis unha vez, que os leigos e "curas rasos" son tan Igrexa coma os outros xerarcas vaticanos. Fixeron entre o 7 e o 10 de Outubro o seu particular *Foro* en Santa Severa ao Norte de Roma: *Foro europeo de cristiáns e cristiáns* ou *Foro Europeo de Católicos*.

Nel participaron 120 persoas de 11 países europeos; aínda que tamén xente dos Estados Unidos e de varios países latinoamericanos se uniron a este labor. O traballo das súas sesións resumírono nun particular *Credo*.

"Tería que ser un Concilio no que os leigos tiveran moita máis participación, voz e voto, do que se lles permitiu até agora"

O 9 de Outubro pola mañá celebraron unha "Litúrxia política" diante da portada da igrexa de Santo Ignazio en Roma. "Nas vésperas dunha ordenación presbiteral que se la celebrará nesa igrexa -comentaron- e co fin de que na nosa Igrexa se poña fin ás estruturas que exclúen a tantas persoas da mesa eucarística (divorciados/as que volven casar, ir-

máns/as cristiáns non católicos, persoas en desacordo coa doutrina moral do Maxisterio da Igrexa....), ou que fan imposible a celebración eucarística en milleiros de comunidades pola falla de sacerdotes ordenados, dado o feito de que só se ordenan varóns célibes".

■ **FORO RELIXIÓN E CULTURA NA GALIZA, SOBRE O FEMINISMO.** Non foi só en Roma onde se manifestou este berro das mulleres na Igrexa. Tamén aquí, na Galiza, foi expresado no XIV *Foro Relixión e Cultura en Galiza*, organizado pola revista *Encrucillada*, este ano co tema "O desafío do feminismo á Igrexa". Nel tiveron os relatos a teóloga portuguesa Teresa Martinho Toldy (profesora de Ética na Universidade do Porto) que falou de "A teoloxía feminista hoxe", e Elfriede Hart, alemá-colombiana, socióloga e responsábel do Movemento Internacional *Somos Igrexa*, que falou con palabras serenas e incisivas a un tempo de "A situación das mulleres na Igrexa". Ambas denunciaron a "minoría de idade" das mulleres na Igrexa, sobre todo no aspecto de negarlle o acceso ao ministerio ordenado (poder ser curas).

Ademais, tres mulleres do movemento de *Mulleres Cristiás Galegas* compartiron coa asemblea a súa vivencia da espiritualidade. As profesoras Carme Leirós (Universidade de Santiago), Maite Pérez (Instituto de Poio) e M^a Pilar Wirtz (monxa da CONFERR-G) falárono do contido que lle dan á súa espiritualidade, da súa particular visión de Deus como mulleres, e tamén as dificultades e apoios que atopan para vivir a súa espiritualidade; unha espiritualidade que quer ser "integradora de toda a propia vida".

Quen di que na Igrexa non se move nada? Será, máis ben, que non se coñece abondo a súa realidade, ou só a tona, que é o único que destacan topicamente os medios de comunicación?♦

AS CERAMICAS DO
CASTRO E AS DE
SARGADELOS
ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O
LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA
E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGANDINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NÓSOS RECURSOS

NADAL: EMMANUEL OU MAMMON?

VITORINO PÉREZ PRIETO

Estes días o Nadal vai marcar a vida de grande parte do mundo, sobre todo do mundo occidental. E vaino facer como unha fermosa celebración para algúns, como unha grande mentira para moitos.

Os primeiros, celebrarán a tenrura de Deus; "unha chuvia de tenrura", dixo alguén. Será celebrar o Emmanuel ("Deus conosco"); un Deus que non ven ameazante, senón vestido da came sinxela e fráxil dun neno, para gozo dos pobres, e de todos os que se suman humildemente ao seu cortexo —crentes ou non crentes— para construír un mundo máis xusto e fraterno.

Os segundos celebrarán a Mammón, o deus dos cartos, do derroche, do consumo desenfrenado, que ten que ver ben pouco coa sinxeleza de Belén. Ou a Moloch, ídolo que precisa que lle sacrifiquen milleiros de pobres para poder subsistir. Como é sabido, é imposible manter o nivel de consumo do Primeiro Mundo (en gasto de enerxía, en esgotamento de recursos, en contaminación e degradación da Natureza...) se non é a custa da pobreza do Terceiro. O Mundo non dá para igualar a todos polo raseiro dos señoritos europeos ou norteamericanos.

Os fillos do Nadal-Mammón esixirán que se poñan —non un día, ou unha semana, senón un mes antes!— miles de bombiliñas polas ruas, porque senón "non semella que estemos no Nadal". Para os pobres, abundarán con pequenos detalles, porque saben que o amor "non se merca nen se vende", nen a verdadeira luz interior chega a forza de quilovátios.

Por iso, a pesar do derroche, os ricos —en cartos, ou coa mentalidade dos ricos en cartos— dirán que o Nadal é un tempo triste; outros pensarano, aínda que non o digan por aquilo de que colectivamente "estes días son uns días felices"... Mataron a tenrura de Deus, afogárona en moreas de turrón, consumo e regalos inútiles. Por certo, por canto se terán que multiplicar para algúns as 90.000 pta. que seica vai gastar cada españolito neste Nadal, cando bastantes non gastaremos nen a terceira parte?

Con todo, máis aló do derroche consumista, as arboriñas e os pseudobeléns, arredor noso moitos celebrarán un Nadal-Emmanuel, compartindo cos máis pobres do seu bairro ou parroquia, e celebrando sinceramente a tenrura de Deus coas súas comunidades de fe. As panxoliñas, reducidas para moitos tan só a un elemento estético, recollen parte da vivencia dun Nadal-Tenrura, que a humanidade foi acumulando nestes dous mil anos de Emmanuel. Por iso, Bon Nadal! ♦

Cinema

Xoana
de Arco,
de Carl
Dreyer
a Luc Besson

Título: Xoana de Arco.

Director: Luc Besson (Franza, 1999).

Interpretes: Milla Jovovich, Dustin Hoffman, Faye Dunaway, John Malkovich.



Veño de ver a nova versión cinematográfica sobre Xoana de Arco, unha muller sobre a que xa se fixeron arredor dos corenta filmes; un récord que a aproxima ao número de películas sobre Xesús de Nazaré, o indiscutíbel number one. De comezos de século ata hoxe, a "doncela de Orleáns" protagonizou películas desde o mesmo inventor do cine Georges Méliès (*Jeanne d'Arc* 1900), ou o fastuoso Cecil B. De Mille (*Joan*

Woman 1916), ata a última actualización anterior a esta de Luc Besson, a do tamén director francés Jacques Rivette (*Jeanne la Pucelle* 1994). Entre elas, algunha que outra obra mestra como a do danés Carl Theodor Dreyer (*La Passion de Jeanne d'Arc* 1928) ou a do xenial creador galco recentemente falecido Robert Bresson (*Le procès de Jeanne d'Arc* 1962), e outras películas correctas como as dos norteamericanos Victor Fleming (*Joan of Arc* 1948) e Otto Preminger (*Saint Joan* 1957), ou a do magnífico creador italiano Roberto Rossellini (*Jeanne au bûcher* 1954). Pero tamén moitos cromos máis ou menos haxiográficos para exaltar á heroína francesa por antonomasia, tan presente na historia cinematográfica.

A *Jeanne d'Arc* de Luc Besson chegou estes días ás nosas pantallas coma unha película agardada con moita expectativa en toda Europa e Norteamérica. O neno mimado do cine do cine francés foise esta volta rodar a USA, porque só alí lle poderían financiar unha película de 60 millóns de

dólares; con preto de mil figurantes entre actores e extras, e estrelas do cinema como Dustin Hoffman, Faye Dunaway ou John Malkovich. A "doncela de Lorena" foi nesta ocasión a eslava Milla Jovovich, que xa deixou de ser doncela hai anos... actualmente é a señora do director, e fixo de prostituta nunha anterior película súa (*O quinto elemento*).

"Imprescindíbel!" dicían as carteleiras das web cinematográficas e as revistas. Pero, desde as primeiras secuencias un empeza a pensar que... "moito ruído e poucas noces". Medios aparatosos que permiten situarse con luxo de detalles na Francia dividida do século XV, tanto na na corte decadente do delfín de Francia e logo rei Carlos VII ou entre os eclesiásticos corruptos, como nas sanguiñentas batallas e asaltos ás fortalezas; miles de luxos traxes, armaduras e sofisticadas máquinas de guerra, numerosas cámaras para facer simultaneamente as tomas, efectos especiais deslumbrantes...e sangue, moito sangue. En fin, un ritmo trepidante que se vai perdendo pouco a pouco, ata facerse una película pesada.

Desgraciadamente, como non era de extrañar con semellante presupuesto, Luc Besson optou polo camiño espectacular e hollywoodiano que xa fixera Victor Fleming, e non pola fondura e autenticidade de Dreyer ou Bresson. A doncela non é tan fría como a película do creador de *Foie co vento*, pero é máis banal. Ademais, Besson achegouse a un tema presuntamente relixioso sen cheirar sequer de que fa iso. Desta maneira, resulta unha película chea de exce-

sos. Igual que o Cristo Scorsese (*The last temptation of Christ* 1988), tan psicolóxicamente feble e contradictorio como obsesionado con que tiña que morrer, a nena Xoana está diariamente tan obsesionada por confesarse e por comulgar para estar "en unión con El" ¡que chega a ir de noite profanar o caliz!; e dunha maneira tan bunda (o viño escorregándolle polas mixelas e o pescozo...) que un pensa que, a pesar de tantos asistentes, falláronlle a Besson os asesores relixiosos no guión. Os éxtases místicos da *pucelle* teñen máis de cromo efectista, que de intento honrado de captar o inexpressábel, como consegue facer Dreyer.

Claro que Dreyer é Dreyer, o creador máis xenial e honrado dos que se achegaron ao que debe ser un cinema relixioso; fíxoo sen deixarse atar por un credo relixioso, pero coa paixón dun novicio que busca aproximarse sinceramente ao misterio de Deus, cunha concepción case mística, é dicir, coa humilde de quen se sabe ante o inapreixable. Carl Dreyer manifesta na súas películas, sobre todo nesta, en *Ordet* (*A palabra*) e en *Dies irae*, o misterio do ser humano en contacto coa fe; tres filmes que, como

se ten escrito con razón, son pezas antolóxicas desde o punto de vista cinematográfico e desde o sentido da transcendencia relixiosa. Unha construción estética perfecta e suxerente, nada apoucada, artificiosa ou falsa, senón fondamente realista e honrada, como un achegamento ao misterio do home e o misterio de Deus. "Filmando escrupulosamente o que se sente", escribe o mesmo Dreyer nunhas notas persoais: o sobrenatural debe aparecer ante o espectador nas cousas máis ordinarias". En *La Passion de Jeanne d'Arc*, o mundo inapreixábel dos valores relixiosos abrocha no rostro da protagonista, sen maquillaxe, para comunicarse co espectador nunha linguaxe que non precisa nin do diálogo. Xustamente o contrario do que fai Luc Besson, cos seus falsos e ridículos "éxtases místicos".

Pero, ademais, a última película sobre a doncela de Orleáns resulta demagógica e defensiva por ser demasiado doadamente anticlerical. É certo que o tema prestábase a un anticlericalismo merecido, polas intrigas políticas que se conta que rodearon o proceso inquisitorial; pero é demasiado fácil reducir a Igrexa a prelados sebosos cheos de aneis, ou a fraudes corruptos e ambiciosos.

Ademais dunha correcta realización, a última película sobre a doncela de Orleáns ten algún que outro acerto. Como o de descalificar o presunto sentido e a presunta "gloria" da guerra, e presentala tal como é, na súa realidade descarnada, violenta e absurda.

A pesar de falar de ideais e visións relixiosas, en realidade, trátase dunha película tipicamente

postmoderna, descrida, escéptica e comercial. ¿Cal pode ser a razón de volver por enésima vez sobre unha presunta historia que ten máis de mito que de realidade, sobre todo sen facer unha revisión histórica seria? ¿Por que se cae nos mesmos tópicos de sempre, ata na mesma secuencia da "comprobación" sobre a presunta virxindade da doncela? Na película non hai o máis mínimo cuestionamento sobre a posíbel truculencia histórica da lenda da heroína francesa.

A moderna análise histórica da lenda de Xoana de Arco, apunta que seguramente non se trataba da presunta campesiña iletrada da lenda, senón dunha rebelde muller da nobreza, que precisamente por iso non foi queimada na fogueira, senón que morreu casada e de vella... aínda que puideran queimar a unha pobriña e inocente moza por escuras razóns sociopolíticas.

En fin, outra volta, "bruaron os montes... e pariron un rato"; ou o que é o mesmo, para semellante viaxe non facía falla tantas alforxas (60 millóns \$!!). ♦

VICTORINO PÉREZ PRIETO

DOCEXVINTEDOUS

Rosa Aneiros e Xurxo Chapela:
a narrativa para o lector de hoxe.



A IGREXA CATÓLICA PEDE PERDÓN POLOS SEUS ABUSOS

VITORINO PÉREZ PRIETO

Tras superar os atrancos da Cúria vaticana e moitos cardeais, o 12 de Marzo, primeiro Domingo de Coresma do Xubileo 2000, o Papa pediu perdón polos abusos cometidos pola Igrexa Católica na súa historia. Na V Asemblea Plenaria do Coléxio Cardenalicio, en 1994, non se aceptara de bon grao a proposta papal de pedir perdón polos pecados cometidos pola Igrexa nos seus 2000 anos de historia; as intervencións naquela asemblea foran adversas, salvo a do cardinal Etchegaray, presidente de "Xustiza e Paz". Con todo, a cousa foi adiante.

As palabras do Pontífice estiveron marcadas nunha coidada litúrxia penitencial na basílica de San Pedro. No seu mea culpa, o Papa dixo na súa homilía: "Non podemos non recoñecer as infidelidades ao Evanxeo nas que incorreron os nosos irmáns. Pedimos perdón polas divisións producidas entre cristiáns, polo uso da violencia que algúns deles utilizaron no servizo da verdade e polas actitudes de desconfianza e hostilidade usado cara aos seguidores doutras relixións". O papa repetiu emocionado varias veces "nunca máis": "Nunca máis atentar contra a caridade no servizo da verdade... nunca máis o recurso á violencia, nunca máis discriminacións, exclusións, opresións, ferir aos pobres e aos pequenos".

■ OS SETE PECADOS POLOS QUE PEDE PERDÓN A IGREXA. A homilía do papa completouse coa petición de perdón da Igrexa, representada por sete cardeais, que querían manifestar simbolicamente as diversas áreas:

1. Pecados xerais do pasado (B. Gantin, decano do Coléxio Cardenalicio). 2. Pecados nos métodos usados no servizo da verdade (J. Ratzinger, prefecto da Congregación para a Doutrina da Fe). 3. Pecados contra a unidade dos cristiáns (R. Etchegaray). 4. Pecados contra os xudeus, "o povo da alianza" (E.I. Cassidy, presidente do Consello para a Unidade dos Cristiáns). 5. Pecados contra o respecto ás outras relixións, ao amor, a paz, e as culturas, sobre todo ás minorías, particularmente na conversión coa forza da espada que impuxo ás xentes doutras relixións e culturas (Hamao, monseñor xaponés responsábel da Pastoral dos Emigrantes). 6. Pecados contra os dereitos humanos e particularmente contra a dignidade da muller (Arinze, presidente do Consello para o Diálogo Interreligioso). 7. Pecados polos abusos contra os pobres e os marxinados (Van Thuan, monseñor vietnamita que pasou varios anos no cárcere).

Podían engadirse algúns máis, pero particularmente se bota en falta outro, no que a Igrexa podía facerse máis discípula de Francisco de Asís, Xoán da Cruz ou Teilhard de Chardin: pedir perdón por ter xustificado ao longo dos séculos o dominio indiscriminado e espoliador do seres humanos sobre a natureza, saqueada e violada de xeito inmisericorde; esquecendo que somos parte desa natureza, e que Deus nos puxo nela como coidadores, non como donos déspotas. Con todo, o xesto papal alegrounos a moitos;

tíña o seu valor e manifestaba unha certa audacia, pouco habitual na Igrexa, recoñecendo os seus pecados de intolerancia, inxustiza e violencia exercidas no nome do Evanxeo. Outras relixións (xudeus, musulmáns... outras confesións cristiáns) deberían tomar nota.

Pero, esta confesión papal-cardenalicia sóanos máis a un mea culpa polo pasado, cun culpábel silencio verbo do presente, aínda que Xoán Paulo II dixerá expresamente: "Confesamos as nosas responsabilidades polos males de hoxe". Así se cuestionaba desde a reflexión e os testemuños na revista relixiosa Adista; o teólogo Giulio Girardi, comentaba

agudamente: "A autocrítica, salvo algunha tímida excepción, non atinxe á Igrexa como tal, senón só a algúns dos seus fillos"; mesmo non afecta nen aos pontificados recentes nen ao actual pontificado, a pesar dos "comportamentos autoritarios e represivos" da Cúria romana no trato de teólogos e bispos progresistas.

■ O ARREPENTIMENTO AUTÉNTICO ESIXE UN VERDADEIRO PROPOSITO DE EMENDA.

Pero non abonda, unha petición de perdón non pode ser válida se non hai verdadeiro recoñecemento de todos os pecados cometidos, con fondo e sincero arrepentimento e un honrado propósito de emenda, con reparación dos danos ocasionados... como proclama a práctica penitencial da Igrexa. Como recoñecía o bispo Jacques Gaillot nunha Carta recente, "compre un acto de reparación que atestigüe ese cambio de orientación... non se pode exercer unha verdadeira reconciliación sobre a base do simple esquecemento".

É aí onde lle atopamos os máis grosos peros a esta declaración da Igrexa. En que se vai manifestar realmente esa petición de perdón por parte da Igrexa? Van cambiar en algo as súas posturas autoritarias, intolerantes e perseguidoras de calquer crítica dentro da Igrexa, da discriminación da muller e dos que son diferentes... ou dun ecumenismo requeno que só agarda a que os irmáns separados volvan a seu redil, ou nun estar máis cos poderosos que cos pobres, aínda que moitas veces defendera a estes?

Resultan ben expresivas para rematar unhas verbas do profético bispo francés: "Pedir perdón polo non respecto da dignidade das mulleres está ben, pero que fai hoxe a Igrexa para facer desaparecer a discriminación da que son obxecto as mulleres? Pedir perdón polas ofensas aos pobres e marxinados está ben, pero o que conta hoxe é ver á Igrexa poñerse a carón deles e cuestionar o poder dos poderosos. Pedir perdón polas exclusións feitas ao longo dos séculos está ben, ¿pero que fai a Igrexa hoxe sobre o sufrimento dos divorciados voltos a casar e excluídos da eucaristía, os curas casados excluídos do ministerio, os teólogos excluídos do ensino...? Xoán Paulo II lanzou unha vibrante chamada aos cristiáns, repetindo nunca máis... Oxalá que esta chamada do Papa se traduza en prácticas de liberación na vida da Igrexa... En conversión dos corazóns... das leis e das tradicións que continúan a ferir e excluír". ♦

Máis aló dunha Igrexa galega en castelán

La Coruña, el Depor e a Igrexa

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Unha adiviña doada para empezar: "¿Sabe vostede cales son as tres institucións galegas que máis resistencia presentan ao proceso de normalización do galego? Moi doado: O concello de "La" Coruña, "El" Deportivo campión da liga, e... a Igrexa". Tres tristes compañeiros de viaxe. Aínda que compre non esquecer que nisto, como en todo, as xeralizacións sempre son inxustas. Fronte ao desvergonzado alcalde castelanista da Coruña, hai moitos coruñeses galeguistas ou que non están contra o galego; e fronte ao orgullo españolista de "Y digo Deportivo, vamos a ganar este partido", hai egrerxios xogadores do Depor normalizadores do galego. Tamén, fronte a unhas altas e baixas xerarquías eclesiais ancoradas nunha diglosia reticente e pecaudenta, hai un importante sector da Igrexa galega (leigos e clérigos) que leva moitos anos na primeira liña da normalización do galego, porque a Igrexa (=pobo de Deus) é moito máis que os seus altos mandos.

Unha grande maioría de crentes é receptiva ao uso do galego na liturxia.



Os sociólogos Daniel L. Muñoz e Bernardo G. Cendán fixeron nestes dous últimos anos un novo traballo verbo de cuestión do galego na Igrexa, que verá a luz recentemente, publicado polo Consello da Cultura Galega. Pero saíu xa do prelo hai uns meses un librito publicado pola Asociación Irimia (*A Palabra fai camiño*) no que López Muñoz fai unha reflexión desde as conclusións deste estudo, que se complementa cunha escolma comentada de textos relixiosos galegos elaborada por Xesús Ferro Ruibal. Ambos xa publicaran anteriormente *O idioma de Igrexa en Galicia* (1989) e *A Igrexa e a lingua galega* (1987), respectivamente.

O traballo de López Muñoz leva un título ben expresivo: "A comunidade desapalabrada. Aproximación ás claves dunha Igrexa galega en castelán". Fala alí de que a radiografía da lingua que usa a Igrexa galega é "unha historia do noso mellor surrealismo". En efecto, trátase de tentar explicar "por que razón nun país cun idioma propio falado en maior ou menor medida por máis dun 80% das súas xentes e entendido por un 97,1%; un idioma que todos e todas, en coro unánime, intelectuais e bispos, políticos e sindicalistas, labregos e catedráticos, declaran que é un patrimonio de preciso valor... Pero que está absolutamente ausente nun 70% das misas que a Igrexa celebra nese país e non é empregado nunca por un 86% dos seus párrocos".

Para que o cadro resulte máis absurdo, compre engadir que a sociedade galega manifestábase maioritariamente crente, a Igrexa está profundamente enraizada nas

Hai razóns para a esperanza nunha Igrexa galega que se vaia indentificando máis e máis realmente coa lingua e a cultura do pobo ao que pertence.

súas bases tradicionais, e os seus "clientes" máis fieis falan maioritariamente galego. O perfil do crente galego maioritario é: muller, madura, de extracción rural e galegofalante. Máis aínda, o estudo citado manifesta que a maioría dos fieis queren a liturxia en galego, contrariamente ao manifestado moitas veces polos seus curas de que non celebran en galego porque a xente non o quere.

Con todo, segue a ocorrer que aínda que só unha minoría rexista o galego na liturxia, fronte a unha maioría receptiva que o acepta de bo grao, é a opinión desa minoría belixerante a que decide, porque a maioría non se manifesta activamente esixindo o cambio. Traspoñendo á situación social existente, representa a correspondencia entre unha maioría que defende pasivamente a propia identidade galega e unha minoría galeguista que a defende activamente.

Daniel López Muñoz apunta como explicación desta *receptividade pasiva* da maioría, o papel do valor simbólico da lingua; o grupo dos máis acérrimos defensores do galego está máis escotado na Galiza actual cara a posicións progresistas, que son reticentes coa Igrexa e o seu papel na sociedade galega.

■ SEGUIDORES DUN XESÚS QUE APOSTOU POLOS FEBLES. Ademais do cadro surrealista apuntado, a un cristián galego cómprelle ter sempre presente que se o galego é sobre todo a lingua única dos máis febles desta terra, e a mesma lingua está nunha situación de debilidade, o cristianismo

ten a súa orixe nun Xesús e nunha comunidade que apostaron desde o comezo polos febles, aínda que a súa historia dera moitas voltas e a Igrexa teña no seu haber moitas contradicións.

O pouco avance na implantación do galego na liturxia da Igrexa nos últimos trinta anos semella aprendernos que calquera esforzo neste campo sexa como petar en ferro frío. Como ten escrito Chao Rego, a loita pola implantación do galego na liturxia é "unha loita agónica" (con toda a riqueza que este concepto ten en Unamuno...). Pero isto tampouco é alleo a todo o esforzo de normalización que se fai na sociedade galega, cunha lingua nunha situación verdadeiramente alarmante, sobre todo tendo en conta as xeracións novas.

Pero, como poñía unha pegatina de Irimia hai anos, "Eu aposto pola vida e falo galego". O/a cristián é un home e unha muller que aposta radicalmente pola vida cada día, porque a orixe do cristianismo é a fe no Resucitado que vence a morte. O cristián é un home e unha muller esperanzados no triunfo do Reino de Deus, que se abre camiño nun mundo de opresión e morte.

Ademais, hai razóns para a esperanza nunha Igrexa galega que se vaia indentificando máis e máis realmente coa lingua e a cultura do pobo ao que pertence. Non medrou moito o número de parroquias e comunidades nas que o galego estea total ou só parcialmente normalizado, pero fóronse dando valiosos pasos nos últimos anos. Por unha banda, o progresi-

vo desbloqueo (polo menos público...) das altas xerarquías da Igrexa ante a celebración en galego dos ministros. Mesmo hai un tímido apoio institucional, manifestado nalgúns textos de bispos como Miguel-Anxo Araújo (bispo emérito de Mondoñedo-Ferrol), Xosé Diéguez (bispo de Tui-Vigo) ou Xosé Gómez (bispo de Lugo). Por outra, xa non resulta conflictivo rezar e misar en galego, tanto para os que o facemos desde hai vinte anos (mesmo nos núcleos urbanos), como para as parroquias que inician timidamente a súa práctica. Hai tamén unha reflexión teolóxica moi elaborada a favor desta práctica; estudos coma os citados, e publicacións como as de Torres Queiruga, Chao Rego, Xosé Antón Miñíguez, ou eu mesmo.

Tamén compre ter presente a elaboración e publicación, en edicións moi dignas, dos materiais en galego para a oración (libros de oración e reflexión, unha excelente edición da Biblia e do Breviario para os curas, frades e monxas...) e a liturxia (Misal, Leccionarios para a Misa, Rituais dos sacramentos, unha copiosa produción autóctona de cantos litúrxicos galegos...). Ben é certo que non tivo pouco que ver nisto a axuda económica da Xunta de Galicia, como ocorre co libro galego en xeral.

Cómpre sermos críticos, pero non choromiqueros. O laio e as bágoas son boas se, ademais do necesario desafogo, non nos paralizan senón que son capaces de manifestar unha caraxe que lance cara adiante, regando froitos de victoria. ♦

O PRESIDENTE U.S.A. E A RELIXIÓN

VITORINO PÉREZ PRIETO

Os norteamericanos, que desde as últimas eleccións presidenciais deben andar xa contando polos dedos por desconfiar dos medios electrónicos, teñen fama de ser homes e mulleres moi relixiosos; máis aínda, hiper-relixiosos. E, como todo o excesivo, isto é malo. Como son hiper-relixiosos, calquera predicador farfullán de seguida atopa adeptos; desde os borrachuzas que estamos afeitos a ver nas películas do oeste, ata os traxeados e reaccionarios telepredicadores, aos que todas as barbaridades que poidan dicir se dan por boas, mentres non cuestionen o "american way of life", ou se lles cunha muller que non sexa a súa honorable señora, nai dos seus honorabilísimos fillos. Seica na aduana, unha das cousas máis importantes que che preguntan ao entrar no país é cal é a túa relixión; pois se non tes ningunha, ou non es de calquera das mil e unha confesións "cristiás" existentes, non é ben visto.

Dito o dito, é evidente que o novo presidente, para acadar os votos da maioría, ten que ser tamén unha persoa "moi relixiosa". É así parece cos aínda candidatos; Deus e a relixión estiveron tan presentes na campaña electoral norteamericana coma no Irán dos aiatolás. Xa o presidente saínte, o miñaxoia do Clinton, debeu facer confesión pública do seu "horrendo pecado" ("no war for Monica" berraban os negros masacrados en África...!) ante unha nutrida congregación relixiosa, para non ser defenestrado prematuramente da Casa Branca.

O republicano-conservador George W. Bush, afeito a firmar sentencias de morte cada mañá mentres molla os donuts no café, proclamaba cínicamente en cada mitin o seu "amor compasivo", mentres pregaba que era unha persoa fondamente relixiosa, e defendía a pena de morte baseado na Biblia. "O meu filósofo favorito é Xesús Cristo e a Biblia é o meu libro de cabeceira", seica dicía este home que se declara cristián metodista practicante, ardentemente defendido polo telepredicador Pat Robertson e o reverendo Jerry Falwell, líderes da ultra-dereitista "Coalición Cristiá". Bush mesmo chegou a pedir perdón (electoral...) por ter asistido a un acto nunha racista e anticatólica universidade de Carolina do Sur, que prohibe as parellas interracials e predica que o catolicismo é un culto satánico.

Pola súa banda, o democrata-progresista Al Gore declárase tamén fervente cristián baptista, e fa aos actos relixiosos acompañado... de fotografías e cámaras de televisión. Seica dicía a cotío nos seus mitins: "Pregúntome que é o que faría Xesús ante determinada situación". El sabe que nos EE UU os ataques por temas "relixiosos" son máis protagonistas na carreira electoral que a mellora da educación, a xeralización da asistencia sanitaria, os dereitos dos indixentes, o negocio da guerra, ou a política exterior imperialista que afoga aos países máis pobres do planeta.

E un, que se declara humilde aprendiz de discípulo de Xesús de Nazaré, non pode menos que dicir: Perdóaos, Señor, porque non saben o que din nin o que fan, e utilizan blasfemamente o teu nome. Xa falaba hai moitos anos Castelao dun crego chamado Solla, "que era moi bo e moi cren-te", que lle dicía: "Ti pon moito coidado en que ninguén queira facer xustiza contra ti en nome de Deus. ¡Non hai home máis ruín que aquel que pretende facer xustiza en nome de Deus!" (Cadernos). ♦

organizacions pemicas
que celebrará o seu
travestido

proximas eleccións a
nuei Soto aspiran a f

diereito a autodetern
o Estatuto "abandon
afirman querer ser p

OS CHOURIZOS DE GESCARTERA E OS DIÑEIROS DA IGREXA

VICTORINO PÉREZ PRIETO

"Non podedes servir a Deus e máis ao dinero", dixo Xesus de Nazaré aos seus seguidores (Mt 6,24). Pero, tras dous mil anos de historia, gran parte da Igrexa pretende casar a Deus e ao diñeiro. Os bispos españois repiten que a institución eclesial é "unha Igrexa pobre ao servizo dos pobres". Pero... veu o escándalo de Gescartera, que implicou a diversas institucións públicas e á mesma Igrexa Católica (esta con case dous mil millóns investidos).

Vários veciños/as meus preguntáronme que era iso, comprendendo que se desapareceron miles de millóns, debía ser algo moi gordo. E así era; "Gescartera Dinero-AV", empresa criada para manexar diñeiro de outros e poñelo a producir, investindo sobre todo en Bolsa, "esfumara" 18.000 millóns que uns incautos puxeran nas suas mans. A intervención da Comisión Nacional do Mercado de Valores nesta sociedade puxo freo a un enorme pozo económico, onde semellaban nadar a corrupción, a estafa e o estrago coma nun magno sumidoiro.

Várias dióceses, institucións eclesiais e congregacións relixiosas perderon o seu diñeiro investido. Entre as dióceses salienta a de Valladolid, que seica chegou a investir preto de mil millóns, pero puido sacalos case todos hai dous anos, e "só" perdeu 25 millóns. A nosa veciña diocese de Astorga non investira tanto (tería menos aforrado...), pero uns din que perdeu 200 millóns e outros que "só" foron 50... Entre as institucións estafadas están algunhas tan significativas como Mans Unidas e o Instituto Español de Misiones Eranxeiras (IEME, non o DOMUND; din que puido perder 200 millóns). E entre as congregacións salientan as agustinas, que perderon 465 millóns; xunto con salesianos e agustinos, que perderon máis de cen millóns cada un (segundo "Vida Nueva").

A Igrexa non
pode ter unha
visión da
rendibilidade
económica coma
calquera outra
empresa, se non
quere renunciar
ao Evanxeo

Certamente, a Igrexa ten dereito a investir como mellor pense os seus aforros para que non se deprécien e poidan ser máis útiles. O arcebispo de Valladolid dixo hai uns días na revista relixiosa da que tomei os datos anteriores: "A Igrexa española xa non pode vivir de rendas".

Pero a Igrexa non pode ter unha visión da rendibilidade económica coma calquera outra empresa, se non quere renunciar ao Evanxeo: "Non podedes servir a Deus e máis ao diñeiro". Como poden acumular tantos millóns dióceses e congregacións relixiosas con voto de pobreza? Como viven o principio do solidario compartir dos seus excedentes? Pode que non sexan especuladores, pero si unha miga egoístas avaros e, desde logo, uns paspáns. Escándalos coma este e outros nos que andou metida, manifestan ás claras as "malas compañías" nas que anda moitas veces a Igrexa. Para mostra un botón: un xornalista relixioso comentoume estes días que unha congregación relixiosa que perdeu agora varios centos de millóns, xa perdera outros tantos en 1994 no escándalo de Javier de la Rosa e Grand Tibidabo! Lémbrese que o tal señor foi a prisión por desfalco e estafa...

O Mestre Nazareno dixera con razón: "Non amoreedes tesouros na terra onde a traza e maila ferruxe acaban con eles, e os ladróns asaltan as casas para roubalos. Amoreade tesouros no ceo, onde non hai traza nen ferruxe que acaben con eles, nen ladróns que asalten e os rouben". Engadiu "onde está o teu tesouro está o teu corazón" (Mt 6 19-21). Certamente, parte da Igrexa non ten o seu tesouro nen en bancos nen en especuladores, senón ao servizo dos pobres; moitas parroquias e bastantes curas sobreviven austeramente cun moi exíguo presuposto. Pero non acontece así con todas e todos. E cando na Igrexa algo cheira a podre, cómprelle recoñecelo, se pretende seguir sendo crible. ♦